


# ARDENTÍA

Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial - Nº3 - 9 €



## UN MAR DE MEMORIAS

O Barco da Memoria. Eduardo Blanco Amor, fotógrafo do mar.  
Crónica do VII Encontro...



# ARDENTÍA



Pintura de Ernesto Goday

un mar de memorias



## SUMARIO

- Páx. 3 *Atalaia*  
Luís Rei
- Páx. 4 *O barco da memoria*  
Dionísio Pereira
- Páx. 10 *Blanco-Amor, fotógrafo do mar*  
Etnográfico Mascato
- Páx. 17 *Auga e Fotografía.*  
Carlos Lema
- Páx. 19 *Historia de vida, historia debida*  
Manuel P. Rúa
- Páx. 24 *Bolinando para socializar o patrimonio marítimo e fluvial.*  
*Crónica do VII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia*  
Francisco Fernández Rei
- Páx. 31 *O barrio mariñeiro de San Tomé do Mar. O urbanismo na 1ª metade do século XX*  
Martina Betanzos
- Páx. 35 *Construccións marítimas da primeira industrialización.*  
*Da salga á conserva. Do legado patrimonial a novos usos en activación*  
Toni García
- Páx. 41 *Toponimia marítima e fluvial desde o Miño a Panxón: "Fillo de fías ao pe de cabo de vicos, mar de prajetas" e outros mil catrocentos hidrónimos*  
Roberto Rodríguez Álvarez / Xosé Lois Vilar Pedreira
- Páx. 55 *Pesqueiras do mar: As cambôas de Carreço*  
Ivone Baptista de Magalhães/ Joao Paulo Baptista
- Páx. 60 *Os barqueiros de Cela*  
Orlando Viveiro Veiga
- Páx. 63 *O Ulla, río de "patifas" e "baleiros"*  
Emilio Xosé Ínsua
- Páx. 74 *"O novenario", a anguña comunitaria do lago de Carucedo (O Bierzo)*  
Onofre Sabaté
- Páx. 76 *Staffan Mörling, o sueco de Beluso que dignificou os barcos dos pobres*  
Francisco Fernández Rei
- Páx. 80 *Letras na almadraba: "Axúdate" e "A illa milagreira" de Manuel Lugo Freire*
- Páx. 85 *Sino de proa: Un veleiro incansábel: "Derrota e singraduras do Joaquín Vieta" de Xosé Agrelo Hermo*  
Exil  
*A riqueza da lingua popular e mariñeira:*  
*"Unha maré de palabras (Contribución ao léxico do Morrazo)" Varios autores*  
Exil  
*Manda o peixe: "Follas do bacallau" de Xabier Paz.*  
Lino Prieto
- Páx. 90 *Pintores do Mar: Ernesto Goday*  
X. A. Pillado Silvoso
- Páx. 95 *Colectivos membros da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF)*
- Páx. 96 *Obituario*

Ardentía nº 3. Xuño 2006

Enderezo postal: Centro socio-cultural "A Mercedes". Avda. da Coruña s/n. 36630 Cambados. Pontevedra

Edita: Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.// fgcmfgalicia@mixmail.com

Dirección: Luís Rei

Consello de redacción: Francisco Fernández Rei, Ivone Baptista, Emilio X. Ínsua López e Dionísio Pereira.

Deseño e maquetación: Xabier Camba

Logos: Goday, Xaquín Lourenzo e Ramón Díaz

Imprime: Gráficas Salnés

Patrocinan: Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

Agradecimentos: Ramón Díaz, Hércules de Edicións, Editorial Galaxia, Editorial A Nosa Terra

Prohibida a reprodución sen o consentimento dos autores

Dep. Legal: PO-295/04

I.S.S.N. 1699-3128

PORTADA: No *Norita*, 1929. Eduardo Blanco Amor

## NOVA XUNTA DIRECTIVA DA FGCMF:

Presidente: Fernando Piñeiro

Vicepresidente 1º: Francisco Fernández Rei

Vicepresidente 2º: João Paulo Moreira Baptista

Secretario: Uxío Allo García

Tesoureiro: Javier Moraña (Javucho)

Vocais: Manuel Alonso (Bacalhao)

Arturo Loureiro

Oswaldo Dávila





Por riba da natureza. Foto: Eduardo Blanco-Amor

# ATALAIA

Luís Rei

*Un mar de memorias.*

Chega *Ardentía* ao porto dunha nova entrega acompañando a singradura dun ano de traballos e aventuras da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial. E iso é, por vocación, esta revista: unha bitácora das travesías en que se embarcan os amantes da cultura do mar e dos ríos. Por iso este ano, no que se cumpren o 75 aniversario da proclamación da Segunda República española, o 70 da aprobación plebiscitaria do primeiro Estatuto de Autonomía galego e o 70 tamén do golpe de estado protagonizado polo xeneral Franco, de tan funestas consecuencias, manda a memoria.

Porque este ano “toca” rachar co esquecemento e o silencio sobre un alzamento militar, unha guerra e unha represiva postguerra que tronzaron numerosas vidas e proxectos. É hora de restituír a xusta memoria de persoas que perderon a vida, a

liberdade ou a facenda, simplemente por ser axentes activos da sociedade que lles tocou vivir. O proxecto do “Barco da Memoria”, que recolle e difunde, a través dunha embarcación recuperada, historias de represaliados do mundo do mar honra ás persoas e institucións que o promoven. A Federación e non poucos dos seus colectivos están a traballar vigorosamente para facer realidade ese proxecto e *Ardentía* non podía nin quería renunciar ao seu quiñón de esforzo.

Outras memorias dos tempos idos aparecen nesta *Ardentía*: a do urbanismo dos bairros mariñeiros, a das edificacións ribeireñas da nosa primeira industrialización, a das cambôas do portugués mar de Carreço, a do veleiro “Joaquín Vieta”... Memorias de pedras e barcos que nos falan dos traballos e a vida nas ribeiras. Tamén a auga doce dos ríos e lagoas gardan memorias instrutivas e emotivas que aquí se contan, como a das *patifas* e *baleiros* do Ulla, os barqueiros de Cela ou os pescadores de anguías no berciano lago de Carucedo.

Igual que tentamos escoitar as augas e as pedras para obter o testemuño aleccionador das memorias que agochan, tamén debemos facer o esforzo de escoitarmos as palabras, os xiros da linguaxe mariñeira, os nomes dos lugares e dos accidentes xeográficos costeiros, porque foron criados para nos transmitir valiosas informacións e para revelarnos, ao seu xeito, un anaco do pasado comunal. Así o poñen de manifesto o estudo da talasotoponimia desde o Miño a Panxón ou a recensión do volume *Un mar de palabras* que incluimos neste número.

E despois están as memorias singulares, a das grandes personalidades e a das persoas anónimas. Recoilemos aquí as fotografías do mar feitas polo literato Eduardo Blanco Amor e dous contos de temática mariñeira de Manuel LUGRÍS Freire, autor obxecto de recoñecemento no Día das Letras Galegas deste ano. Tamén inserimos unha entrevista a Alicia Rodríguez, unha veterana mariscadora do Morrazo, e acompañamos a Staffan MÖRLING, mestre de todos os que gostamos das embarcacións tradicionais, na merecida homenaxe recentemente recibida e na presentación do seu último libro. A experiencia de Xavier Paz na pesca do bacallao tamén asoma, recensionada, nas páxinas desta nova *Ardentía*, ao igual que o trazo pictórico, impregnado de salitre e marusía, de Ernesto Goday.

Memorias singulares non só polo carácter individual de cada unha destas persoas, senón tamén, e sobre todo, polo peculiar de cada xeito de ollaren, viviren e transmitiren a presenza do mar, creando nova cultura marítima.



Proa do Hidria Segundo. O Barco da Memoria

*...Na noite, vo-los tres fuxitivos.  
Fuxitivos do medo na dorna escorregante,  
danzando e embestindo contra o medo..."*

("Ós líderes mariñeiros que fuxiron na dorna  
e morreron no Atlántico, lonxe do terror".

Xosé Luís Méndez Ferrín)

Neste 2006 en curso cúmprese o 70 aniversario do golpe militar que a partir do 18 de Xullo de 1936 tinxiu de sangue o país, malia que por estes pagos non houbera propiamente confrontacións militares. Daquela, a beiramar galega sofreu de maneira desmedida as represalias que os franquistas cometeron contra persoas e colectivos que, na etapa republicana, pretenderon mudar a ruín condición dos obreiros, dos labregos pobres e dos mariñeiros.

Os traballadores do mar contaron durante a IIª República cunha forte organización, a "Federación Regional de Industria Pesquera", integrada na CNT, que reuniu a máis de 17.000 mariñeiros e peixeiras distribuídos por 46 portos; unha Federación que meteu en vereda á Patronal pesqueira e conserveira habituada a impor a súa vontade e a facerse obedecer sen dar un chío<sup>1</sup>. Tras a intervención dos militares, algúns patróns tomaron cumprida revancha armando e instigando ao asasinato, á tortura e á aldraxe máis infame. Quizais en poucos sitios como no Morrazo, Bouzas, Panxón ou Teis, ficou tan ás claras a "xustiza de clase" que boa parte da Patronal aplicou aos dirixentes dos extintos sindicatos

mariñeiros da CNT ou influídos polo Partido Comunista, que tantos crebadizos de cabeza lles deran na República. Aínda hoxe causa arrepío nas Rías Baixas escoitar os nomes do Tenente "Rabioso", do nazi alemán Bruno Sveiger posto ao servizo da *Falange* de Marín, ou dalgúns apelidos de coñecidas familias de conserveiros, salgazoneiros ou navieiros.

Dentro das actividades que a Consellería de Cultura da Xunta de Galiza vai desenvolver co gallo deste "Ano da Memoria" (2006), coa vista posta na homenaxe ás vítimas e no coñecemento das funestas consecuencias que carrexou a represión franquista ao conxunto do país, hai unha que ten por único escenario o mundo do mar. Neste verán, dende o 17 de Xullo ate o 8 de Setembro, unha Exposición itinerante sobre o asañamento dos fascistas contra o tecido societario urdido polos traballadores do mar vai percorrer 18 portos do noso litoral, cun degoro divulgativo e unha presentación asequible ao gran público. E se o contido é novidoso, non o é menos o "continente": os paneis explicativos irán no interior da adega dunha das embarcacións máis emblemáticas do noso patrimonio marítimo, alugada pola devandita Consellería para a ocasión. O vapor "Hidria", vello alxibe que foi do porto de Vigo, hoxe totalmente rehabilitado por unha empresa radicada no Grove para actividades de turismo náutico, converterase por unhas semanas no "Barco da Memoria" que recupere lembranzas asolagadas polo medo e transporte novas arelas de liberdade e igualdade, dende a Ría de Vigo ate o Golfo Ártabro.

1.- Cf. PEREIRA, D. (2005): *Foulas e Ronseis. Retrincos para un Tratado do Mar dos Galegos*, Edicións Positivas, Santiago.



Vexamos algúns trazos dese cargamento.

## Os mártires do mar


No litoral, a persecución mortal dos falanxistas asañouse sobre todo cos militantes dos sindicatos de pescadores e de industria pesqueira máis característicos. Nas vilas e cidades da nosa beiramar, máis de 120 cadros mariñeiros anarcosindicalistas foron sacrificados a partir de Agosto de 1936 e testemuñan, tanto o pasado poderío da fenecida Federación, como a xenreira que as actividades dos sindicatos en Celeiro, O Barqueiro, Cariño, Mugar dos, Sada, A Coruña, Porto do Son, Cangas, Marín, Moaña, Vigo-Bouzas, Panxón, Aldán, Baiona, O Grove, Cambados, etc., xeraron nas "forzas vivas" dos respectivos portos de pesca.

Ademais, nas Rías Baixas o mar foi tamén foxa común: en Cangas, Moaña, Bueu ou Vilagarcía, barcos de pesca alugados para a ocasión a fabricantes e arma-



Falanxistas de Baiona, autores da matanza da Volta dos Nove, en Vigo nos primeiros días tras o golpe militar

dores ou motoras de paseo postas a disposición por señoritos de Casino, transportaron os sindicalistas mariñeiros tras ser asasinados, para logo fondealos na ría atados aos grillóns de torrar peixe nas fábricas de conserva, ou a pandullos do balo. Algúns, caso dos coñecidos militantes da sociedade "La Fraternidad Marinera" moañesa, os irmáns Eugenio e Manuel Canelas, José Paz Pena e Cándido Giráldez, asasinados polos falanxistas de Marín e logo guindados ao mar dende o pesqueiro "Ave sin Puerto", non apareceron máis. E na veciña vila de Cangas, o mar tan só devolveu cinco dos once homes masacrados en Angueiro o 28 de Agosto de 1936 e logo mergullados na ría<sup>2</sup>. Do acontecido en Bueu, temos o testemuño de Antón Patiño:



"Evasión". Debuxo de Castelao en "Atila en Galiza"



José Paz Pena

2.- Ver X. M. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ e X. C. VILLAVARDE ROMÁN, (1999): *Moaña nos anos vermellos. Conflictividade social y política nun concello agrario e mariñeiro (1930-1937)*, Edición do Castro, Sada. Así mesmo, ver SANTOS CASTROVIEJO, I. e NORES SOLIÑO, A. (2005): *Historia de Cangas 1900-1936. Unha ribeira de pescadores*, Ed. A Nosa Terra, Vigo. Tamén Causa 1212-36 Vigo.



"O fío dos mortos de Meiro, Beluso, Bon e Cela remataba no mar noite tras noite (...). Os xefes dos matachíns subían os homes esposados por parella a unha lancha (...). Á luz da lúa e das estrelas, a travesía quedaba detida no medio da ría. Uns certos disparos desfechados na caluga acababan entre insultos coa vida dos homes (...). Os seus corpos asasinados guindábanos ao mar (...) e, coa mesma auga da ría, lavaban o sangue que os martirizados deixaban na táboas da lancha.

Mais antes de abandonalos tomaban sempre o coidado de recollerlles os grillóns para poder aproveitálos na próxima condución (...)"<sup>3</sup>.

Precisamente neste porto de Bueu, disque unha daquelas embarcacións de sinistros cometidos tomou por mal nome "La Funeraria" e despois da guerra ninguén quixo embarcar nela.

Un dos episodios máis sanguentos tras o golpe de Xullo de 1936 foi o que aconteceu perto de Baiona, na Enseada da Bombardeira, coñecida dende aquela como a Volta dos Nove: para vingarse da morte dun falanxista cando perseguía dous fuxidos en Sabarís, os seus "camaradas" desprazáronse o 15 de Outubro de 1936 á cadea de Vigo e elixiron nove homes, a maioría mariñeiros de Panxón e Baiona, que meteron nunha camioneta. Xa era noite cando chegaron á Bombardeira, e alí un a un fóronos matando. Os pescadores que regresaban a porto deron a noticia. Pero o máis emocionante foi que este terrible acontecemento seguiu vivo entre a



Francisco Lijó, un dos mariñeiros asasinados na "Volta dos Nove"



Monumento en homenaxe aos asasinados na Volta dos Nove, promovido polo Instituto de Estudos Miñoranos e realizado de balde por Fernando Casás. A fotografía é de [www.simboloxico.com](http://www.simboloxico.com)

veciñanza ata os anos 50 ou 60 do século pasado, pois durante todo este tempo aparecerían día a día nove cruces gravadas na terra, na curva onde caeran os corpos sen vida.

Outro suceso estarrecedor foi o dos asasinatos que tiveron lugar na primavera de 1937 no bou "Eva", amarrado no peirao do Berbés, en Vigo. Pero deixemos que sexa Rafael Dieste, amigo dos curmáns de Castela sacrificados naquela moura xornada e rianxeiro coma eles, quen conte a historia:

"Veu nos xornais a notiza, enxota e breve. Na madrugada do 23 de abril foron sacados d'un bou, disposto para zarpar de Vigo, os cadáveres de nove homes e unha muller moza (...). Aqueles nove homes e aquela moza, casada de pouco tempo con un d'eles, tiñanse ocultado no bou para fuxir, despois de moitos meses de esquivaren a teimosa persecución feixista. Eran de distintos partidos. Foron delatados -din os xornales- por un tripulante. Os feixistas arrimaron un barco alxibe do porto e asolagaron a bodega do bou. Pri-

3.- Cf. A. PATIÑO REGUEIRA (2005): *Memoria de Ferro*, Ed. A Nosa Terra, Vigo





Os tres irmáns Alejandro, José e Silvano Núñez Pazó, mariñeiros de Cangas sacrificados os dous primeiros en Anguieiro, mentres que Silvano foi asasinado na fronte de guerra cando tentaba desertar ao bando republicano

*meiro con auga fría. Despois con auga fervente. Os acosados non saían... Ouvíronse uns disparos... O mozo recién casado chamábase Nogueira. Dos outros nomes sábense dous que alongaron o noso estremecimento, e acurtaron de súpeto a distancia -xa brevísima- entre o noso esprito i a traxedia: Manuel Rodríguez Castelao; José Losada Castelao; curmáns d'Alfonso... dous dos rapaces máis puros da nosa terra (...)"*<sup>4</sup>

Nas Rías do Norte, a represión estivo vencellada en moitas ocasións ás fugas argalladas por antigos afiliados aos sindicatos mariñeiros, que actuaron na clandestinidade a partir do verán de 1936. Tal aconteceu en Cariño, onde tras a saída dunha vintena de membros do "Sindicato de Industria Pesquera" (CNT) no bonito "Arkale", os falanxistas vingáronse fusilando contra os muros do ferrolán Castelo de San Felipe a 11 homes da vila, correndo o mes de setembro daquel mal



Muralla do Castelo de San Felipe, nos arrabaldos de Ferrol; alí se fusilou a moitos antifranquistas



ano. Tamén na Coruña os mariñeiros outrora integrados na agrupación libertaria "El Despertar Marítimo" foron quen de levar a cabo durante a Guerra Civil cando menos 18 fugas por mar con rumbo á costa francesa ou asturiana. Aínda que a maioría delas acadaron o seu obxectivo, o fracaso dalgúns evasións levou de seu tráficas consecuencias; eis a frustrada o 3 de Marzo de 1937 na contorna do Portiño e do Monte San Pedro, nos arrabaldos da capital herculina. Daquela, estiveron implicados un cento de persoas que, ao seren descubertas, fuxiron monte arriba ou a nado, co resultado de 28 detidos e varios desaparecidos. Meses despois, 19 dos apresados aquel día serían fusilados no recinto militar de Punta Herminia, perto da Torre de Hércules.



Comezos de Xuño de 1937: a prensa francesa recolle a entrada do bou coruñés "Constante Veiga", asaltado por mariñeiros do Despertar Marítimo", no porto de Brest

4.- Cf. DIESTE, R.: "Unha morte lanzal", *Nova Galiza*, Barcelona, 15/6/1937.



O Buque "Hidria Segundo" - *O barco da memoria*"Antonio Chaves del Río,  
Patrón Maior do Pósito de Cambados,  
asasinado polos falanxistas en Curro (Barro)

## Unha proposta plural e integradora

Presidida pola impactante obra do pintor vigués Federico Ribas "Galicia quedou sen mariñeiros", a Exposición pretende incentivar a realización de actividades en torno ao barco, de maneira que a poboación poda visualizar a realidade da represión do franquismo no mundo do mar. Deste xeito, e sen distinción de idearios ou compromisos políticos, concellos de diversas localidades da beiramar, a carón de asociacións culturais, clubs náuticos, colectivos a prol da recuperación da memoria, sen esquecer algunhas Confrarías e agrupacións mariñeiras, andan a preparar xornadas de debate, presentación de publicacións, proxección de audiovisuais e, sobre todo, homenaxes ás vítimas da barbarie fraticida. Particularmente

emotiva será a rehabilitación do que foi Patrón Maior do Pósito de Cambados, Antonio Chaves del Río, asasinado en Curro (Barro) nos primeiros días do golpe militar, promovida pola propia Confraría de Pescadores da vila arousá e o Colectivo "Mascato". Como impactante se presenta, así mesmo, a proposta de xira marítima que están a organizar varios colectivos da

Ría do Ferrol para divulgar o sacrificio de tantos mariñeiros e cabos da Armada leais á República, nos combates acontecidos no Arsenal da cidade departamental logo do alzamento faccioso.

Como ramo da morea de actividades en perspectiva, no debalo do verán preténdese levar a cabo un sentido recoñecemento aos mártires do mar por parte dos propios mariñeiros e da cidadanía en xeral. A homenaxe

consistirá nun roteiro pola Ría de Vigo a bordo dunha flota de embarcacións de pesca e acuicultura, deportivas e tradicionais, encabezada polo "Hidria" ateiado de familiares e achegados dos represaliados. Percorreremos aqueles lugares, tal que o mar da Guía, o mar de Domaio e o mar de San Simón, onde

ficaron por sempre aqueles sindicalistas de Cangas e Moaña, para renovar o noso compromiso cos valores solidarios que aquelas persoas sustentaron, mentres a buguina do "Hidria" teima en crebar a brétema do esquecemento.

Eis a singradura que quereríamos deixar anotada no libro de a bordo do "Barco da Memoria".



Pósito de Cambados, anos 30



# CALENDARIO DO BARCO DA MEMORIA

## Xullo

17, 18, 19 Cambados

21, 22, 23 Moaña. Día 22 Homenaxe nacional aos represaliados e represaliadas organizado pola Consellería de Cultura en San Simón.

24, 25, 26 Baiona

27, 28, 29 Marín

30, 31 O Grove

## Agosto

1 Agosto, O Grove

2, 3, 4 A Illa de Arousa

5, 6 Rianxo

7, 8 Cabo de Cruz

9 Ribeira

10, 11 Portosín

12, 13 Muros

14 (travesía), 15, 16, 17, 18 A Coruña

19, 20, 21 Mugardos

22, 23, 24 Ferrol

25 (travesía)

26 (sábado). Homenaxe nacional da xente de mar aos mariñeiros asasinados e desaparecidos.

Roteiro Ría de Vigo: saída de Cangas, A Guía, San Simón, Domaio, Cangas.

27, 28 Cangas

29, 30, 31 Raxó

## Setembro

1, 2, 3, Vigo

4, 5, 6, Vilagarcía





# BLANCO AMOR, FOTÓGRAFO DO MAR



O mar das viaxes

Fotografías: Eduardo Blanco Amor

Texto: Etnográfico Mascato

© fotografías Editorial Galaxia

¿Quen lle ía dicir a un galego de terra adentro, auriense por máis señas, que a súa vida ía ter tanto a ver co mar? ¿Soñaría algunha vez quen se autotildou "escritor de secano" que do salitre aspirado e das horas a bordo habíanlle saír tanto verso inspirado e tanto artigo maxistral?

Eduardo Blanco Amor (1897-1979), criado ás beiras do Pai Miño, navegou polos océanos Atlántico e Pacífico en diversas ocasións, abrindo así un insospeitado mundo de vivencias, sensacións e recordos que pasaron logo aos seus textos e que orientaron algunhas das producións fotográficas que aquí se reproducen, xentilmente cedidas pola Editorial Galaxia, quen vén de editalas recentemente na súa "Biblioteca Blanco Amor", da man de Carlos Lema, facendo parte do volume *A ollada do desexo. Obra fotográfica 1993-1973*.



No *Norita*, Baiona, 1929







Campamento da YMCA, Arxentina, fins dos anos 20



No *Norita*, Baiona, 1929

O primeiro mar que andou o autor de *A esmorga* foi o da misérrima emigración, en camarote de terceira, prófugo e sen papeis. Veu logo, despois de travesías inocuas en lagos e ríos arxentinos durante os campamentos da YMCA, o regreso provisorio á Península en Outubro de 1928, no ventre dun vapor da Lloyd alemá chamado "Werra", co carné de correspondente do prestixioso diario *La Nación* no peto e moi axiña, en xaneiro de 1929, a marabillosa experiencia do pesqueiro "Norita".

Levado polo seu amigo Camilo Nartallo, Blanco Amor embarca nese buque de Baiona para andar á sardiña durante seis días ás ordes do patrón Xoaquín P. Nartallo, *O Puto*, na compañía de dous *chós*, Tiño e Pepiño, e rodeado de tripulantes de potentes alcumes: *Manchiñas*, *Bachinanga*, *O Perón*, *O Glorioso*, *O Americano*, *O Marimónides*, *O Labios*, *O Cachuzo*, *O Maricallas*... Tal aventura, recollida nas crónicas que publicou en *La Nación* en marzo e abril de 1929 baixo o título de "Seis días en el mar" e "Escenas de pesca en la costa galaico-portuguesa", foi, en palabras de Francisco Rodríguez, "unha das suas experiencias emocionais máis fortes e produtivas para a súa arte".

Eduardo non só inmortalizaría estes seus compañeiros de travesía coa súa cámara "Voigtländer", mais tamén coa pluma e o verso dolorido en *Poema en catro tempos* (1931), volume escrito ao coñecer a nova do pasamento en naufraxio de varios deles. O mesmo estudoso antes citado asevera, a este respecto, que "o mar, como grandeza do criado, como espectáculo, como sensorialidade, como epopeia e como traballo, como vida cotidiana e como traxédia, como fonte de vida e lecer e como morte, ten a súa máxima representación no *Poema en catro tempos*".




Como a auga que flúe



A Guarda, 1958

De regreso á Arxentina no "Wesser", en marzo de 1929, Blanco Amor cruza de novo o "charco" e pouco demora en descubrir, como bálsamo para moitas batallas e ataques que se libran arredor súa na colectividade galega emigrada, as praias do país charrúa, na outra beira do Prata. En Pocitos, en Piriápolis, Eduardo pasea, nada, flirtea, descansa..., como lle acontece, por outra banda, ao protagonista da inconclusa *A escadeira de Jacob*: "Navegou pola podremia atoldada do Río de la Plata. A romaría das boias luminosas, facendo estrada veneciana ás beiras da canle do grande estuario, sostíñalle o interese contra as bordas [...] A vista do mar limpo afrouxoulle un pouco os nervios".





Noia, 1958



Illas Cíes e Illa de Toralla

En marzo de 1933, o autor de *Os biosbardos* emprende unha nova travesía oceánica, con destino a Vigo, a bordo do mesmo "Highland Princess" que anos máis tarde serviría de atalaia para que o exiliado Luís Seoane puidese fitar de perto a costa galega. Vén para ver morrer a nai, para polemizar co Partido Galeguista, para coñecer e intimar con García Lorca, para prendarse da figura política de Manuel Azaña... e tamén para revisitar a Baiona do "Norita", para mandar á revista madrileña *Ciudad* as súas "Glosas del mar gallego", para pasear pola praia de Gandarío e quedar varado nun banco de area no medio da ría de Sada, camiño da romaría dos Caneiros de Betanzos, na compañía do seu amigo e correligionario Ramón Suárez Picallo. En decembro de 1935 regresa a Bos Aires no mesmo vapor "Massilia" que pouco despois enchería as súas cubertas de republicanos españois camiño do exilio...





Muros, 1963



Xuntanza

No verán de 1945, Eduardo participa nunha excursión polo delta do río Paraná, organizada pola "Federación de Sociedades Galegas", que se realiza a bordo de catro vapores: "San Fernando", "Ambrossini", "Totini" e "Sarmiento". E despois, por fin, o Pacífico á vista e navegado. Desde Valparaíso escribe para as crónicas que conforman o seu *Chile a la vista* (1951): "Atardecía cuando llegamos al último cornisón telúrico. El mar Pacífico estaba allá abajo, como un inmenso pecho azul, cuyo ritmo respiratorio se advertía desde aquella altitud más lento, más hondo y potente que el de los otros mares que conozco".





Á beira da ría de Vigo, anos 50

A finais dos 40, Blanco Amor embarca con pescadores chilenos de peixe espada ou albacora dos portos da rexión de Antofagasta: Tocopilla, Iquique, Arica... E logo percorre durante seis días "estrechos y canales", entre Punta Arenas e Puerto Montt, no vapor "Magallanes" da Escola Naval militar chilena, pasando medo a esgalla porque "estuvimos dieciocho horas sin movernos del sitio, a pesar de que la máquina hacía cuanto sabía, batidos por un furioso viento de proa, con olas como montañas, con el barco vacío y dando unos *guatazos* que yo sentía en toda mi capacidad de miedo, heredada de unas dos mil generaciones"...

O obxectivo fotográfico e a máquina de escribir deixan testemuño de tantas vivencias salitrosas deste Blanco Amor que agora ama e entende a vida do mariñeiro e que penetra na psicoloxía e personalidade das vilas portuarias e costeiras da Galiza á que regresa nos anos 60 (Muros, A Guarda...). E como complemento a esta ollada oceánica, o río, a auga fluínte que marca a súa infancia miñota e que aparece, alén das fotografías, en poderosa descrición na inacabada novela *Morte do Mi Padre*, resgatada e editada no seu día por Carlos Laíño: "(...) daquela aínda non entendía eu por que lle terían que chamar raia seca tendo o río Barxa por medio, endebén na estiaxe quedaba libre, en regueiro e pozancas onde cantaban as arráns e bulían os cágados e a tona verde, os barqueiros ían e viñan, que lle chamá-bamos diste modo a uns bichiños, liviáns e xogaríns coasi armados que camiñaban, con oito pés, apousados encol






Noia, 1958



das augas, vogando ás estrepediñas sin se afundir, coasi fíos sin as penetrar, ¡os barqueiros, estantíos na auga, ulindo as augas, tépedos nas augas quedas do vrau! No inverno baixaban ruxindo por fontiñas e enchendo a canle de banda a banda até se espallar de primeiras solermo e entrando polos regos das viñas i enchoupando os lameiros. E tamén polas tronadas do vrau, que de sutaque baixaba acochoado de moito sandiós levando vides, salgueiros..., que se ollaban pasar as grandes vidueiras, coa follaxe a voltas, ripando polo cachón das augas, arrincadas polas enxurradas, coas grandes raiceiras ao ar [...]"



## AUGA E FOTOGRAFÍA

Carlos Lema<sup>1</sup>

### *Aboiar*

A auga é coma a fotografía, absorbe a luz, reflicte, e sempre evoca unha perda. Meu pai colocaba na cámara escura un cartón sensible á luz, levantaba a tapa de latón que tiña escrita a palabra KODAK dentro dun círculo en relevo, facía unha exposición breve, sacaba o cartón do seu interior e deixábao ó sol. Pouco e pouco, a imaxe xurdía da superficie branca do papel, que se ía manchando conforme os límites das figuras e dos obxectos eran máis nidios e perfectos. A cámara pertencera ó meu avó e, ó non dispormos de fixador, tal como se formaban, as imaxes volvían desaparecer logo duns minutos pero, antes, tamén ós poucos, perdían aquela firmeza que conquistaran, esvaíase a sólida sensación do real que quedara apreixada nelas, desaparecían as cousas igual ca viñeran, sen explicación.

Esa presenza instantánea é a esencia da fotografía, unha esencia que está marcada polo fugaz do momento do que xorde. A fotografía conserva a memoria nunha imaxe e ó mesmo tempo obriga a quen a contempla a enfrontarse á ausencia do fotografado. A tona

da auga tamén é sensible á luz e devolve a imaxe de todo o que se debruzza nela, a auga flúe pero o reflexo permanece. Ámbalas dúas, auga e fotografía, son metáforas do paso do tempo, vencéllannos con algues, cun lugar onde esa imaxe xa non existe, co fluír permanente do que endexamais é o que foi.

Auga e fotografía son movementos do tempo. Aboiar na auga é non estar nunca no mesmo sitio, contemplar unha foto é estar sempre noutro sitio.

### *Mergullar*

Durante a miña infancia miraba con abraio para unha fotografía que penduraran nun recanto do dormitorio que fora dos meus avós e despois ocuparan os meus pais. Nela víase un neno, máis ben un rapaz duns dez ou doce anos, a carón da represa dun muíño. Dunha banda, á dereita da figura para min daquela descoñecida, a auga do río corría veloz cara á ferverza, víase a espuma a xurdir na crista da represa antes de se precipitar nunha caída que permanecía oculta na foto; da outra parte, ben á vista, contemplábase a auga empozada antes de chegar ó seu destino e correr cara algu-

<sup>1</sup> Editor do libro *Eduardo Blanco Amor. A ollada do desexo. Obra fotográfica 1933-1973*.





res. O rapaz non miraba para o obxectivo da cámara, dirixía a ollada cara abaixo, nunha diagonal que se perdía na superficie da auga, alí onde esta semellaba comezar a moverse influída pola proximidade do muro que formaba a represa. (¿Ou mirábase a si mesmo na auga?) Máis que a ignorancia da identidade do retratado, o que me amolaba era non coñecer o lugar exacto no que se fixera a foto. Aquela imaxe remitíame a unha realidade que debería por visitar xa que por algo merecía aquel posto –lugar e tempo eran importantes, tamén, sen dúbida, o retratado – nun cuarto sobranceiro da casa. E o río, a represa, a auga en movemento (do repouso case absoluto á maior mobilidade, á caída), eran tanto ou máis suxestivas canto menos posibilidade había de poder velas en persoa.

Aquela foto foi para min durante moito tempo "a fotografía". Representaba un pasado descoñecido, un lugar se cadra próximo pero ignoto e un personaxe misterioso, alguén que xa non era o mesmo, alguén que se fixera vello e a quen retratara un fotógrafo que tampouco estaba presente para servir de vencello co fotografado. Anos despois, cando visitei por primeira vez a represa, tiña *en mente* a imaxe da foto; durante un bo cacho non puiden prescindir dunha sensación de acubillo e estrañeza, de sosego e de temor, coma cando un mergulla na auga e queda, alí detido, un tempo. Reconfortado por saberme no lugar tantas veces visto, angustiado porque a represa da foto e a represa onde eu estaba, sendo as mesmas, só eran parecidas. Coma nas postais turísticas, a imaxe prefigura unha realidade que non existe; a foto prescinde da contorna, nunca vai alén do encadramento, mentres que, para chegar ós lugares que un arela visitar, atravésanse outros que se cadra resultan indiferentes, mesmo aborrecibles. Para ve-lo fondo, cómpre mergullarse

## Afogar

Do mesmo xeito cá auga, que amosa todo o que ten por riba e agacha todo o que xace debaixo da súa superficie, unha foto deixa ver todo o que está nela pero oculta todo o que non forma parte da imaxe. Dous mundos xustapostos que saben da súa existencia, que comparten un mesmo


límite refulxente, unha película que se pode traspasar sempre e cando se estea disposto a experimentalo medo, medo ó descoñecido, á escuridade e á falta de aire por unha banda, e medo ó desaparecido, á luz ás veces excesiva da lembranza e ó tempo, pola outra.

Somerxerse na auga é perder unha condición para gañar outra, perder peso para obter máis lixeireza, perder unha materia autónoma, aparentemente permanente e concreta (o corpo) para formar parte doutra allea, envolvente e constantemente cambiante. Contemplar unha fotografía é expoñerse ó que foi, á ignorancia ou ó coñecemento do que pasou, á verdade (do fotógrafo) ou ó engano (do aparente), é perderse (voluntaria ou involuntariamente) no que a imaxe suxire, non

no que mostra senón no que indica ou parece indicar. Pasar do aire e da terra á auga, pasar do presente ó pasado (ou ó futuro, ó que non existiu na realidade pero *existe* na foto).


A auga, que distorsiona realidades, crea un mundo inverso e case fantasmal, símbolo dos abismos (o engado dos fondos mariños); a auga pode ser instrumento da morte, da desaparición definitiva. A fotografía, que fixa unha aparencia e reproduce o visible, o que semella real, evoca unha desaparición e por iso remite á morte. Nos dous casos, sempre hai unha perda.

Pero ámbalas dúas, auga e fotografía, conservan algo, restos do que reflectiron e reteron. Os naufraxios, as imaxes.



Chile, 1949-1950. Foto: Eduardo Blanco Amor

# HISTORIA DE VIDA, HISTORIA DEBIDA



Manuel P. Rúa

Illa de San Bartolomeu, 1914. Foto: Pacheco\*

**A**licia Rodríguez, mariscadora a pé, sabe os camiños e as historias do mar das mulleres. Hai percebeiros en Corme e Laxe, banda por banda da ría, que saben fiar moi ben o relato da súa profesión, e as historias do seu pobo, de tal xeito que non sabemos se estamos a escoitar a realidade ou asistindo á representación dun conto. A maior parte das veces con máis oficio que moitos historiadores titulados. Existe a memoria oral, unha materia prima que cultivan os nosos homes e mulleres, aqueles que como nomes propios, como persoas, non aparecen nas teses doutorais nin nos grandes ensaios por seren apenas algo máis que unha cita bibliográfica ó pé de páxina. Pero na súa experiencia está gran parte do noso capital patrimonial.

*"Eu crieime case na illa de san Bartolomeu, recordo que cando se ía á escola atravesando a Ponte dos Barreiros, chegaba o mar á casa de Valentina a do Carniceiro e tiñamos que pasar co mar de balado. Cando enchía era un sitio precioso, había que ir á illa nunha embarcación..."*

A memoria da infancia como lugar de felicidade, a recreación dos feitos moitos anos despois, é unha constante nas historias de vida, na rememoración que facemos cando nos sulgamos nun proceso persoal e único, a vivencia elaborada ó fío da actualidade despois de pasar unha vida/historia de moitos cambios. Nese discurso construído, aparece un punto de ruptura coa paisaxe como imaxe infantil, desexada, como parte do goberno da nosa vida que se nos aparece, tantos anos despois, amputada, como se desaparecesen da fotografía matricia e da natureza parte dos elementos que axudaron a configurar a nosa vida.

*"...se fora hoxe non se perdía esa illa, á xente hoxe gústalle a natureza, e tampouco a praia da Xunqueira, onde iamos xogar ó Pozo das Rás. No inverno era todo neve e facíase cristal, tirabámoslle pedras... Moaña era precioso pola parte do mar, sendo eu pequena iamos esperar a meu avó e ver todos aqueles barcos, o peirao de madeira que se foi desfecendo..."*

Alicia, atravesando máis de seis décadas de historia vivida no século XX, acredita como houbo unha paréntese, a partir de 1959, no que o mundo se acelerou máis do que o tiña feito en varios séculos anteriores. O avance trouxo riqueza e incremento da renda para as persoas e converteu a ría de Vigo nunha especie de *far west* que inverteu por primeira vez a tendencia migratoria a coller billete para América ou Europa, porque ó abeiro desta ría, tamén *se gañaba ben a peseta*, rematando para a maior parte da xente as penurias da situación anterior.

Praia de Moaña, 1897. Foto: Pedro Ferrer. Arquivo C.G.A.I.



\*As fotografías antigas foron tiradas do libro *Moaña. A imaxe recuperada*.





*"Fun moitas veces a tirar pola arte, cando había fame, e despois dábannos uns peixes..., artes desaparecidas como a entallada. Estaba prohibida, había leis pero ninguén respectaba. É coma un trasmallo pero moito máis largo, colocado con varas, metíano coa preamar, e todo o peixe quedaba aí, grande, pequeno ou mediano..."*

Poucas voces se escoitaron naqueles anos ante a deconstrución violenta da paisaxe, natural ou construída, que crearan os devanceiros durante centurias: da postal desta Galicia onde ela viviu desapareceron xunqueiras e esteiros, praias baixo os recheos que foron o estilo dunha época, canles de muíños, ríos, corredoiras e antigos campos de labor, abandonados nunha proletarización intensiva e transformados en predios onde se ergueron, unha detrás doutra, as novas casas que albergaban aquela marea demográfica que medraba coa ilusión dos novos tempos.

*"Cando eu nacín, no 43, as casas diferenciábanse en que as dos ricos tiñan cociña de ferro e unha arteza onde gardaban o pan, porque nós non tiñamos nin arteza nin pan, só unha lareira. Eran casas de pedras asentadas unhas enriba doutras con barro ou xabre, unhas paredes enormes. A nosa non tiña retrete, había que ir a unha esterqueira nun descampado cerca..."*

Eramos pobres, viviamos en casas unifamiliares de familias múltiples e numerosas. Cando no tránsito deses anos pasamos a ser un pouco máis ricos, xa se sabe, casadiño casa quere, chantamos por leiras, prados, canles e ribeiras toda a riada construtiva unifamiliar, a mesma que desfigurou centros históricos e arquitecturas tradicionais, substituíndoas por un enorme catálogo *kitsch*: a vivenda foi ampliándose, primeiro con cuartos de baño-*pieza* apegados a xeito de flegmóns, despois viñeron as enormes vivendas-almacéns (...grande, ande ou non ande) que daban acubillo ás novas familias e aínda sobrava sitio para poñer no baixo as cortes, garaxe, alpendre e pequeno taller de carpintería/mecánica/construción para ir *facendo choiadas*.

*"O piso era de táboas das que tira o mar na ribeira: unha táboa grande, unha pequena, máis ou menos grosas, pero polo menos podías poñer os pés cando saías da cama. Aínda os había máis pobres, que as tiñan de madeira de casqueiros, que é o que non se aproveita dos troncos..."*

Os anos do milagre incluíron o noso cambio de dieta, a entrada de novos produtos na tenda, a novidade dos supermercados onde xa se comezaba a vender froita que antes era "de ricos", como o plátano, e sabores mesturados con algo de "química" pero que endulza-



Praia de Moaña, 1914. Foto: Pacheco



Porto de Moaña, 1930. Foto: Sarabia

ban a merenda, como as chocolatinas ou a nocilla, mentres ás praias chegaba cada verán máis xente procedente do interior e algunhas estranxeiras despistadas que traían de Europa a roupa que aquí causaba furor no bando xuvenil e estupor na parte do clero e as beatas que se erguían cedo para ir á primeira misa e facían que ollaban para outro lado cando batían con aquelas femias de muslo longo torrándose na area.

*"...Algunhas casas tiñan faiado, nós poñiamos cartóns. A cociña era de piso de terra, varriamos e botabámoslle area da praia, para que estivese máis branco e había unha división de nada, de táboas, entre os animais e nós. Para que non se miraran os animais poñiamoslle papeis de Faro cravados. Para poñer a louza faciamos uns alzadeiras cun cartón de tabaco, e para que estivese máis limpo uns papeis de Faro ós que lle faciamos uns adorniños, como encaixes, coa tixeira..."*

Os lavadoiros, parlamentos da femocracia, fervían en debates sobre tanto cambio, as perruquerías recibían novos catálogos de permanentes, manicuras e lacas, en todas as vodas había marisco e pescada a rodar, traída por aqueles conxeladores que abriron a nova vía de comunicación Vigo-Cape Town (na linguaxe oral, Capetón) ou Malvinas, nos que todos os mariñeiros, ó poñer o pé en Canarias, nos introduciron na cultura do radiocasete, a Kodak instamatic, o xabrón Lux e, os de máis recursos, *tomavistas* con imaxes da vida a bordo, a manobra de erguer o cope, farto como un embarazo, pola rampla de popa, cheo de peixe e coas gavotas a agardar as sobras...

*"...o balde da auga, coas cintas de ferro, todo óxido, había que deixalo tapado con algo, porque estabas durmindo e mirabas os ratos, pero non muraños, non.*

*Ratos ben grandes, aguaneiros. Nas casas dos ricos non sería pero na nosa andaban polas vigas... ¿Riste? ¿e aqueles colchóns de follaco?..."*

Chegou a auga con cloro das primeiras traídas, como nas cidades, e as estradas eran desfiles de Seat 600 algo anticuados porque o moderno era o 850 e, sobre todo, o 127, ou 2 cabalos. Os camiños comezaron a recubrirse (vulgo *empichar*, tamén se admitía o verbo *asfaltar*..), aínda se xogaban partidos de solteiros contra casados antes das festas, pero a orquestra do palco da música xa comezaba a competir cos LP's dos Beatles nos guateques, onde se programaba máis música lenta ou *agarrada* para fomentar o vicio que, como todo o mal, veu de fóra, porque nós eramos un pobo casto e predestinado por *elseñor*, segundo predicaban os coros e danzas do réxime franquista e ecoaban os púlpitos.

*"...había unha miseria tan grande que ata os gatos sabían levantar a tapa e comerche o caldo na ola. Miña nai, que era como un cristal de limpa e alí todo eran pulgas que se criaban no follaco da cama..."*

A ribeira converteuse nun paradoxo. Aquel mesmo marisco que aquí desprezabamos, mesmo ás veces -entre arrogancia e ignorancia- estercando as leiras con el, foi a nosa excelencia gastronómica máis prezada e mesmo a nosa identidade para os que chegaban de fóra. Feita excepción do camiño de Santiago, a verdadeira peregrinaxe a Galicia dende os anos 60 foi esta rota do marisco que nos uniu definitivamente á meseta máis que calquera outra infraestrutura.

*"Con 10 ou 12 anos andaba descalza na ribeira, primeiramente fun ó marisco, e a Vigo a vendelo con miña nai. Acordo ás mulleres de Porriño que viñan a*



Foto: Manuel P. Rúa





Foto: Manuel P. Rúa

*Vigo, traían uns mantóns que quentaban moito, dicían que os mercaban na fronteira. Eu con 16 ou 17 anos xa traía un deses porque na Ribeira de Vigo facía moito frío. 'Tes que vir abrigada, a Ribeira come ás persoas', dicía miña nai. Eu era unha cacharra pequena, con aquel mantón de tres puntas, uns zocos de pau de madeira, un par de mandís por diante, saía..."*

Meu avó contoume como presenciou dende terra, en plenos anos duros da fame, o incendio dun barco fondeado no medio da ría de Vigo, ás catro da mañá, sentado debaixo dunha viña e vixiando unha leira de cebolas. ¿Quen pode roubar cebolas?, preguntáballo

eu. E foi esta a ilustración máis representativa da fame daqueles anos, dunha filosofía da supervivencia e das carencias dun pobo pobre que apenas puido empezar a comer pan branco de maneira regular co século XX ben mediado.

*"...daquela á muller con pantalón, criticábana. ¿Luvas? ¿Quen as vía, ou botas para mariscar?. Tanto frío facía ás veces, cando había neve, que mexabamos - perdonando a palabra - para que aquela auga se puxera quente. Non había calcetíns, cortábaslle as mangas ós xerseis vellos de lá para facelos, e tamén con papel de estraza..."*

O marisqueo formaba parte das romaxes cíclicas da beiramar. Cada 1 de outubro baixabamos de todos os recunchos ata a ribeira, armados de sachos, legóns, trueis e todo canto trebello pudiese imaxinar a enxeñaría do ferreiro. Naquela asemblea aberta que era a praia aqueles días, había quen traballaba a oito e quen non daba apañado nunha xornada nin un quilo de croque, xa non digamos de ameixa ou navalla que requirían de técnicas que non estaban ó alcance de calquera, agás dunha serie de licenciados en ciencias mariñas, sección de cultivo tradicional.

*"...Non se levaba ir á escola, ninguén quería ir á escola. Pero miña nai dicíanos: 'quero eu que vaiades.*



Dende A Fraga. c.a. 1950

*Aprendín a poñer o meu nome cando era moi maior e quero que os meus fillos saiban ler e escribir', e fomos obrigadamente. Ela erguíase ás 5 da mañá e collía o barco das 6 para Vigo, chegaba de volta ás 6 da tarde e xa nos deixara destinado o que tiñamos que facer. Os cinco irmáns traballabamos na casa: planchar, lavar, cociñar, e apañando marisco para que miña nai vendera. A escola era ás 5 da tarde, de pago, e doña Flora, que era a escola pública que había, pegaba moito cunha vara..."*

A cultura científica da beiramar, hexemonicamente en mans femininas, evoluciona e experimenta, a partir dos anos 80, grandes avances en I + D + i. Nas aulas da ribeira nunca se vira tanto biólogo e científico escoitando ás licenciadas, novas e vellas, que os inician na carreira e as técnicas de conservación, cultivo e desenvolvemento do censo dos animais con cuncha de carbonato cálcico. O marisco de praia pasa de ter consideración *país* a cultivo e presentación *marrón glacé*, do labor intensivo ó sabor *delicatessen*.

*"...os traballos da praia comezan en marzo, quitamos croque de arriba e baixámolo. As larvas sempre se fixan máis na area seca e hai que rarealo. Valamos unhas zonas con espichos e cando está grande xa podemos ir alí. Despois sementamos outro anaco e así sempre. Hai que facer tamén limpeza de cuncha, de croque que morre, algas, nivelar os ríos..."*

O folclore, as relacións sociais, os conflitos e outros tantos indicadores da "vida corrente", contados como historia vivida, son parte da pegada dunha comunidade que atravesa a historia en toda a súa complexidade social, económica e política, nos que houbo anos de *moita piña*...

*"Hai 30 anos, ó abrirse a veda o primeiro de outubro, baixaba todo o mundo, e había traballo escasamente para unha semana. Aínda que a temporada era de*

*outubro a marzo, en decembro xa non había máis ca area, non había vixilancia e os compradores e intermediarios pagaban o que querían. Dicían que eran os turistas. Un día xuntámonos unhas cantas mulleres: "Isto non pode seguir así", e fomos oito a vixilar a primeira noite. Atopamos algúns turistas, pero sobre todo xente de aquí. A segunda noite eramos un cento de mulleres, e decidimos facer turnos..."*



A Xunqueira, 1914. Foto: Pacheco

Entre a oferta e a demanda, a explotación económica mancomunada dun espazo público e a organización complexa dun colectivo, vai creándose unha asociación de mariscadoras que é unha mestura de polémica e debate, autoorganización feminina e axuda social, espazo de lecer compartido, caixa de resistencia para urxencias económicas e cotización para a xubilación. A súa fábrica é un hábitat especial que lava todos os días este mar lento da ría, que acubilla o tesouro na aba, que prende intereses económicos dispaes, que pasa da venda case ó xeito de troco á subhasta na lonxa.

*"Os compradores son os que fan á xente furtiva. Foi unha loita tremenda, houbo días de chorar. Era unha época que en Moaña se vivía ben, os anos das perforadoras, pero había xente que non vivía tan ben e quería traballar na ribeira, porque daquela só collían o carné aquela xente que era da ribeira. Agora estamos máis preparadas, temos coches, linternas boas para baixar á praia, reflectores dende o coche, embarcacións, prismáticos para mirar de noite..."*

A cuncha dos bivalvos e as formas interiores destes mariscos que se crían peneirando auga para extraer o sustento, coa súa semellanza da estética feminina máis íntima e diferenciada, teñen ademais unha memoria xenética e patrimonial que pervive en amable compañía durante séculos. O marisco das praias é tan feminino como as mans de quen o extrae dentre a area e o volve sementar para recomenzar o ciclo da vida.





# BOLINANDO PARA SOCIALIZAR O PATRIMONIO MARÍTIMO E FLUVIAL

## CRÓNICA DO VII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA

Francisco Fernández Rei

1



2

O VII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia celebrouse en Cambados (6-10 xullo 2006) organizado polo Clube Mariño Salnés, Grupo Etnográfico Mascato, Asociación Náutica As Joritas, Confraría de Pescadores San Antonio, Conce-



3

llo de Cambados e FGCMF. O marco foron casas señoriais e casas mariñeiras, antigas fábricas de conservas, os peiraos de Fefiñáns, Cambados e San Tomé do Mar e as ribeiras e as augas do "lago cambadés" polas que navegaba a branca traíñeira á que Cabanillas, no seu desterro de La Habana, pedía que metese o temón á presa e que o devolvese ó patrio lar. Tamén foi marco o moderno porto de Tragove co piñeiral "enraizado nas laxes fendidas da veira do mar" onde aínda "cheira a resina, fiuncho e marusía".



4



4a





## A arelada navegación

Nun Encontro deste tipo o protagonismo principal téñeno os barcos. Un forte nordés impediu que a maioría deles navegase os primeiros días e que se suspendese a súa arribada, momento sobranceiro dun Encontro de Embarcacións. Mentres estas estiveron atracadas ou abarloadas os peiraos de Cambados convertéronse en luxosos museos de barcos tradicionais.



5

Na tarde do sábado 9, xa sen nordés e cun agradable ventiño fresco, púidose saír a navegar. Velearon dornas de escarva e de tope de Ribeira, O Grove, A Illa da Arousa e Cambados, todas coa tradicional vela de relinga, e algunha dorna-nai de Ribeira, con vela cangrexa e foque. Velearon dornas xeiteiras de Portonovo e Vilanova, e algunha dorna trasmalleira do Grove, e ghamelas como a da Guarda e as estilizadas coruxeiras da ría de Vigo, e botes de Maniños e de Carril, con vela latina, e algún bote xeiteiro e polbeiro de Bueu, con vela de martelo.



6

Velearon un trincado da ría de Ferrol e bucetas desta ría, xunto coa buceta da ENT da Illa e a buceta de Poio, coas súas velas místicas ou de pardela. Velearon as lanchas xeiteiras da ENT da Illa e de Lira, perfectas réplicas da xeiteira desenterrada en Caldebarcos-Carnota. Velearon a traíñeira de Bueu e o racú dos Mariñeiros de Bouzas. E velearon pesqueiros reconvertidos, como o motoveleiro cambadés "Nova Jorita" e galeóns coma



7


o "Luísa" de Poio e o recuperado "Nuevo Sofía" de Vilanova, coa súa espectacular fasquía cando navega co velame despregado.

Navegaron embarcacións dedicadas a turismo náutico, como o "Hidria II", antigo barco alxibe da ría de Vigo; o motoveleiro "Zorba", con moitos salseiros na cuberta despois de participar en diversas campañas de *Greenpeace*; e o motoveleiro "Nauja", que despois de andar ó bacallau e ter unha vida bastante axitada en diferentes tipos de pesca veu atracar ó porto do Grove.



8

Con todos estes barcos galegos velearon outros chegados de Portugal, como a lancha poveira "Fe em Deus", a catraia "Santa Maria dos Anjos" de Esposende, algún caíco de Vila do Conde e a humilde *masseira* "Nossa Senhora da Graça" (unha gamela de Montedor) da activa asociación Barcos do Norte integrada na FGCMF, xunto cun colorista moliceiro de Aveiro e ale-



9





**10** gres "botes da arte" de Sarilhos, na foz do Texo. E tamén velearon barcos chegados de Euskadi, de Irlanda e do Mediterráneo español, que era o convidado especial do VII Encontro.

Nunca tantos tipos diferentes de embarcacións e de velas tradicionais navegaran nun Encontro da FGCMF e nunca tantos tripulantes velearan xuntos. Mesmo houbo algunha barca de río, como a rudimentaria lancha da vendima de Chantada na que se levaba a uva dos socalcos do Miño.



**11** Na mañá do domingo 10 houbo a regata de Dornas do Albariño e unha regata para nenos en faluchiños, barquiños feitos de bidóns e outros recipientes de latón. E pola tarde o vento foise indo ata chegar a unha encalmada total no momento do solpor, o que obrigou a andar a pan de millo ós barcos que navegaban polas plácidas augas do "lago cambadés".



**12**

### A cultura marítima

Unha das grandes novidades do VII Encontro foron as *Xornadas de Cultura Marítima Galega*, coorganizadas pola FGCMF e o Museo do Mar de Galicia, que constituíron unha boa introdución á cultura do mar dos galegos con conferencias sobre urbanismo, museos do mar e estado do patrimonio marítimo e fluvial. Na derradeira xornada, que se centraba na evocación lite-



**13**

raria e histórica do mar e das vilas, Manolo Rivas abriu e fechou un recitado dos seus versos de salitre e mar valéndose dunha bughina e Ramón Villares impartiu a conferencia de clausura da parte académica, despois de



**14**

que os participantes das Xornadas fixesen unha travesía no motoveleiro "Nauja" para ver o estado da fachada marítima da ría da Arousa.





15

Entre as moi diversas actividades complementarias cómpre salientar un recital coa intervención de poetas do mar da Arousa e doutros mares galegos, entre eles, Bernardino Graña, que acudiu a Cambados para cantar e honrar os mariñeiros do Morrazo, e Alexandre Nerium, mariñeiro el, que veu cantar a xente do mar de Fisterra. Emilio Ínsua presentou a cada poeta e recitou o fermoso "Mariñeira" de Cabanillas sobre o naufraxio dunha dorna, poema acaído nesa primeira noite do Encontro en que un forte nordés non parou de zoar como acompañamento musical.



16

O ramo ás Xornadas foi un percorrido polo barrio mariñeiro de San Tomé e polo areal do Serrido, na desembocadura do Umia, para ver como se marisca a pé nese ecosistema e con que apeiros, á vez que se visitou o criadouro de ameixa no medio do areal. As mariscadoras de *Guimatur* guiaron ese percorrido.



17

### Embarcados nun cantar e nunha marea de actividades

O apartado musical e de animación nocturna do Encontro foi realmente impresionante, xa que se puido gozar de actuacións tan diversas como *Milladoiro* e as cantareiras de *Malvela*, o grupo tradicional *Fiandola* e a *Repichoca Ártabra*, os etnógrafos da danza do *Grup Alacant* e a música e baile de *Cón de Xido* de Cambados. E tamén se gozou coa coidada performance de *Trebón* e con *Nova Galega de Danza*, novidosa maneira de achegarse á música e baile tradicional con voca-



18

Foto: Xosé M. Salgado

ción universal, á vez que se puido rir e divertirse cos contos e historias de Cándido Pazó, Avelino González ou Quico Cadaval.

Alguns destes actos desenvolvéronse na Taberna Mariñeira, da illa das Ghoritas, sempre inzada de tripulantes e de público moi diverso, nun ambiente indescribible, sobre todo, o sábado, coa actuación de Cadaval e as súas "Historias portuarias" e coa intervención do DJ Dorna, Manolo Bacallao, a charanga



19

*Dorneira*, os gaiteiros e cantareiras da *Cultural Dorna* e a charanga dos vascos de *Albaola*. E como en cada Encontro, non faltaron os *Viñalar Fantastic Band*.

Houbo unha concorrida e impactante representación etnográfica con descarga de sardiña desde a lancha xeiteira "Nova Marina" da ENT da Illa, con poxa do peixe ó xeito tradicional e posterior lañado e lavado a cargo das mesmas reghateiras que participaron na





20

poxa. E a seguir gozouse cun orixinal e animado desfile, a remo e vela, de barcos tradicionais da costa galega, vasca e andaluza, no que Luis Rei e Fernando Piñeiro ían cantando as particularidades técnicas e as excelencias no mar de cada barco, con viradas que nalgún caso mesmo parecían coreografías.

O Museo do Mar de Galicia recuperou a antiga fábrica de conservas Otero para convertela no "Pavillón dos Museos", onde se mostrou a cultura e os elementos patrimoniais do mar. E noutra antiga fábrica de conservas, a de Peña, testemuña do esplendor industrial da



21

conserva e da pesca de Galicia e que o Concello de Cambados quere rehabilitar como museo, ergueuse o Pavillón "Na Onda" para mostrar iniciativas novidasas de turismo náutico, de promoción etnográfica e de



22

valorización dos recursos do mar. Nesta fábrica houbo unha Feira do Libro, con exposicións de libros do mar e encontros con escritores do mar. Nun dese encontro Dionísio Pereira trouxo a primicia das súas *Foulas e Ronseis*, eses retrincos para construír o tratado do mar dos galegos.

Ergueuse unha vistosa e concorrida Vila Mariñeira, cunha finalidade divulgativa e non comercial, onde



23

atadoras de Cambados, cesteiros da Limia e diversos artesáns traballaron en vivo todos os días do Encontro, mentres a xente de *Millo Corvo* de Vilaboa repartía o seu gorentoso pan feito dese millo. Tamén estivo representado o patrimonio fluvial, con maquetas de batuxos, lanchas e diversas barcas do Miño e do Sil. Por outra parte, o mar e a cultura marítima estiveron presentes en moi diversos locais da vila de Cambados. No Pósito inaugurouse a I Exposición de Pintura (co mar como tema) e de Maquetas de Embarcacións,



24





25

xunto coa exposición "O mar en Cambados". Na Sociedade Cultural montouse unha Mostra de Encaixes e unha de Malacoloxía, con cunchas de todo tipo de moluscos. Na galería Borrón 4 celebrouse unha exposición de pintura con temática mariña con cadros de Antón Sobral, M<sup>a</sup> Isabel Pintado e Xurxo Alonso, mentres que en establecementos da vila nasas, redes e diversos trebellos mariños adornaban os escaparates na procura do premio que concedía a asociación de comerciantes.

O receo inicial que en Cambados bastante xente parecía mostrar sobre a montaxe do Encontro foise diluíndo a medida que ían tomando corpo as diversas propostas en terra e logo no mar. Era a primeira vez que nunha vila con tanta historia e tanta presenza do mar se homenaxeaba o mar e a xente que vive del. E con ledicia puidemos apreciar como mariñeiros e mariscadoras, atadoras e peixeiras que participaron na organización do VII Encontro e que colaboraran en diversas actuacións do programa, sentían o lexítimo



26



27


orgullo de ter sido parte fundamental do éxito da Gran Festa da Cultura e do Patrimonio Marítimo e Fluvial de Galicia. Era a súa festa.



28

Seguindo o ronsel dos outros Encontros, en Cambados non se pretendeu cantar as virtudes dun mar fecundo e perdido na noite dos tempos, que nunca máis vai volver, senón que se tratou de valorizar a herdanza recibida para engadirlle novas e frutíferas achegas desde o traballo mariñeiro de hoxe e de mañá.

Seguiremos bolinando para revitalizar e socializar esa herdanza.



29





## ÍNDICE DE FOTOGRAFIAS

- 1.- SALSEIROS NA LANCHA XEITEIRA. LINO PRIETO
- 2.- DORNA IRMANDIÑA. ARQUIVO ARDENTÍA
- 3.- VISTA DE SAN TOMÉ DESDE O MAR. FCO. FDEZ. REI
- 4.- SAN TOMÉ NUN OLEO DE LORENZO LEIRO.  
FOTOGRAFADO POR J. LUIZ OUBIÑA
- 4a.- VISTA AÉREA DE CAMBADOS
- 5.- DORNA. LINO PRIETO
- 6.- O HIDRIA E O NAUJA. ARQUIVO ARDENTÍA
- 7.- NAVEGANDO O SÁBADO. FCO. FDEZ. REI
- 8.- A "FE EM DEUS" VISTA DESDE O NAUJA. CRISTINA TRIGO
- 9.- VELAS. ARQUIVO ARDENTÍA
- 10.- CURRAGH IRLANDÉS. LINO PRIETO
- 11.- MULETA DUNIA. ARQUIVO ARDENTÍA
- 12.- REGATA DE DORNAS. LINO PRIETO
- 13.- MANUEL RIVAS. FCO. FDEZ. REI
- 14.- RAMÓN VILLARES. FCO. FDEZ. REI
- 15.- BERNARDINO GRAÑA. FCO. FDEZ. REI
- 16.- VISITA GUIADA POLA PRAIA. FCO. FDEZ. REI
- 17.- NOVA GALEGA DE DANZA.
- 18.- ACTUACIÓN DE QUICO CADAVAL. XOSÉ M. SALGADO
- 19.- VIÑALAR FANTASTIC BAND. LINO PRIETO
- 20.- DORNA NO PAVILLÓN "NA ONDA". LINO PRIETO
- 21.- ESCRITORES NA FEIRA DO LIBRO. ARQUIVO FDEZ. REI
- 22.- ARTESÁN OLEIRO. FCO. FDEZ. REI
- 23.- ATADORA. FCO. FDEZ. REI
- 24.- EXPOSICIÓN DE MAQUETAS NO PÓSITO. FCO. FDEZ. REI
- 25.- PANTALÁNS. ISABEL GLEZ. AVION
- 26.- TRINCADO "RÍA DE FERROL". ISABEL GLEZ. AVION
- 27.- RECREACIÓN DE SUBHASTA TRADICIONAL. LINO PRIETO
- 28.- PEIXEIRAS CON PATELAS. LINO PRIETO
- 29.- MAQUETA DE SAN TOMÉ FEITA POR NENOS  
ASISTENTES AOS ENCONTROS. MARTINA BETANZOS
- 30.- VISTA DOS PANTALÁNS. ISABEL GLEZ. AVION





## O BARRIO MARIÑEIRO DE SAN TOMÉ DO MAR. O URBANISMO NA 1ª METADE DO SÉCULO XX

**Martina Betanzos**  
 Texto e fotografías  
*Á miña filla Clara*

Vista actual da beiramar de San Tomé

O ser humano precisou dende as súas orixes dun refuxio onde guarecerse das accións hostís da natureza e onde disfrutar na intimidade do seu grupo ou da súa familia. Estas construcións foron cambiando co paso do tempo e segundo as circunstancias e necesidades propias de cada un, formando diferentes comunidades e vilas.

No século XIX, coa proliferación de embarcacións tradicionais (debida ao auxe da pesca), as vilas mariñeiras na zona costeira da Galicia tamén foron medrando



Torre de San Sadurniño. Francisco Fdez. Rei

e definindo unhas características peculiares en canto á súa arquitectura, que as distinguían do resto das vilas do interior. Tamén podemos atopar diferenzas na arquitectura popular mariñeira dependendo da zona onde se atopen.

Nas Rías Baixas, en concreto no barrio mariñeiro de San Tomé do Mar, pertencente á vila de Cambados, aínda podemos atopar vestixios do pequeno urbanismo mariñeiro de principios do século XX. Na actualidade, navegando preto da costa, encarámonos cun pequeno illote, chamado de San Sadurniño, no que aparecen os restos dunha torre de pedra<sup>1</sup> do século XII, dende a que se pode divisar como se asentaron as primeiras construcións a carón do mar.

A principios do século XX e na primeira liña da fachada litoral, sobre un manto de cons ou laxes que batía o mar, construíanse pequenas vivendas adosadas en ringleira. Utilizaban naquela época, para a súa construción, materiais basicamente nobres, como a pedra e a madeira, o barro<sup>2</sup> e as cunchas planas da vieira (que son denominadas nesta zona *testos*). Estes materiais eran transportados nos galeóns que sucaban os mares das Rías Baixas e logo depositados nos pequenos portos das vilas ou nas súas praias.

A pedra era o elemento usado para a construción das paredes exteriores da vivenda<sup>3</sup>. Eran, pois, de cantería, traballada artesanalmente á man, que se colocaba cun

1.- Véxase *Revista Municipal "A Calzada"*, Cambados, Ano 4, núm. 10, decembro do 2003, páx. 18.

2.- Véxase LEIRO, Adela; DAPORTA, Xosé R. & OTERO, Saúl: *As Telleiras (Cabaqueiros)*, Ed. Ir Indo, Col. Raigame, nº 8, Vigo, 1993, páx. 44.

3.- Algunhas desas pedras foron collidas na Illa de San Sadurniño





recebo de barro nas xuntas, ás veces mesturada con cachos de cunchas e pequenas pedras. Estas paredes tiñan un espesor de aproximadamente 50-80 cm. Ás veces caleábanse, pero escasas eran as vivendas que optaban por esta opción. Non existían columnas interiores que puidesen reforzar a súa estrutura. Tamén eran poucas as vivendas feitas con ladrillos cocidos nas telleiras próximas á vila cambadesa, como as de Castrelo, Dena... Precisamente nesas telleiras tamén se facían as tellas curvas que se utilizaban para cubrir o tellado, a dúas augas, e para protexer a fachada sur, tamén chamada "pinche", contra a humidade. Con esta mesma finalidade isolante utilizábanse tamén os testos das vieiras, colocando a parte anacarada cara ao exterior e de forma superposta, de maneira que simulasen as escamas dos peixes.




Detalle da fachada sur recuberta con testos

Estas vivendas mariñeiras, de reducido tamaño, adoitaban ser de planta rectangular. Podían constar dunha soa planta baixa, cunha porta de entrada na súa fachada principal e outra na fachada posterior. As portas eran de madeira e tiñan dous niveis independentes. Polo día, a parte superior ou "folla d'arriba" adoitaba estar case sempre aberta, pois servía para ventilar e dar claridade á vivenda, ademais de ser utilizada como miradoiro para vixiar a chegada das embarcacións ou para manter unha conversa con quen pasaba pola rúa. Ao mellor, se as dimensións o permitían, a carón da porta había unha fiestra. Esta, que era de madeira, abría cara afora para evitar que a chuvia entrase na vivenda e estaba asistida por uns fiadores de ferro que a suxeitaban cara a parede, para que non batese co vento.



Casa mariñeira, primeira metade século XX. Fachada norte

Interiormente, a división facíase con táboas de madeira, en ocasións recubertas cunha capa de morteiro e caleadas, que servían para separar un ou dous sinxelos dormitorios<sup>4</sup>, chamados "alcobas", do resto da superficie, que conformaba a cociña e que, en ocasións, sobre todo polas noites, albergaba animais domésticos, como as galiñas. Esta estancia estaba composta por unha pequena lareira e, se cadra, un forno para coce-lo pan. Se posuía vertedoiro, era de pedra e tiña como desaugue un furado que atravesaba a parede cara ao exterior e vertía directamente á rúa. O chan era, basicamente, terreño.



Desagüe do vertedoiro da cociña

4.- Os homes tamén dormían nas dornas. As embarcacións eran un espazo basicamente masculino.






Patín dunha vivenda mariñeira

Tamén había vivendas de planta alta. Nelas, a parte de abaixo destinábase a albergar os animais e gardar os utensilios da pesca, mentres que a planta de arriba concibíase como a estancia común. O acceso a esta planta alta, que tiña chan de madeira, facíase por medio dunha escaleira exterior de pedra, que chegaba a un "patín". Nas casas mariñeiras este adoitaba estar sen cubrir, a diferenza do que acontecía nas casas labregas.

Na zona norte do barrio de San Tomé, as vivendas costeiras dispoñían de dúas entradas opostas entre si que conducían a dúas rúas independentes: a rúa do peirao ou comunmente chamada "banda do mar" e máis a "banda d'arriba", chamada así por situarse nun nivel



Vista aérea dos peiraos de Cambados nos anos 60 do século XX

máis alto cá outra. Cando o vento estaba do norte, as mulleres lavaban a louza na porta da casa protexidas del pola ringleira de vivendas aquí instaladas<sup>5</sup>, e cando o vento estaba do sur, dispoñíanse para o mesmo fin na "banda do mar"

As rúas do barrio eran estreitas e estaban formadas por terra e cons. Os nenos, en reiteradas ocasións, dábanse "tropetadas" contra eles, pois xogaban descalzos. Nas derradeiras décadas do século pasado, estas rúas foron cubertas con cemento e na actualidade estanse implantando adoquíns, pero os cons emerxen como se quixesen manter o recordo do pasado. De feito, unha das



Rúa típica de San Tomé

rúas leva o seu nome, "Rúa do Con". As laxes situadas na beira do mar servían de tarima para deixar caer o gran limpo, produto da "malla", pois o vento encargábase de levar o cascallo. Tamén se aproveitaban para poñer a roupa ao clareo ou simplemente para mata-lo tempo nas longas tardes de verán, xogando á lotería entre veciños.

Había no barrio tamén unha fonte, chamada "Fonte de San Tomé", preto da praia onde varaban as embarcacións, e da Alameda<sup>6</sup> que servía de lugar de paso. Esa fonte tiña uns lavadoiros de pedra, nos que as mulleres se reunían para lavar a roupa e falar da vida cotiá. Hai constancia de que os seus tornos levan botando auga case dous séculos e de que antigamente a súa auga era recollida en baldes, barrís, etc. para levala á casa e poder realizar con ela distintas tarefas do fogar.

5.- Estas casas mariñeiras aínda existen, aínda que foron reformadas co paso do tempo.

6.- Unha das máis fermosas da provincia de Pontevedra. As copas dos álamos que alí había entrelazábanse formando uns arcos que albergaban numerosos paxaros. No final desta Alameda había unha poza á que chegaba auga doce, que as mulleres aproveitaban para lavar a louza ou a roupa.





Coma en toda vila mariñeira, na costa de San Tomé precisábase dun peirao onde exercer as actividades propias da pesca, como amarrar a flota, descargar peixe... Na primeira metade do século XX, como anticipo do que ía ser o único peirao con que conta este barrio, amontoouse unha pila de pedras que anos despois convertiríase nun pequeno dique. Unha década despois, o dique foi prolongado e agregóuselle un peitoril de pedra que servía de protección contra as inclemencias do tempo. As mulleres acudían a el para ver se chegaban as embarcacións co froito do seu traballo e os homes descargaban os aparellos para poñelos a secar ou para reparalos. Tamén se cimentaron dous "varadoiros", onde se subían as embarcacións para poder reparalas e onde se descargaban outros produtos do mar.

Antigamente, situado diante do Asilo de Anciáns, no que hoxe é a Escalinata de San Tomé<sup>8</sup>, había un lavadoiro colocado en sentido horizontal e coa pendente cara ao lado esquerdo. Ao remate do mesmo atopábase unha poza que coa preamar se enchía de auga salgada por medio dun buraco, e alí os nenos botaban os seus barcos para xogar.

Tamén preto da costa emprazábanse as pequenas fábricas de salga legadas polos cataláns e que antecederon ás fábricas de conserva construídas a finais da década dos corenta.

A pesar de ser este un barrio profundamente mariñeiro<sup>9</sup>, o certo é que o tema administrativo e burocrático desempeñábase no centro da vila de Cambados, pois



Lavadoiro público e fonte de San Tomé

alí edificáronse a Confraría de Pescadores, a Lonxa... Isto fixo que o mariñeiro, e con el o seu entorno, connotase pobreza, e así se pode ver no sarcasmo da xente do centro da vila, que dicía:

*Os de San Tomé  
toman a roña do pé,  
os de Cambados  
toman bañados,  
e os de Fefiñáns  
toman as rans.*

Ao que contestaban os de San Tomé:

*Os de San Tomé  
toman café.*



Alameda de San Tomé. Aprox. 1960



Porto de San Tomé. Aprox. 1965

8.- Construída cando gobernaba como alcalde Joaquín Fole, entorno o 1965. Véxase *Cambados, Século XX*, Concello de Cambados, 2000.

9.- Tamén existían casas de labregos, moi diferenciadas das mariñeiras, pois eran máis grandes e dispuñan dun cacho de terra. Os seus moradores eran considerados xente de cartos, de superior *status* en relación aos mariñeiros.

# CONSTRUCCIÓN MARÍTIMAS DA NOSA PRIMEIRA INDUSTRIALIZACIÓN. DA SALGA Á CONSERVA.



**Toni García\***  
 Texto e fotografías


DO LEGADO PATRIMONIAL A NOVOS USOS EN ACTIVACIÓN

Salgadeira en Nois, Foz FOZ-02

**N**on é aínda habitual ver que os espazos onde se desenvolveu o noso pasado industrial máis próximo se contemplan como un ben patrimonial, como parte da nosa memoria histórica a protexer e valorar, como edificios singulares que explican un espazo social, económico e cultural, aquel dos mariñeiros e habitantes das Rías galegas.

Algo que se advirte con claridade ao contemplar en conxunto as ruínas e as construcións marítimas existentes anteriores a 1950 é a unidade social e produtiva que se constituía no entorno das Rías. Da costa de Lugo a Pontevedra, arredor da actividade pesqueira e axudada pola falla de comunicacións por terra, existiu unha cadea produtiva que escomezaba río arriba ate a súa desembocadura e remataba nos portos das Vilas máis importantes como Vigo, A Coruña ou Vilagarcía de Arousa, para voltar a percorrer o camiño inverso levando e traendo bens básicos, materias primas e transformadas. Un espazo definido polos límites de ríos e rías, enchido de edificacións industriais de usos distintos e dependentes entre si, ás que as leis do mercado levaron ao abandono e á transformación. Serrarías, forxas, carpinterías de ribeira ou salgadeiras son algúns dos tipos construtivos que albergaron oficios que agora absorben estaleiros e conserveiras, entre outros. O restauro dalgúns deles para uso social debería ter en conta a potencialidade dos roteiros que se poderían abrir redescubriendo a historia conxunta que o esquecemento está a disgregar.

O que resta daqueles espazos que foron protagonistas dun importante apartado da nosa primeira industrialización eu propio tiven a sorte de retratalo nun inventariado feito para a Xunta de Galicia nos anos 2000-2001. Un resumo do estado actual dos seus tipos, usos e formas baseado naquel inventariado é parte deste artigo, escomezando pola súa historia e reparando nas características xerais das fábricas de salgado, por ser este edificio o espazo xermolo desta industrialización, o que facilita unha mellor comprensión do resto das industrias existentes, maiormente creadas ao seu carón.



Salgadeira en Tal, Muros, MUR-01

\* **Antonio García Fernández** é arquitecto coa especialidade en Urbanismo pola E.T.S.A.-A Coruña e Lille-Regions Nord-Francia. É tamén Master en Deseño Urbano pola TUDelft-Holanda, Delegado de España do CYTED, red XIV-E, para a mellora da vivenda e os asentamentos rurais Iberoamericanos e Profesor da Escola de Arquitectura CESUGA da UCD-University College Dublín (Irlanda). Correo-sdq29@yahoo.es, dirección profesional: Rúa General San Martín, nº5-baixo. 15008. A Coruña.





## A PRIMEIRA INDUSTRIALIZACIÓN.

Na Galicia de fins do século XIX fanse presentes case todos os elementos que durante moito tempo configurarían a forma da nosa industrialización. Xurden as primeiras industrias, maiormente no ámbito pesqueiro-conserveiro, a primeira agro-industria, banca e servizos públicos urbanos, como o gas, auga, electricidade e transporte. Pero é antes cando se alicerza este desenvolvemento, durante o século XVIII, cando na Europa occidental se fragua o troco da economía mercantilista á capitalista e ten lugar a desaparición do Antigo Réxime.



Salgadeira en Nois, Foz, Foz-01

A burguesía catalá introduce en sectores da pesca galega un sistema de produción capitalista que contribúe a disolver a base tradicional que gobernaba a actividade das pesqueiras (nobreza e clero), privatizando o acceso aos recursos mariños. Certo que este troco non modificou as estruturas económicas galegas, porque o aquí investido era escaso e os beneficios levábanse para Cataluña, pero resultou ser o xermolo da industria conserveira do século XX.

Nunha primeira etapa (1750-1813), os comerciantes cataláns desprazábanse a Galicia por colleitas, compraban e por veces manipulaban a pesca salgada, traían para comerciar viños, augardente e estampados de algodón e, para facer rendíbel a viaxe de volta, enchían os barcos co peixe salgado elaborado polos pescadores galegos. Máis tarde, difundiron a súa técnica de prensado, que eliminaba a graxa e conservaba máis tempo o peixe, podendo comerciar mellor co produto ao longo de todo o Mediterráneo e substituíndo as importacións inglesas, bloqueadas trala guerra de 1738. Conforme ampliaban os mercados do salgado

galego, entraron no negocio da pesca, utilizando uns aparellos de arrastre nomeados “xávegas”, en contraposición ás redes de cerco utilizadas polos galegos, que requirían de máis man de obra e conseguían menos capturas.

Nunha segunda etapa (1813-1830), a partir da ocupación francesa e coincidindo cunha segunda vaga migratoria, moitas familias catalás acabaron por se asentaren definitivamente nas rías galegas debido ao crecemento dos seus negocios, máxime desque en 1764 o porto da Coruña foi habilitado para comerciar con América. Mesmo así, o investimento dos seus beneficios é mínimo e corresponde á mellora e ampliación das súas fábricas salgadeiras, para axeita-la produción ao incremento de consumo.

A terceira etapa (1830-1880) coincide coa crise que supuxo o troco institucional do Antigo ao Novo Réxime, que en Galicia cadra coa quebra da economía rural, co estancamento agrario e coa desaparición da produción téxtil doméstica, ao mesmo tempo que en Cataluña botaba a andar unha potente industria téxtil. Isto alentou o retorno ao país de orixe dunha parte da burguesía catalá asentada entre nós. Os que aquí quedaron, integrados na estrutura de privilexios do Antigo Réxime imperante en Galicia, iniciarán a segunda etapa de industrialización do sector, sen que o novo modo de produción afecte á estrutura económica galega.

Unha cuarta etapa (1880-1929) escomeza coa transformación das salgadeiras en fábricas de conserva enlata-da, destinada á exportación. Varios factores animaron este proceso: o desestanco e abaratamento do sal (1869); a “desmilitarización” dos pescadores (1869),



Salgadeira en Fisterra FIS-01

que supuxo contar con maior cantidade de man de obra; a redución dos aranceis da “follalata” (1868) e, finalmente, o esgotamento dos bancos pesqueiros franceses, o que fixo que capital e tecnoloxía dese país viñesen aquí para crear empresas mixtas.

A importancia das conserveiras abrangue máis ámbitos da industria. A busca de peixe fóra de Galicia estimula a creación de grandes estaleiros (Barreras, Vigo 1892), metalurxia, fábricas de envases, litografía ou as serrarías que proporcionaban *tablilla* para empaquetar as latas. En resumo, as conserveiras impulsaron outras actividades, xurdindo arredor delas un núcleo industrial con base marítima.



Conserveira Massó, Cangas CAN-07

## EDIFICIOS PARA A SALGA

Dos primeiros almacéns establecidos en Galicia no século XVIII, feitos con madeiras e con escasos medios, non contamos con exemplos. A súa intemporalidade e fragilidade foi substituída polas edificacións de mampostería, cachote de pedra ou sillares, da segunda década do s. XIX, que son hoxe as ruínas e edificios máis vellos dos identificados.

Tipoloxicamente as salgadeiras parten dunha planta rectangular distribuída en tres seccións diferenciadas: *a chanca*, *o claro* e *o morto*.

A *chanca* é a parte da fábrica constituída polos lagares nos que se salgaba a sardiña. Os lagares ou píos estaban escavados na terra, construídos con lousas de perpiño no fondo e nos laterais, que son medianeiros, e unidas con morteiro de cal hidráulico.

O *claro*, ou patio, está cuberto, sen tellado, a diferenza da *chanca* e do *morto*. O chan está lousado e inclinado cara ó centro, polo que discorre unha gabia de pedra. Esta únese á saída da fábrica con outra de maior amplitude, que vai dar ao mar. Pola gabia desauga a choiva, a auga do lavado do peixe, a do baleirado das tallas de lavado e a do baldeo diario do *claro*. Este baldeo facíase con auga do mar mesturada con sosa cáustica, a fin de eliminar as graxas do lousado e evitar os escorregamentos dos traballadores.

O *morto* era a parte da fábrica destinada ao prensado da sardiña; ao fondo daquela sitúanse as pozas para o saín e a morca. Ao longo do *morto* atopábase a *grade*, formada por dúas traves de madeira que ataban o fuso da prensa do peixe. As traves situábanse a metro e medio do chan, independentes da estrutura do teito e suxeitas con esteos de ferro apoiados no piso. Da *grade* penduraba o fuso da prensa, un ferro cilíndrico e roscado rematado por unha cabeza aburatada onde introducir unha barra de ferro ou panca para facelo xirar contra unha prancha de ferro rectangular, chamada *fiola*. Esta preme unha tampa circular de madeira coñecida co nome de *espichador*, que á súa vez preme o peixe colocado no tambor de madeira ou *tabal*, para quitarlle a graxa.

O *morto* e a *chanca* atopábanse teitados cunha estrutura de madeira que descansaba sobre esteos de pedra con capitel. A cubrición, a unha ou dúas augas, era de tella, por veces apoiada nas viguetas sen ripias entre medio. Xeralmente sobre o *morto* situaban un local teitado ou tribuna, no que se gardaban e repasaban as redes dos barcos. Isto aínda se observa en salgadeiras como Fistera (**FIS-01**) e saen desta norma aquelas como as de Louro, en Muros, ou as de Espasante, en Ortigueira (**ORTO-01**).



Serraría en Serra de Outes OUT-01





Salgadeira en Espasante, Ortigueira ORTO-01

Ademais destes espazos comúns a tódalas salgadeiras, existía un depósito de sal, *afonil* ou *alfolí*, sito ao remate da *chanca*. Por veces nun dos testeiros da fábrica erguían un volume que ben podía dedicarse a *despacho* do dono, ou tamén acoller o uso de *casa-cuarto* que podía incluír un *despacho*.

## MÉTODOS DE SALGA

O incremento da produción e o éxito comercial catalán veu dado pola interacción de tres factores: o aumento das capturas debido ás redes de arrastre, a organización do traballo e as novas técnicas conserveiras. Isto último propiciou algúns trocos no deseño do edificio dedicado ao salgado da sardiña, que foron facéndose máis importantes ao introducir o enlatado e que acabarían derivando máis tarde ben no abandono da vella salgadeira, ben na súa transformación, ben na súa incorporación a unha nave maior.

Os galegos preparaban a sardiña polo procedemento do *cochado*: o peixe mantiña toda a súa graxa, oxidándose rapidamente ao contacto co ar e tomando unha cor marela pouco agradecida, que impedía a súa exportación a mercados de clima máis quente, como son os dos países do entorno Mediterráneo. Co método catalán o custe da produción era máis baixo e a sardiña tiña mellor presenza, malia que o seu gusto era peor que a preparada á galega. Polo método catalán comercializábanse tódolos seus excedentes.

A salga feita polos cataláns seguía o seguinte proceso: 1. Limpábanse os lagares, enchíanse de auga de mar e salgábase a auga ate a saturación (*salmoira*). 2. Chegada a sardiña á fábrica, remexíase co sal, botábase aos lagares e unha vez cheos cubríanse con sal. Pechábase

o lagar esperando entre 13 a 15 días para abrilos. 3. Ao abri-lo lagar, botábaselle auga de mar, sacábase a sardiña co truel, enchíanse as patelas, lavábanse nas tallas e balsas, dábanllas ás estibadoras para que as colocasen en tiras arredor do casco ou tabal e este, toda vez cheo, pasaba ao *morto* para o seu prensado. 4. Prensábanse a modo, ate non quedar graxa na sardiña. A graxa aproveitábase para vender como *saín* e *morca* e a escama do peixe, para estercar leiras ou facer pérolas.

## TIPOS, USOS E FORMAS DOS EDIFICIO

Percorrendo a costa galega de Este a Oeste e de Norte a Sur, a evolución e cantidade de edificios atopados ten unha relación directa coa xeografía da costa e coa historia ligada aos seus portos máis importantes. E máis que falar de provincias deberíamos falar de ríos e rías para clasificar os tipos e a súa evolución. Se ben é certo que a situación das salgadeiras, e despois das primeiras industrias da conservación de peixe que as substituíron, non vén sempre ligada a un porto, non o é menos que precisan da súa proximidade para comerciar coa súa mercancía. Sitúanse, por regra, da metade da ría cara ao mar.

Así é que na zona Norte, entre Ribadeo e O Vicedo, as edificacións marítimas que aínda se atopan en pé son escasas, moi novas en comparación coas do resto de Galicia e responden a unha industrialización máis tardía, ligada á aparición das estradas a partir da segunda metade do século XX. Entre esas edificacións destacan as cetarias de Rinlo, en Ribadeo, e máis a baleeira de Morás, en Xove. Malia todo, existen dous exemplos de salgadeiras no porto de Nois, en Foz (**FOZ-01** e **FOZ-02**) e ruínas que nos falan dun pasado conserveiro. Edificios convertidos agora en vivenda, que respontan ao explicado con anterioridade, de planta rectangular, divididos arredor do patio sen cubrir que ocupa o *claro*, coa *chanca* e o *morto* dunha soa altura e cubertos, a dúas augas, con lousa. A diferenza entre estas e a meirande parte das restantes vese no xeito da súa construción, que resposta como é lóxico á da arquitectura vernácula da zona, e máis na importancia que posúe o corpo que pecha o testeiro, facendo fachada co camiño, con dúas alturas, a do primeiro andar dedicada a cuarto e almacén.

Nas rías do Norte podemos diferenciar tres áreas principais: aquela situada entre a Ría de Ortigueira e Cedeira, outra entre as rías de Ferrol e A Coruña e unha



Conserveira na Illa de Arousa ILL01

terceira da Ría Camariñas á Ría de Muros-Noia. Aquí atopamos a meirande parte das salgadeiras, as máis grandes e mellor conservadas, tamén as máis vellas. Por contra, nas rías do Sur o número de conserveiras duplica o de salgadeiras, o que fala ben ás claras das diferentes dinámicas de continuidade, transformación e reconversión das vellas estruturas da salga que se viviron nunha e noutra área, cunha maior industrialización pesqueira no Sur.

Entre as rías do Norte, a de Ortigueira destaca por non posuír construcións posteriores á segunda metade do s. XX dedicadas á conserva. Os edificios atopados están abandonados ou convertidos en vivenda e pertencían a vellas salgadeiras, a meirande parte situadas arredor do porto de Espasante (**ORT-01**). A súa arquitectura varía do resto, ao posuír formas cadradas e rectangulares cubertas en todo o perímetro en torno ao patio do *claro*. Os edificios posúen así catro fachadas e tódalas dependencias atópanse relacionadas interiormente. Salvo excepción, aquí son dunha única planta terrea,



Carpintería de Ribeira en Freixo, Serra de Outes. OUTO5-06

continuando o tipo de construción existente na Mariña luguesa, de mampostería careada en muros e lousa sobre estrutura de madeira.

As rías de Ferrol e A Coruña gardan poucos restos de edificacións da primeira industrialización, e mesmo aquelas construcións posteriores dedicadas á conserva foron abandonadas. É entre Camariñas e Muros, maiormente na Ría de Muros-Noia, onde atopamos de xeito máis visíbel a estrutura do ciclo produtivo da primeira industrialización, con varios tipos de salgadeiras, conserveiras e edificacións que lles deban servizo, díganse carpinterías de ribeira como as do Freixo, en Outes (**OUT-05**), ou serrarías e forxas, como as de Serra de Outes de 1940, nas marismas do Río Tambre (**OUT-01**). É nesta Ría onde se atopan as construcións máis grandes e máis evoluídas do salgado da sardiña, tanto aquelas nas que, como no lugar de Tal (**MUR-01**), o edificio da salga déixase para uso exclusivamente industrial e a carón del xurde un pequeno porto privado e vivenda, como aquelas que ven crecer sobre si o corpo da vivenda dos propietarios, como no caso da punta de Santo Antón, en Serres. En calquera caso, a permanencia dos donos e a riqueza acumulada fanse ostentosas nas fachas das casas, e o edificio industrial aumenta a súa capacidade de representación alcanzando o tipo de Casa Grande, nalgún caso con formas e detalles indianos. A súa construción é de muros de sillares e, nos edificios máis vellos, de cachote de pedra, cubertas de tella sobre estrutura de madeira, xeralmente sobre un entramado de pontóns e sen ripias.

Entre Camariñas e Muros destacan asemade arquitecturas como o conxunto de salgadeiras de Quilmas, en Carnota, e os secadoiros de Congro en Muxía, e aquelas dunha segunda industrialización, como as ruínas da baleeira de Porto Caneliñas, en Cee.

No Sur forman dúas áreas diferenciadas a Ría de Arousa e as rías de Pontevedra-Vigo. En calquera caso, posúen un denominador común, dado que o mantemento da industria conserveira e a súa transformación ate os nosos días fixo desaparecer ou absorber moitas das arquitecturas da primeira industrialización, ao que se engade a construción da costa de xeito máis extensivo, para uso residencial ou mesmo industrial, polo que inclusive son escasas as naves das primeiras conserveiras, como a de Escarabote, en Boiro (**BOI-02**).





Conserveira Escarabote, Boiro BOI-02

A diferenza entre a Ría de Arousa e as restantes do Sur é tamén importante, xa que aquí a cantidade de pequenas salgadeiras reconvertidas a vivendas é grande en comparación co que atopamos máis ao sur, destacando a península do Grove. Na parte norte da Ría, entre Rianxo e Ribeira, aínda podemos recoñecer a evolución da salgadeira, con edificios dende os máis primitivos, como os de Corrubedo, en Ribeira, a aqueles que se constrúen a carón abandonando a salgadeira, ou os que a mesturan con estruturas de naves de formigón, como a conserveira de Castiñeiras, en Ribeira. Nesta ría as construcións conservadas son menores cás da Ría de Muros. Malia iso o seu interese como conxunto é grande, ao existir aínda algún dos edificios que lle daban servizo, como a pequena serraría da enseada do Rial, en Rianxo. A súa construción vese moi alterada, non obstante, polo uso de materiais e técnicas de distintas épocas, tella plana ou fibrocemento sobre teitos de estruturas metálicas ou de formigón, no caso das conserveiras, e naquelas salgadeiras máis primitivas

consérvanse os muros de cachote de pedra ou perpiaño, e os tellados de tella árabe sobre estrutura de madeira.

Nas rías de Pontevedra e Vigo podemos identificar unha grande cantidade de edificacións da segunda industrialización, conserveiras en uso ate hai pouco tempo, destacábeis polo súa presenza estrutural e formal, como as de Praia Arnelas e a de Massó, en Cangas (**CAN-07**), e aquelas de menor entidade formal, moitas delas en uso, como as do porto de Vigo, Cambados ou Illa de Arousa (**ILL-01**), entre as que aínda sobreviven salgadeiras como as de porto Beluso, en Bueu, ou estaleiros como os de San Adrián de Cobres, en Vilaboa.

## CONCLUSIÓN

Son moitas e variadas as arquitecturas da primeira e segunda industrialización dedicadas á explotación do mar, feitas nos cen anos que van de mediados do século XIX a mediados do século XX. Un patrimonio que explica a transformación da nosa costa e dos seus habitantes, un ben aínda sen valorar, descoñecido e pouco estudado. Faise urxente dalo a coñecer e tentar comprender que calquera intervención que se achegue ao seu carón deberá partir de comprendelo como un fenómeno en conxunto. Son estas unhas arquitecturas industriais que, por sorte, aínda se poden entender relacionadas nun amplo ámbito natural, como é o das rías e os ríos que permitiron o seu sustento. Quédanos aos galegos de hoxe saber comprendelos, darlles un uso social e mantelos aproveitándonos das grandes posibilidades que ofrece o seu entorno.

---

### Bibliografía.

- ALONSO ÁLVAREZ, Luís: *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen (1750-1830)*. Ed. Akal. Madrid. 1976
- FERNÁNDEZ CASANOVA, Cármen e outros: *Historia de la pesca en Galicia*. Ed. Biblioteca de divulgación, Univ. de Santiago de Compostela. 1998
- GARCÍA FERNÁNDEZ, Antonio: *Fichado e Cartografado das edificacións marítimas susceptibles de uso turístico de Galicia*. Xunta de Galicia. 2001
- GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús: *Crecimiento y transformación del sector pesquero gallego (1880-1936)*. Ed. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. 1996
- MEIJIDE PARDO, Antonio: *Los salazoneros catalanes: economía marítima de Sada y Fontán*. Ed. Anuario Brigantino, nº18. 1995
- ROMANÍ, Arturo: *A revolución tecnolóxica na industria salgadeira de Galicia*. Ed. Unipro. Vigo 1991
- SANTOS CASTROVIEJO, Iago: *Historia da salgazón nas Rías Baixas dende as Ordenanzas Xerais da Armada de 1748 ate o desestaque do sal de 1870*. Ed. Unipro. Vigo. 1990

# TOPONIMIA MARÍTIMA E FLUVIAL DESDE O MIÑO A PANXÓN

"fillo de fias a o pe de cabo de vicos mar de prajetas"  
e outros mil catrocentos hidrónimos

Roberto Rodríguez Álvarez  
Xosé Lois Vilar Pedreira

"Porque ninguém pode nacer ou morar no mar sem o amar como amante ou amigo. Pode-se amar o oceano com amargura. Pode esse amor ser medo ou ódio. Mas é um amor que não se pode trair, que nunca se abandona".

**Jorge Amado. *Mar Morto*.**

*Este artigo sería imposible sen o tempo que lle roubamos a argaceiras, percebeiros e percebeiras, pescadores de vara e cana, mariñeiros do río e mariñeiros do mar desde A Guarda a Panxón.*

**A** grande e secular dependencia que do mar tiveron as xentes da ribeira levounas a tecer con el un estreitísimo vínculo que se manifesta nun enorme edificio cultural e patrimonial que estamos a abandonar debido ós trocos económicos, que nos fan vivir fronte ao mar mais de costas a el.

Esta vinculación co mar creou castros costeiros, camboas, faros, tendais para as redes e para o argazo, fachos no pericoto dos montes, peiraos, fábricas de conservas... e artes de pesca, embarcacións, carpinterías de ribeira ... e cantigas, refráns, unha fala específica... Foi esta interacción vital a que levou a nomear, a impoñer un topónimo ós lugares de traballo nas pedras da costa, na superficie ou no fondo.

Cada día son máis os traballos sobre temas marítimo-fluviais, sobre embarcacións, artes de pesca, cantigas, idiosincrasia mariñeira, naufraxios... pero seguen a ser escasos os estudos sobre a toponimia mariña agás o traballo, en tres volumes, de Xerardo Sacau sobre a ría de Vigo e o publicado en 1976 sobre a ría de Arousa por Manuel Rodríguez, ambos sen apoio cartográfico.

Decidímonos así a recoller a toponimia marítima e fluvial desde o Miño (parroquia de Salcidos) ate A Area das Canas (Panxón, Nigrán). Uns 60 quilómetros de costa e moitos km<sup>2</sup> de mar que nos achegaron, polo momento, 1.400 topónimos nun trazado rectilíneo dende o esteiro do Miño a cabo Silleiro, con algúns dentes de serra que crean portos naturais, e un deseño costeiro máis diverso, na baía de Baiona, con cabos, illotes, penínsulas, illas, areasis...

Os rápidos cambios na vinculación social, económica e cultural das xentes da ribeira co medio acuático levounos á recollida deste fráxil e rico patrimonio inmaterial que son os nomes, a hidrotoponimia. Emprazámolos en fotografías fornecidas polas confrarías de Baiona e A Guarda, así como en ortofotos do SITGA, inserindo os topónimos na súa base de datos, que os xeorreferencia de maneira precisa.

Intentamos non deixar atrás nada que puidese achegar algún dato para acadar a visión máis completa posible. Comezamos polos portolanos máis antigos, que de antemán sabiamos que non se fixarían na microtoponimia. Axudados polas recompilacións cartográficas de Gonzalo Méndez, baleiramos dos arquivos da biblioteca da Universidade de Santiago, da Fundación Penzol e do Museo de Pontevedra, o contido toponímico da maioría das cartas náuticas, portolanos, mapas, atlas, libros de faros, libros de amillamento, o catastro de Ensenada, os distintos derroteiros, desde o século XIII ate o século XX.





Comprobamos a evolución desde os 17 topónimos da carta de Tofiño (1787) ate os 93 do "Derrotero ..." de 1915 para o entorno da baía de Baiona, desde as Illas Estelas ate Cabo Silleiro. Ó través de tantos mapas e textos atopamos castelanizacións (El Cangrejo, El Can, La Conchera), topónimos hoxe en desuso ou enganados (Olinos, Restinga de Lana, Peñasco de Abra, La Bercoma), claros erros de audición, transcripción ou impresión (Los Callanos, Corbiro, El Porte, Abajadero, Los Caballos) e mesmo dislocacións ("Centoulo" nas Gateiras ou "Punta de los Hornos" na Area de Vacas).

A combinación de tódalas fontes consultadas aportonos 130 topónimos para a área As Estelas-Silleiro. É entón cando procedemos á enquisa oral móbil. O traballo de consulta documental e bibliográfica foi agradable, gozamos cos, recién publicados, debuxos de Pedro Teixeira de 1634, cos avances das cartas de Tofiño, coa gran aportación toponímica das cartas de Antonio Doral sobre a ría de Vigo e Baiona e de Antonio Coello sobre Baiona, A Guarda e o Miño realizada para o atlas que acompañaba ó Diccionario de Madoz. A pesar de todo é inigualable o disfrute, a satisfacción, a admiración cara os nosos homes e mulleres do mar. Aínda que nós iamos pescar nomes tivemos que vare-

ar nos laños do congro de Rebel, acirrar na roda das Pedras de Alfonso Cruzado, halar a rede do ameixón e os tramallos da lamprea, apañar argazo coa "rede" desde A Rosaria en Portecelo, pescar robalizas co Pata-pá na Pinaza, coller percebes co Gabirro na Bombardeira, vivir o naufraxio do "Cabo Villano" con Gito, ¡mortes incluídas! En definitiva, hai que percorrer os distintos oficios que traballan no noso mar, ou nos nosos ríos e areais, porque as necesidades de nomear o espazo son distintas para unha argaceira, para unha mariscadora, para un mariñeiro de embarcación ou para un pescador de vara ou cana.

As argaceiras e argaceiros produciron unha toponimia milimétrica da súa zona de traballo. Tiñan que referenciar nominalmente as pedras desde as que apañaban o argazo coa "rede" (sorte de ganapán ou truel que nalgues chaman clamueiro), os sitios onde cortaban o argazo coa fouce con mango de 3 metros. En Portecelo púñanse enriba da Rosaria, O Cabaliño, O Aguión e tiraban o argazo para terra para secalo na Laxe da Grama, Os Tendales, A Laxe da Aurora... e gardalo nas casetas (A Caseta Alta, "O Ayuntamiento", A Caseta do Fondo...), que foron o xérmolo da actual aldea de Portecelo.




Bañistas e argaceiras na praia da Concheira (Baiona)



O mesmo podemos contar para a xente percebeira ou para os pescadores de cana ou vara. Canto ós mariñeiros que veñen polo mar, non necesitan tal precisión, nomean máis "grosso modo" o perfil costeiro, as unidades orográficas sen tanto detalle, un porto, un cabo, un illote, algunha pedra sobresaínte..., pero, a diferenza dos oficios anteriores, teñen que identificar con precisión o fondo do mar, porque supón un perigo na súa derrota diaria ou porque é un lugar de pesca. Ademais, por experiencia propia ou polo saber transmitido, saben da natureza do fondo (cuncha, pedra, area...) e da súa medida en brazas, coñecemento necesario para armar as artes de pesca e saber a variedade de especies que alí viven. O home dálle un nome a estes sitios, pero o mariñeiro que tiña que voltar ó lugar, sen GPS, había de tomar marcas en terra, consistentes en dúas liñas imaxinarias que se cruzan no mar no lugar a sinalar. En terra cada liña tírase de dous puntos, de cote un na beiramar e outro máis alto e máis lonxe. Para o mar de Baiona manexamos un documento escrito, unha libreta de marcas de José Antonio Selegante Pérez (1916-2005), quen ó longo de 54 páxinas foi anotando, en galego, dúcias de marcas, moitas veces ilustradas con bocetos. Para dar co sitio é preciso coñecer as marcas en terra, que ás veces son obvias e coñecidas (Faro Vello, Faro Novo, A Roca, A Torre do Príncipe), pero outras específicas e non coincidentes cos topónimos que se lle dan en terra.

Así o fondo leste, o norte e o sur do Val Miñor, teñen nomes que só os mariñeiros coñecen e que non son os que lle dan os habitantes daquelas parroquias. Ó sur do Galiñeiro, para os mariñeiros, están A Marca de Respingo, As Marcas de Muíños, As Marcas da Alta, A Gorda, A Alta e Santantón, que nada din ás xentes de Morgadáns, Peitieiros e Couso. Pepe Selegante indícanos: "a roca a os mojotes por o sur da marca de respingo"; o Seco de Fornos: "a dovanadoura avicada por as pedras da carral, sansón á cortada (da Marca de Muíños)"; ou para o Poste: "a casa de mirambell encima do corbeiro da estela de terra e as marcas da alta a salir por o norte de monte ferro".



A lectura do derroteiro e as conversas con Selegante revélanos o coñecemento, polo miúdo, dunha área duns 100 km<sup>2</sup>. Isto quere dicir que coñecía as marcas en terra cos seus nomes, os puntos que marcaban no mar, as brazas e a natureza do fondo e os accidentes costeiros. Podíamos abrir a libreta de marcas pola páxina que quixésemos e preguntarlle calquera particularidade: a súa resposta enriquecía aínda máis o que alí estaba escrito ou debuxado.

Somos conscientes de que non está aínda ben estudado o saber deste tipo de aborixe galego da beiramar que combina coñecementos orográficos e etoloxía mariña para determinar as artes de pesca e tirar os animais do seu medio. Ó tempo que coñece a meteoroloxía necesaria para moverse nun

hostil medio no que arrisca a súa vida. Home que entende de embarcacións, antano movidas a vela e a remos, logo a motor. Da complicada e, sen dúbida, intelixente combinación destes factores xeográficos, biolóxicos, técnicos, meteorolóxicos... depende o éxito na pesca e, polo tanto, a mantenza dos seus e del mesmo.

## OS NOMES DO MAR: A SÚA TEMÁTICA

Poden ser moitos os motivos que levan a impoñerlle un nome a un lugar. Hai algúns cun significado escuro, para nós, por estaren moi deformados ou en desuso; pola contra, a maioría traslucen unha aguda análise e coñecemento da natureza. Sen entrarmos en apreciacións filolóxicas, é doado organizalos en varios grupos temáticos:

- Os que reflicten a acción violenta e sonora do mar nas pedras: *A Bombardeira, Os Platicillos das Estelas, A Pedra que Bole, O Pita o Tren, A Roncadeira, Os Petóns de Fornos...*
- Os que aluden á morfoloxía: *A Devanadora, A Aguda, A Meda, O Navío Galán, A Mediña, O Gaiado, As Catro Mamas, Monteagudo, Os Picachos, A Bañeira, As Orelludas, Os Cuitelos ...*





- Os que se refiren ó aspecto cromático provocado pola colonización de plantas, animais ou dos compoñentes naturais: *A Negra, As Negriñas ou Os Fillos da Negra, Seixos Negros, Arribas Brancas, A Pedra Rubia, A Laxe Rubia, A Cagada, As Laxes Vermellas, Can Cagado ...*

- Os nomes referidos a un uso actual ou doutro tempo, ás veces do que só fica constancia no topónimo, polo que teñen especial importancia para a etnografía e a historia: *A Salina, As Siñas, O Desembarcadouro, A Punta da Sentinela, O Outeiro da Camboa, A Camboa de Xamúndez, As Camboñas, A Camboa, A Fragua, Os Tendales, A Cetárea, O Forte, A Pesqueira do Caldeiro, O Forno do Duque, A Vía, A Ermida, A Capela, A Pedra do Forno, O Castro ...*

- Son abundantes os antropónimos que nunhas ocasións fan referencia a lugares de pesca usados ou descubertos por homes ou mulleres que figuran nel: *Onde Varea o Melaso, O Seco do Judas, O Mar do Lugo, O Laño do Desiderio, O Con de Isidro, A Pedra do Berto*; noutras, a lugares onde se extendía o argazo a secar: *A Laxe da Felicia, A Laxe da Tía Casilda, A Laxe da Aurora*; ou, finalmente, a lugares onde aconteceu algún accidente: *O Josesiño, O Peito Ancho, San Francisco*.

- Numerosos son tamén os zootopónimos que expresan ben a abundancia de animais (*A Pedra dos Barbados, O Pintoeiro, O Laño do Congro, As Centolas, O Pracer do Rodaballo, O Porto das Caramuxas, O Lagosteiro, A Pedra dos Serráns*), ben o lugar de apousentamento (*O Corveiro, A Pedra da Garza, O Outeiro do Curveiro*); ou sitios nos que aparecen animais varados (*O Porto das Baleas, O Baleal, Balea, O Outeiro do Baleal*). Ás veces é a semellanza física cun animal (*O Cabaliño, O Cabalo, O Boi, O Centulo*), aínda que tamén poden facer referencia aos máis diversos motivos: *A Pedra do Can, A Pedra dos Polbos, O Salto da Cabra, A Pedra do Grilo, O Cabo das Pombas, O Rego da Londra ...*

- Hai nomes que aluden ás artes de pesca (*Rapapandullos e Papachumbadas, O Guicho ou O Gancho, O Rego do Pau e Os Ferranchos*) ou a partes da embarcación que fican danadas polo accidente orográfico

(*Ferralemes* e o abundante *Rapatimóns*).

- Non faltan, en fin, nomes de plantas (*Area das Canas, O Rego do Castaño, Feitales, A Herbeira, Os Xuncos, As Figueiras, O Pozo do Argazo, O Prixel, Lourido, Os Salgueiros, O Naranxo*); nin os haxiónimos (*San Benito, Santana, San Francisco, Santa Marta, Santa María de Oia...*)

## EVITAR OS NAUFRAXIOS

Evitar os naufraxios é motivo preferente para referenciar as zonas perigosas para a navegación. En varios casos as embarcacións naufragadas contribuíron a deixar pegada na toponimia da nosa costa e na memoria oral das xentes do mar.


Este é o caso da lancha de pesca "La Regente", que se afundiú o 5 de abril do 1900 por terra de Silleiro, morrendo os seus once tripulantes (Pazos, 2001); por este accidente coñécese o lugar coma *a do Peito Ancho*, que era o alcuño dalgún dos tripulantes (Juán Manuel Ramos, Julio Ramos).

O 25 de Xaneiro de 1906, por fóra de Silleiro, ó pé da Atravesada, enxurrou o barco inglés "Collinghan", non morrendo ningún dos seus 24 tripulantes. Ía cargado de semente de algodón e dirixíase rumbo a Shaspues (*El Miñor*, 27 de Xaneiro de 1906, nº 63; Pazos, 2001; Patricio, 2004). A pedra na que varou recibe hoxe o nome *O Cunichán*, deformación fonética do nome orixinal.

Preto do baixo anterior, o 25 de Xaneiro de 1931 foi ó fondo o pesqueiro "ABC", no lugar hoxe así coñecido. Se daquela morreron os seus oito tripulantes, o 11 de outubro de 1958, cando lle partiu o eixo de cola ó "Cabo Villano", morreron tres dos seus cinco tripulantes.

En 1917 enxurrou o "Cabo Oropesa" nos baixos do SO de Ribel, na Guarda: hoxe reciben o nome dos *Baixos do Oropesa* (Pazos, 2001, 2003; Patricio, 2004). Fronte a eles, na liña de costa temos *A Pedra de Baixo*, tamén chamada *A Pedra do Queimado*, xa que alí bateu un pesqueiro que tiña como un dos propietarios a un home alcumado "O Queimado".

Ó Norte de Portecelo temos o Baixo de San Francisco, xa que neste lugar foi ó fondo un pesqueiro portugués así chamado, morrendo tódolos ocupantes.



O afundimento do "Highland Pride". Ano 1929

Na Boca do Sur da Ría de Vigo temos o lugar chamado *O Barco do Sal* ou *O Conde de Barbate*, onde foi ó fondo este barco, abordado polo trasatlántico francés "Colombie" o 11 de outubro de 1955, cando saía do Porto de Vigo.

Nos últimos anos teñen aparecido unha mancha de publicacións acerca dos naufraxios na nosa costa, froito, sobre todo, dun laborioso traballo de pescuda en hemerotecas. Estas investigacións transmiten, tanto a traxedia, moitas veces con vidas humanas, como os erros toponímicos impresos no xornal. A listaxe é tan abundante como o número de naufraxios. Só citar tres casos:

- O do "Cabo Oropesa", que enxurrou e logo foi rescatado ó sur de Rebel ou Ribel, preto da Guarda. Alí deixou o seu nome: *Os Baixos do Oropesa*. Pero a prensa emprazou o accidente "entre los bajos de Pedralba y Rabelina inmediatos a la barra del río Miño". Realmente é ó NO da *Pedra Alta* ou Sollás e ó sur de *Rebel* ou *Ribel*, pero nin *Pedralba* nin *Rabelina*.

-No 1930 enxurrou o cargueiro grego "Assimacos" no Outeiro do Rosaleiro e non "na laxe dos Videos (son Os Vidros), xusto fronte ó baixo Robaleiro".

-Varios autores sitúan o accidente do ABC, en 1931, "no con dos Lobos, na desembocadura do Miño", cando foi ó SL do Lobo de Silleiro, nun lugar desde aquela chamado o ABC. É, sen dúbida, unha transmisión do erro xornalístico.

É preciso, polo tanto, prestar a atención necesaria á toponimia, parte importante da nosa cultura, do noso patrimonio intanxible, creación centenaria, ás veces milenaria, que neste caso nos axuda a emprazar o patrimonio marítimo asulagado (Pereira, D., 2005 b).

## OS XENÉRICOS

Previa á definición dunha serie de xenéricos costeiros que puidemos recoller ó longo dos traballos de campo de rexistro da información microtoponímica marítima e fluvial, que se realizaron a través da enquisa etnográfica móbil, quizais conveña explicar qué entendemos por xenéricos para poder comprender como se comportan e caracterizan na franxa costeira obxecto de estudo, que discorre desde o Esteiro do Río Miño (A Guarda) ata A Punta do Caranquexo (Panxón, Nigrán).

Podemos dividir os topónimos en dous planos interrelacionados. Por un lado, o lingüístico e, por outro, o xeográfico (s/a, s/d "Proxecto ...", "Manual ..."). No primeiro aspecto podemos deslindar dous elementos:

- a)- O específico, elemento do topónimo que o identifica de xeito particular, vg. *A Longa* (Viladesuso, Oia).
- b)- O xenérico, que describe a realidade xeográfica á que se refire. Pode aparecer:
  - formando parte do topónimo (xenérico explícito), vg. *O Puntal das Orelludas* (Pedornes, Oia).
  - por si mesmo, vg. *O Con* (Santa María de Oia), *A Laxe* (Pedornes, Oia).
  - ou ben non aparecer (xenérico implícito), pero sempre vai identificar unha realidade xeográfica para o que os informantes teñen un xenérico na fala viva, vg. *A Costadiza* ou *A Costariza* (Mougás, Oia), que identifica laxe como xenérico ou corónimo vivo na fala.

As xentes do mar víronse na obriga de nomear e usar unha serie de termos singulares ou propios de cada zona que definen e describen os elementos ou entidades xeográficas ás que se están a referir, de xeito que a mesma realidade fisiográfica pode recibir noutro punto da costa un xenérico diferente.

Hai casos nos que os xenéricos definen e precisan polo miúdo e de maneira explícita as realidades xeográficas que identifican. Contamos con numerosos exemplos na costa estudada. Por poñer dous, o topónimo *O Sollás*, na zona marítima de Camposancos (A Guarda), é precisado con: *A Rampla do Sollás*, *O Petonciño da Rampla do Sollás*, *A Ladeira do Sollás*, *O Petón do Sollás*, *O Porto do Sollás*; mentres que, na zona de Pedornes (Oia), o topónimo *As Orelludas*, é delimitado con: *A Orelluda do Norte*, *A Orelluda do Sur*, *O*













*Laxón das Orelludas, A Banqueta do Norte das Orelludas, A Banqueta de Fóra das Orelludas, O Rego das Orelludas, O Banco das Orelludas, O Puntal das Orelludas.*

Na toponimia costeira (marítima e fluvial) recolleita, contamos cunha serie de xenéricos singulares froito da interacción secular entre homes e mulleres (mariñeiro, percebeiro, argaceira) e medio mariño e fluvial, que pasamos a definir (Vilar Pedreira, Rodríguez Álvarez e Nieto Novoa, 2004; Vilar Pedreira e Rodríguez Álvarez, 2005):

- *Allada*.- Mancha de area de menor amplitude na superficie do fondo do mar.

- *Baixo*.- Rocha que pode descubrir na baixamar ou que rompe con marés fortes. Están achegados á terra. Emprégase un ricaz vocabulario dos efectos da auga sobre eles: *mira como lava, como refoufulla, rebenta, vela, cubre, rompe, pode estar anegado, ser falso*. Quen mellor marca a súa existencia é a formación de ondas, espuma ou rompente nos seus arredores.

- *Banqueta ou ladeira*.- Na costa de Oia os mariñeiros empregan este xenérico para referirse a unha laxe, de gran tamaño e forma plana, subsidiaria doutra maior que sae dunha pedra ou dun illote e que se atopa cuberta pola auga (vg. *A Banqueta do Sur, A Banqueta de Terra, na Pedra da Agoeira, A Ladeira de Forxas, A Banqueta do Picoto da Longa*).

- *Beirada*.- Franxa ou zona de contacto ou división entre o *limpo* e a superficie rochosa (vg. *A Beirada de Oia, A Beirada de Portecelo*).

- *Brugal*.- Xenérico, propio tamén da zona de Oia, que designa unha zona areosa da superficie do fondo do mar con presenza de cunchilla, restos de cunchas de ameixas, de mexilóns, de lapas, etc. (vg. *O Brugal, Santa María de Oia*).

- *Cabozos*.- Consideración que teñen aquelas pedras sempre cubertas e que rompen con marusías. Xenérico empregado máis na fala viva que nos topónimos, aínda que temos: *O Cabezo do Boi, O Cabezo do Lobo, O Cabe-*



*zo Vivo, Os Cabezos de Barxes, Os Cabezos do Outeiro.*

- *Carreira, paso ou carreiro*.- Hai lugares ou espazos que reciben estes nomes para indicar unha zona habilitada tanto polas características do fondo como pola situación do mar (preamar, baixamar, calmo ou con marusía)





para transitar por ela. Pasar por estes lugares depende do prognóstico que determine o propio mariñeiro, sendo de vital importancia unha boa avaliación da situación (vg. *A Carreira de Panxón*, *A Carreira da Bacoura*, *O Paso do Larido*, *O Carreiro*, todos eles nas Estelas).

-*Castizal*.- Xenérico empregado polos mariñeiros na zona de Oia para designar a zona do fondo do mar con presenza de corais.





**-Con.-** Hai que sinalar que este termo consérvase de forma escasa nesta franxa costeira como un xenérico case fosilizado, que se refire a unha pedra alta e afiada que se asoma á superficie da auga e que co devalo queda máis ou menos descuberta. Vg. *O Con, O Con de Isidro* (Santa María de Oia). Este xenérico é máis numeroso na Ría de Arousa (Rodríguez Rodríguez, M, 1976).

**-Eiriña.-** En Camposancos (A Guarda) empregan este termo para a rocha plana (vg. *A Eiriña da Luísa*).

**-Laño.-** Xenérico moi frecuente en toda a costa. Designa unha fenda, racha ou burato na rocha onde cría peixe (congrós, moreas, serráns, maragotas, pintos, etc.) e polbo. (Vg. *O Laño do Crongo, O Laño Grande, O Laño da Orosia, O Laño do Batedeiro, Os Laños dos Furtados, O Laño de Desiderio, O Laño do Pireguas*).

**-Laxe.-** En toda a liña de costa é común este xenérico empregado para denominar unha rocha que presenta unha superficie plana. Tamén vemos este xenérico formando topónimo por si mesmo: *A Laxe, A Laxiña, As Laxes*.

**-Limpo.-** É unha extensión de superficie do fondo do mar formada por area.

**-Mesiña.-** Recollimos o termo ben como unha rocha próxima e menor a outra (*A Mesiña do Corveiro da Estela de Fóra*), ben como rocha na parte alta das Estelas que serve como referente para as marcas. O nome fai referencia á súa forma plana.

**-Olga.-** É unha laxe que non descobre coa baixamar, pódese ollar desde a embarcación. Aínda que se nos falou delas con argazo no sur dos Carallóns non o recolleemos como xenérico incluído en ningún topónimo.

**-Petón.-** Ó longo de toda a costa utilizan este termo, que vén sendo un tipo de rochas que asoman á superficie, que cobre a preamar e nas que peta o mar e estoura. Temos: *Os Petóns de Fornos* en Baredo (Baiona), *O Petón das Mamas* (Santa María de Oia), pero



sobre todo úsase na Guarda: *Os Petóns do Sur e do Norte* diante das praias de *Fedorento* e *Area Grande* e en *Ribel* e *O Petón da Argola*, *O Petonciño do Sollás...*

**-Porta.-** Lugar de entrada e saída a outro espazo maior. O acceso á Calma de Rebel son *As Portas do Mar*; na entrada norte do Miño temos *A Barra de Portas*; entre Mon-






teferro e A Estela de Terra hai *A Porta*; na Doca hai *Os Secos da Porta Real*. As cartas náuticas chámanlle *O Freu da Porta* á *Porta Pequena* e *O Freu das Estelas*, que recolle-mos como *Entre as Estelas*, co que se nos plantexou a dúbida de se *Freu* (do latín *frētus-us*, porta) sería un catalanismo aportado por alguén dos redactores das cartas, ollándoo por vez primeira no derroteiro de 1915 (s/a, 1915). Froito das conversas cun dos

informantes, Selegante, púdo-se recoller que para pasar por un lugar complicado (por un *carreiro*, *paso* ou *carreira*) ou acceder a un porto previamente hai que *estar ó freu*, é dicir, a embarcación en posición e en boas condicións o mar.

-*Portos*.- Comunmente entendemos como porto o lugar de abrigo natural ou artificial para fondeadeiro e descarga de embarcacións





de maior ou menor porte, dotado dunha serie de servizos e instalacións (surtidor de combustible, lonxa, varadeiro, cámaras para o peixe, etc.). Nembargantes puidemos recoller moitos *portos* no tramo de costa entre Cabo Silleiro e Camposantos. Para os informantes, estes non son máis que pequenos entrantes ou abrigos naturais na costa, nos que ás veces é dificultoso desembarcar (vg. *Portosanín, O Porto das Canelas, O Porto dos Barcos, O Porto de Ribasaltas, Porto de Xuncos, Porto de Seixos, Portecelo, O Porto do Sollás...*). Tamén ás veces é sinónimo de *rego* e *caneiro*, que vén sendo un entrante máis fondo e estreito entre o rochedo da costa (vg. *O Rego do Canairo, en Mougás, Oia; O Caneiro, en Santa María de Oia*). Na zona fluvial un *rego* ten outra acepción, a dunha zona máis fonda que posibilita o tránsito. Mentres que na península de Monteferro, que está constituída por estratos de xisto flexionados e dispostos en forma vertical, xéranse entradas na terra e configuran regos ou canles como por exemplo *O Rego do Castaño, O Rego do Carreiro, O Rego da Furna, O Rego da Porta, O Rego do Coello* ou *O Rego da Londra*.

-*Pracer*.- Tamén xenérico propio da zona de Oia, que vén sendo unha zona ou páramo no fondo do mar rico ou abundante en peixe (rodaballos, raias, linguados, abadexos...) e en marisco (lagostas, centolos, bois ...). Recollemos este xenérico nos topónimos *O Pracer dos Frades, O Pracer de Rodaballo* (Santa María de Oia) e *O Pracer da Lagosta* (Pedornes, Oia).

-*Rego*.- Franxa ou mancha alongada e estreita de area no fondo do mar (vg. *O Rego de Torrecelo; O Rego da Agoeira, en Santa María de Oia; O Rego das Orelludas, en Pedornes, Oia*).

-*Seco*.- Xenérico propio da lingua mariñeira de Baiona. É aquela parte emerxente nun fondo máis ou menos uniforme. É dicir nunha zona de 20 brazas de fondo atópase un sector con 14 brazas, unha elevación do fondo con cabezos e picos rochosos que nas súas beiras vai criar peixe. Na zona de Oia á mesma realidade xeográfica atribúeselle un xenérico distinto, *banco*. Dentro da uniformidade da superficie do mar, para saber voltar a un *seco* ou outro lugar de pesca son necesarias as marcas, das que xa falamos.

-*Serrón*.- É unha restinga de baixos, cabezos, cons (vg. *O Serrón do Naranxo, O Serrón do Lobo, O Serrón de Nordeste, O Serrón*). O seu parecido cos dentes dunha serra deu topónimos como: *A Serreira, Serrido, O Poste da Entreserra, A Praia e O Puntal de Serra, As Serralleiras*.-

## O PATRIMONIO MARÍTIMO

Advertimos no comezo do artigo do valor en por si da recollida dos nomes do río e do mar, con valor intrínseco como patrimonio inmaterial pouco valorado ou sobre o que se ten traballado pouco. Advertimos tamén da súa importancia desde o punto de vista da lingüística, etnografía, arqueoloxía, historia, bioloxía... Agora ímonos fixar como exemplo na grande aportación da recollida toponímica ó campo do patrimonio marítimo inmobiliario e só imos indicar aquel patrimonio implícito no topónimo, ó que habería que engadir aquel que coñecemos a través das conversas fixas ou móbiles.

### Asentamentos:

- prehistóricos: *O Castro*
- medievais: *A Pescaría*
- actuais:
  - vila: *Baiona*
  - aldea: *Portocelo, Viladesuso*
  - barrio: *O Burgo*

### Arquitectura popular:

- muíños de vento: *Os Muíños*
- muíños hidráulicos: *O Muíño de Facorro*
- tendais:
  - de redes: *O Tendal de Maciel*
  - de argazo: *A Laxe da Felicia*
- fontes
  - manancial: *A Fonte do Cu Quente*
  - construída: *A Fonte da Ribeira*
- vivendas:
  - labregas: *San Xian*
  - mariñeiras: *Malteses*
  - argaceiras: *A Caseta Alta*
- outros:
  - escola: *A Escola da Pasaxe*
  - marco xurisdiccional: *A Pedra do Home ou A Santiña.*
  - *A Caseta dos Ovos*

### Instalacións industriais:

- telleira : *A Tilleira*
- forno de cal: *O Forno do Duque*
- serradoiro: *O Muelle de Serrerías*
- fábrica de conservas: *A Fábrica de Puga*
- balneario: *As Casetas, O Balneario*
- saíñas: *As Siñas, A Salina*
- cetáreas, viveiros: *A Cetárea de don Pepe Sobrino, A Cetárea*
- pesqueiras: *A Pesqueira de Tomón*
- outros:

*A Noria*  
*A Fragua*

### Instalacións militares:

- castelos (torres, baluartes...): *A Torre do Príncipe, As Pedras do Forte*
- vixilancia, control: *A Punta da Sentinela, A Grita*
- batería: *A Batería de Silleiro*
- casas de soldados: *As Casas dos Soldados*
- sinal: *O Facho*

### Instalacións portuarias:

- porto:
  - natural: *O Porto de Fornello*
  - construído: *O Porto de Oia*
- rampla: *A Rampla de Ruíz*
- varadeiro: *O Varadeiro*
- chavola, almacén: *As Chavolas, O Almacén*
- desembarcadeiro: *O Desembarcadouro*
- espigón: *A Doca*



- peirao, muelle: *O Muelle das Motoras*
- outros:

*A Pedra da Barca*  
*A Pedra dos Bois*  
*O Cagatorio*

### Construcións relixiosas:

- mosteiro, convento: *Mosteiro de Oia, Convento da Ínsua*
- igrexa: *A Igrexa de Panxón*
- capela, ermida: *A Ermida, A Capela*
- cruz: *A Cruz dos Mortos*
- monumento: *A Virxe da Roca*

### Sinais:

- faro: *O Faro Novo, O Faro Vello*
- facho: *O Facho*
- outros: *A Pedra do Pau, O Varón*

### Monumentos:

- petroglifo: *A Laxe do Lapón*
- enterramento megalítico: *A Madorra*





- outros:

*A Virxe da Rocha*  
*O Monumento (á Marina universal)*  
*A Placa de Ordóñez*  
*A Volta dos Nove*

### Pecios:

*O Cunichán (Collingham)*  
*O Pride (Highland Pride)*  
*O Queimado*  
*Os Baixos do Oropesa*  
*O San Francisco*

## REMATE PARA UN COMEZO URXENTE

Agardamos non ter sido cargantes ó longo do artigo e tervos transmitido o amoroso do traballo coas nosas xentes do mar e así animarvos á recollida urxente da nosa hidrotponimia que non figura en catastros nin mapas, que nunha enorme porcentaxe forma parte da estrutura mental dos nosos mariñeiros, mariscadoras, percebeiras/os... que usaron do río e do mar como fonte de vida.

Ficou demostrada a riqueza que garda de seu o tesouro dos nomes do mar, tesouro poético, arqueolóxico,

etnográfico... elemento importantísimo do patrimonio inmaterial, intanxible, que é a palabra. É evidente a fragilidade da mesma, aínda que sexa pronunciada por ronca voz mariñeira. A súa fasquía etérea tórnase material testemuñando a existencia dun variadísimo patrimonio marítimo-fluvial inmobile clasificable en máis de medio cento de categorías, que nos descubriu a existencia de saíñas (As Saíñas) e camboas que non coñecemos (As Camboñas) ou o emprazamento de pecios como patrimonio asulagado (O Pride).

É de rigor reclamar a asociacións e administracións a inaprazable recollida da talasonimia antes que sexa tarde, porque falten os portadores deste saber popular non escrito. Para iso brindamos a nosa colaboración e pequena experiencia.

Agradecemoslle a Carlos Méixome a lectura crítica do texto.

Vai por Celia de Camposancos e Estrela de Portecelo que, a barriga de meses, apañaron o argazo en Rebel, co mar polo peito, e percebes no Sarrido, roncando o océano nos pés.

## BIBLIOGRAFÍA

- DÍAZ GUERRERO, Francisco (2002): *Naufraixios no mar de Vigo*. Ed. Xerais. Vigo.
- GIRÁLDEZ RIVERO, Jesús (1997): "A explotación dos recursos do mar" in *O feito diferencial galego. I Historia*, volume 2, Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, pp. 235-250.
- GONZÁLEZ MARTÍNEZ, Praxíteles (2000): *A terra das nosas raíces. Topónimos e motes de O Rosal e A Guarda*. Pías, O Rosal.
- MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo (1994): *Cartografía antiga de Galicia*. Deputación Provincial de Pontevedra.
- MÉNDEZ MARTÍNEZ, Gonzalo (2000): *Cartografía de Galicia (ss. XVI ó XIX)*. Colección Puertas-Mosquera. Exposición Colexio de Fonseca, abril, 2000. Universidade de Santiago de Compostela.
- PATRICIO CORTIZO, Fernando (2004): *Historia da costa galega e os seus naufraxios. Século XX*. Ed. Xerais.Vigo.
- PAZOS, Lino J. (2001): *Naufraixios en las Rías Baixas*. Vigo.
- PAZOS, Lino J. (2003): *Naufraixios. Costa NW (1900/2002)*. Cambados.
- PEREDA, Felipe e MARÍA, Fernando (eds.) (2003): *El Atlas del Rey Planeta. La descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos de Pedro Texeira (1634)*. Ed. Nerea. San Sebastián.
- PEREIRA, Dionisio (2000): *"O patrimonio marítimo de Galicia"*. Federación Galega pola Cultura Marítima.
- PEREIRA, Dionisio (2005a): *Foulas e Ronseis (Retrincos para un tratado do mar dos galegos)*. Eds. Positivas. Santiago de Compostela.
- PEREIRA, Dionisio (2005 b): "O patrimonio marítimo galego na súa diversidade" in *A Trabe de Ouro*. Tomo III. Ano XVI. 2005, pp. 335-347.
- RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Manuel (1976): *Hidrotponimia de la Ría de Arosa. Accidentes costeros, emergentes y submarinos con sus coordenadas*. Seminario Fontán-Sarmiento de hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia. Santiago de Compostela.
- s/a (2003): *A Guarda. Catálogo do litoral rochoso*. Confraría d'A Guarda.
- s/a (1915): *Derrotero de las costas de España y Portugal desde el Cabo Trafalgar hasta el puerto de La Coruña*. Dirección General de Navegación y Pesca Marítima. Sección Hidrografía. Madrid.
- s/a s/d: *Manual de Metodoloxía para a recolleita de información toponímica*. Proxecto Toponimia de Galicia.
- S/a s/d: *Proxecto Toponimia de Galicia*. Informe de problemáticas dos traballos de campo do PTG.
- SACAU RODRÍGUEZ, Gerardo (1998): *Os nomes de Ría de Vigo I, II, III*. Instituto de Estudos Vigueses. Vigo.
- VILAR PEDREIRA, X. L., RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, R e NIETO NOVOA, B. (2004): *Aeroguía Litoral do Ámbito Territorial da Confraría de Baiona*. Confraría de Pescadores "A Anunciada" de Baiona. Barcelona.
- VILAR PEDREIRA, X.L. E RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, R. (2005): "Os nomes do mar". *Raigame*. Revista de Arte, Cultura e Tradicións Populares. Nº 22. Deputación Ourense. Ourense. pp. 6-55.
- Xornal *El Miñor*, nº 63, 27-I-1906.



Ivone Baptista de Magalhães<sup>1</sup>  
João Paulo Baptista<sup>2</sup>

Fotografias de João Baptista

### Introdução:

O objectivo de estudar e proteger o nosso património, em particular o património relacionado com o meio aquático do litoral da Província do Minho, tem como preocupação a preservação de uma memória, de um testemunho do passado recente e em simultâneo fazer o seu levantamento e inventário, tendo em conta a própria natureza dos bens móveis, em constante depreciação tecnológica, e dos bens imóveis, sujeitos a demolições e à conseqüente extinção, por via do desenvolvimento local.

Considerando que a melhor forma de proteger o património é o seu estudo e que a publicação dos resultados desse estudo é o garante do envolvimento quer da comunidade científica quer dos públicos, ambos cada vez mais conhecedores e exigentes na sua salvaguarda, o presente trabalho resulta de um estudo e inventário dos vestígios das Cambôas, desde Esposende até Caminha, que se iniciou em 1986 e que hoje continua em curso.

As Cambôas são pesqueiras construídas pelo Homem em pleno mar, junto à linha de praia, em zonas de forte afloramento rochoso, que é aproveitado para consolidar a sua construção.

O Património Marítimo e Fluvial exige um estudo multidisciplinar, porque trata não só dos vestígios técnico-artesanais, mas também dos usos e costumes e das tecnologias tradicionais associadas, das formas de

transmissão dos diversos conhecimentos relacionados com as formas de construção e de utilização, mas também dos documentos de arquivo, iconografia e fotografia antiga, e da própria organização espacial da comunidade que construiu e utilizou durante séculos estas pesqueiras.

No Norte de Portugal as "Cambôas" existiram desde a Idade Média, documentadas desde as Inquirições de 1258, e chegaram como propriedade imobiliária até 1940, década em que a legislação portuguesa de protecção às espécies alvo de pesca, as considera ilegais por não permitirem capturas selectivas e ordena a sua demolição maciça, levando à sua extinção imediata e irreversível.



1.- Arqueóloga Subaquática, Directora do Museu Municipal de Esposende, Consultora Científica da Associação "Barcos do Norte", Viana do Castelo.

2.- Investigador de Património Marítimo e Fluvial, Promotor de Encontros de Património Naval, Presidente da Associação "Barcos do Norte", Viana do Castelo.





## 1. A Associação BARCOS DO NORTE

Os autores, em 1986 iniciaram em Carreço, Viana do Castelo, o primeiro estudo sistemático das pesqueiras do mar de Carreço, publicado parcialmente nos Boletins Culturais editados por ocasião das Festas anuais da Nossa Senhora da Graça, padroeira da comunidade agro-piscatória de Carreço.

Nessa data já o cosmopolitismo invadia lentamente a comunidade, dando-lhe o mesmo destino que dava às comunidades litorais vizinhas. Carreço sacrificava aos loteamentos urbanísticos de veraneio as suas *Casas de Quinta*: casas agrícolas auto-suficientes que produziam horta, vinho, gado, pão e peixe, pois tinham barco de pesca e *companha*<sup>3</sup> registada na Capitania do Porto de Viana do Castelo.

Fundada pelos autores e um grupo de amigos em Viana do Castelo, a Associação "Barcos do Norte" tem por objectivos a Preservação, a Defesa e o Estudo do Património Marítimo do Norte de Portugal.

O seu principal objecto de estudo é o Património Marítimo, entendido em sentido lato. Os lugares ribeirinhos são por excelência o palco desse património, a par da água, sempre presente. Cada comunidade humana gerou a sua própria arquitectura dos lugares ribeirinhos, organizados quase sempre, entre a Igreja paroquial e a borda de água.

Os modos de vestir, a gastronomia, a arquitectura e o mobiliário das casas, as suas tecnologias, ferramentas e alfaías, os seus barcos e artes de pesca, a sua religiosidade, os ritos do namoro, do casamento e do luto, a forma de transmissão de conhecimentos pela oralidade e pela experimentação, em resumo, as formas de pensar, fazer, usar e sentir de cada comunidade, seja piscatória, marinheira ou agro-piscatória, dão ao território ribeirinho, fluvial ou atlântico, uma autenticidade genuína e única.

No Norte de Portugal, entre-os-rios Cávado e Minho, num território com pouco mais de 60 km de costa, é ainda possível seguir o percurso das antigas comunidades humanas que fizeram da água, afinal, o seu modo de vida.



Trabalharam como embarcações, moços de bordo, marinheiros, pilotos, construtores navais, calafates, pintores, salineiros, sargaceiros, construtores de cambôas, pescadores, vendedores de peixe, redeiros, cesteiros, peixeiras, varinas, rematadeiras, rendilheiras, comerciantes e vendedores de mercadorias várias ligadas a este universo.

Todos eles, afinal, homens e mulheres que cimentaram o nosso passado e construíram com as suas tradições ao longo da história um legado único: a nossa identidade como povo.

É em busca desse legado que demanda a *Barcos do Norte*. O presente inventário das *Cambôas de Carreço* é uma das muitas formas de dar voz a esse legado.

## 2. As Cambôas de Carreço

Freguesia do Concelho de Viana do Castelo, Carreço localiza-se a 6 km a Norte desta cidade. Tem uma área de 24 km. quadrados, descendo em anfiteatro desde a encosta da Serra de Santa Luzia até ao Oceano, passando pela colina de Montedor, que desce nalguns pontos quase abruptamente até ao mar.

Banhada pelo Atlântico, que acompanha longitudinalmente, Carreço é uma Freguesia privilegiada pela sua situação geográfica, onde a protecção proporcionada pelos maciços rochosos de Santa Luzia e Montedor cedo condicionam a fixação do Homem por estas áreas, bem como a distribuição dos espaços habitacionais e de exploração agrícola, de anexos rurais e outros.

3.- Tripulação do barco, experimentada nas lides da navegação à vela e da pesca.

Por pesca designa-se a acção e o efeito de capturar qualquer ser vivo aquático. Cedo na história do Homem se descobre a pesca como meio de aproveitamento dos recursos alimentares que a fauna marinha pode proporcionar. As tecnologias de pesca estavam basicamente inventadas no final do Neolítico, ou seja, a pesca à mão, à mão com anzol, à cana com linha e anzol, com armadilhas móveis (nassas, alcatruzes, marajonas e covos), com armadilhas imóveis (Cambôas e Pesqueiras) e à rede (flutuantes, cercadoras e arrasto).

No território de Carreço os vestígios arqueológicos neste âmbito revelam que durante o Paleolítico Superior se fixaram na área da freguesia determinadas culturas humanas que praticavam a recollecção de moluscos e crustáceos. E muito possivelmente, também a pesca, por processos muito rudimentares.

São escassas as fontes escritas sobre esta temática, no que concerne a Carreço, mas apoiando-nos nas sobrevivências da tradição oral podemos vislumbrar um quadro do quotidiano rural dos princípios do século, e por comparação, conjecturar sobre o passado mais próximo e assim tentar reconstruir parte da história da Pesca de Carreço.

Existem fundamentalmente dois tipos de pesqueiros em Carreço: um de livre acesso onde todos podem ter acesso, "A quinta Grande" como lhe chamam, o mar que banha a costa de Carreço; outro, considerado bem de raiz, propriedade imobiliária que todos conhecem mas só onde os proprietários podem pescar. É deste que vamos falar: As Cambôas.



As Cambôas são pesqueiros vedados por paredes de pedra, que ficam afogadas nas preia-mares (maré cheia), e ao baixarem as marés deixam sair as águas, o peixe miúdo e espécies de pequeno crescimento através de redes («tranqueira», também dita «trancada») colocadas numa porta, chamada «broeira», aberta do lado das águas. Geralmente as paredes ou «cerco» da Cambôa são construídas aproveitando a rocha natural, onde se entalam as pedras em sucessivas camadas, dando assim mais resistência às paredes da Cambôa.




fig. 1




fig. 2

Nas Inquirições de D. Afonso III, de 1258, há referências a Cambôas da então «Viana da Foz do Lima» («...cambôa pedrina daan al rey o melhor peixe...») mas não acontece o mesmo em relação a «Santa Maria de Carreço», onde o foral não faz nenhuma alusão a Cambôas, o que torna hipotética a possível existência desses pesqueiros no século XIII. A essa data Carreço era uma «paróquia» de predominância rural.

É só no século XVIII que as Cambôas de Carreço adquirem importância: elas são um bem imobiliário disputado em heranças e raramente transaccionado. Os seus proprietários tinham-nas registadas nas repartições competentes e pagavam por elas impostos e contribuições. Com o advento da República algumas cambôas passam à posse da Junta de Freguesia (num total de 10) a qual as arrendava anualmente em hasta pública.

Em 1930 o Decreto 18524 de 27 de Junho vem, no seu artigo 9º, a validar por mais dez anos as concessões feitas às Cambôas, findos os quais todas as Cambôas existentes serão demolidas. De facto a partir de 1940 as Cambôas extinguem-se quase completamente: sobrevivem algumas cuja demolição foi parcial, o que permite ainda utilizá-las como pesqueiro, mas como







tal uma utilização «ilegal» e sujeita a multas relativamente onerosas. Este facto levou à progressiva extinção da «arte» da Cambôa: a «tranqueira», actualmente raramente utilizada e em vias de extinção em Carreço.

As Cambôas podem classificar-se em três grupos, em função da distância a que estão da praia e em função da área que ocupam. Assim as «Cegas» são Cambôas a relativa distância da praia e em zonas de maior profundidade. Os «Caxuxos» são Cambôas de reduzidas dimensões (logo de valor inferior às outras) e as Cambôas propriamente ditas, de grandes dimensões (no artigo 6º do mesmo Decreto o custo das licenças de exploração de Cambôas tem como base 1.000 metros quadrados de área ou fracção concessionada, sobre os quais o concessionário pagava 50 escudos, - 25 cêntimos actuais - acrescidos por mais 25 escudos por cada uma outra fracção que possuísse além da primeira, o que revela a importância económica destes pesqueiros).

Da importância socio-económica das Cambôas para a comunidade local de então, ficou-nos como testemunho um conjunto de topónimos associados aos locais onde elas outrora existiram (fig. 3) e que tão importantes quanto revelarem a presença material destes pesqueiros (pelos vestígios sobreviventes em forma de alguns trechos de muros arruinados) são-o mais ainda por comprovarem que praticamente toda a Casa Rural Tradicional da Carreço foi proprietária de uma ou até mais do que uma Cambôa: os nomes das Cam-



Artes de pesca  
fig. 4






fig. 3

### Localização das Cambôas ao longo da costa de Carreço Inventariadas de Norte para Sul:

1. Cambôa do Curral
2. Cambôa do Botelhal
3. Cambôa do Cigano
4. Cambôa do Churra
5. Cambôa do Bico
6. Cambôa Cega
7. Cambôa do Caxuxo
8. Cambôa do Oliveira
9. Cambôa do Morgado (ou de Fornelos)
10. Cambôa do Marinheiro (também dita de Sucampos)
11. Cambôa do Porto
12. Cambôa do Padre
13. Cambôa do Gabriel
14. Cambôa da Perdigueira
15. Cambôa do Quintas (ou de Camarido)
16. Cambôa da Condessa (ou A Condessa)
17. Cambôa do Nateiro
18. Cambôa dos Mouros
19. Cambôa do Saínhas (ou Seínhas)
20. Cambôa do Fundo do Carochó
21. Cambôa do Louvado
22. Cambôa da Faroleira de Carreço
23. Cambôa da Faroleira de Montedor
24. Cambôa do Limo
25. Cambôa Cega
26. Cambôa do Fragão
27. Cambôa do Canto do Marinho
28. Cambôa do Andrel
29. Cambôa do Caxuxo
30. Cambôa do Inguieiro (também dita Combona, Cambôa e Barbela)
31. Cambôa do Furado (também dita Juncos e Chega)

bôas coincidem com os nomes das casas tradicionais actuais (ambas tem o nome do proprietário ancestral).

As Cambôas, também ditas Combôas, eram construídas e depois, quando necessário, reparadas, sempre nas marés baixas ou nas baixa-mar se estas o permitiam, pois estas construções situavam-se junto à orla, numa faixa de mar pouco profunda que, com a maré vazia (baixa-mar) ficavam escoadas de água (que saía pela

pequena abertura, "porta" na base Oeste, geralmente, do "cerco"). O peixe entrava nela quando a maré subia (até à preia-mar) e depois tinha imensas dificuldades em sair quando esta baixava, até ficar finalmente em "seco", "entocado" nas poças que se formavam junto às pedras. Era depois pescado à mão ou à "fisga". Esta descrição corresponde a uma Cambôa muito próxima da linha de praia, porque há também Cambôas que se situavam em zonas ligeiramente mais profundas (as





"Cegas") e nestas, a pesca já não se podia fazer à mão ou à "fisga" com a mesma facilidade que no caso anterior.

### 3. Conclusões

Conhecer e estudar a nossa história não basta para que saibamos o que somos. Para saber e conhecer desmistificadamente o que somos como realidade local, como Comunidade, como «povo», torna-se necessário estudar a nossa própria cultura, não apenas aquela cultura erudita, mas a cultura que as populações, e no caso a Carrecense, criaram ao longo dos séculos, apoiada na Tradição, ou seja, a cultura espiritual, social e material, que tem vindo a desenvolver, caracterizar e personalizar. Essa cultura, popular, essa «tradição», ou se quisermos, os usos e costumes, as formas de pensar e agir, as normas de vida e organização social, as expressões de criação artística e o folclore, etc., é o que forma a base cultural de uma qualquer comunidade, que a personaliza, que lhe dá uma individualidade e uma fisionomia própria, que a identifica no mosaico nacional das Comunidades Locais.

Actualmente, quando o processo de «Desenvolvimento» da região ameaça os valores do seu quotidiano rural, as suas formas tradicionais em todos os níveis, torna-se imediato o processo acelerado e irreversível de «extinção» desses valores que já não se coadunam com as novas realidades locais, e a Pesca como actividade complementar da agricultura que se praticava em

Carreço deixa de ter razão de ser, perde a sua importância com a perda do conteúdo que lhe dava existência.

A comunidade agro-piscatória de Carreço extinguiu-se restando dela algumas sobrevivências também em extinção.

Das inúmeras cambôas restam os sítios e em algumas ainda o amontoado de pedras que um olhar mais atento vê ser uma demolição duma construção feita pelo homem.

O processo de extinção é rápido e irreversível afectando as duas actividades tradicionais (agricultura e pesca) de forma idêntica no que concerne às suas tecnologias e processos, implicando imediatamente a profunda alteração de valores e padrões culturais da comunidade Carrecense.

O «cosmopolitismo» é uma realidade local imediata ao processo de «desenvolvimento» desta região ameaçando a identidade cultural Carrecense e como tal, o seu Património cultural que é parte integrante do Património Nacional.

Esta realidade que se passa e se sente no dia a dia é igualmente válida para qualquer outro lugar ou comunidade sujeita à pressão do «desenvolvimento» quer em Portugal ou na vizinha Galiza e que um olhar mais atento por quem se interessa pelo tema detecta.

---

#### Bibliografia:

- ALVES, Jorge Fernandes: *"A Pesca e os pescadores do litoral portuense em 1886"*, in Revista da Faculdade de Letras-História, II série, Vol.VIII, Universidade do Porto, 1991.
- ALVES, Lourenço: *"Curiosidades de Carreço: rol de bens da Casa do Carrocho (Troviscoso)"*, in Boletim da Comissão de Festas de N<sup>a</sup> Sr<sup>a</sup> da Graça, Agosto, Carreço, 1986.
- ANDERSEN, Ruben: *Páginas*, Vol. IV, Coimbra, 1960, págs. 173-196.
- BAPTISTA, Ivone: *Pesca: uma actividade complementar da agricultura de Carreço*, Centro de Estudos Regionais, Viana do Castelo, 1987, págs.165-181.
- BRANDÃO, Raul: *Os Pescadores*, Biblioteca Ulisseia de Autores Portugueses, IPL, Lisboa, s/d, págs. 50-51.
- FILGUEIRAS, Octávio Lixa: *"Barcos da costa norte, sua contribuição no estudo de áreas culturais"*, in II Colóquio Portuense de Arqueologia, Porto, 1965.
- LEITE, Antero: *As pesqueiras do rio Minho. Economia, sociedade e território*, Ed. COREMA, Caminha, 1999.
- OLIVEIRA, Ernesto Veiga de, GALHANO, Fernando e PEREIRA, Benjamim: *Actividades agro-marítimas em Portugal*, Instituto de Alta Cultura, Centro de Estudos de Etnologia, Lisboa, 1975.



# OS BARQUEIROS DE CELA

Orlando Viveiro Veiga

Fotografías de Orlando Viveiro

**A** auga zumega por cada recanto da paisaxe chairega, amosando a súa presenza en forma de centos de sons diversos, que van dende o pingar humilde das fontelas ata o poderoso bruar das enchentes nos caneiros do pai dos ríos deste universo: o Miño, que baixa cougo e sen presa, semellando engaiolado coas novas que cada regato conta ao tempo que lle fai entrega das súas augas, con encomenda de as guiar ata o fin, alá lonxe, no mar inmenso.

Deste xeito acontece co Lea na Ponte Vilar, lugar que alcanza despois de ter emparzado co Guimarás que pasa pola Aveladoira, hoxe esmorecido mais antano rebuldeiro lugar de paso por onde subían os cacharros de Bonxe, con longas recuas de mulas, transportando as olas camiño das feiras de Meira e Castroverde.

Máis abaixo A Ponte Nova, con pozo sen fin no que os barqueiros de Sisoí e Ramil arrebolaban as remas de couce na procura de atopar o fondo, obtendo como resposta unicamente o agurgullar da auga, moura e misteriosa.

Deixando atrás as bocas do caneiro de Freire e a insuela da Retorta agarda Quintián, xa na parroquia de Cela, ao pé do primitivo cruceiro que sinala este punto, cun certo aquel de lugar antigo, no que se demora o Miño para facer unha desconforme reviravolta, tal coma se recease proseguir coa longa viaxe que o agarda.

Recibe daquela preto da insuela de Bicoaguillón as augas do Támoga que comparece, despois de percorrer de vagar as terras de Cospeito dende a Lagoa de Valverde, portando apagados ecos das conversas melancólicas que sosteñen os remotos moradores que habitan na súa cidade sulagada.

Brincado o caneiro do muíño de Barreira, causante daquel repochar antedito, chegamos á Trabanca, un

paso natural que xurde antes de que o río galle en dous brazos que se alongarán, de forma case paralela, cinguindo as Insuas para voltar a xunguir en Santa Mariña, por baixo do muíño de Felpás.

- Na Trabanca hai dous portos, relata Xosé María de Xabier, que tan ben coñece e conserva a arte de remar, o de Riba para cruzar á outra beira e o de Baixo que permite o acceso ás Insuas. Polo primeiro pasaban os viaxeiros que acudían á romaxe de San Vitorio celebrada na parroquia de Damil, que posúe unha fermosa capela e unha fonte nacida de par do río da que manan augas sanadoras moi acaídas para curar as doenzas da pel. Esta romaxe, que vén cadrando por mediados do mes de Maio, continúa o barqueiro, ten sido moi concorrida, pois a ela acudían as mozas cos seus vestidos de estrea dado que era a primeira festa da rodeada.

Os de Cela exerceron sempre de pescantíns e tiveron a sonda de bos coñecedores do río, sendo suceso común ata hai algúns anos a presenza de troiteiros desta parroquia polos lugares dos arredores portando cambadas de peixes e troitas, amarradas con corizas de salgueiro, que levaban para vender.







Para a pesca construían os batuxos, unhas barcas de tamaño reducido que reproducían modelos que viñan de moi antigo, perfectamente axeitadas para desprazarse polos múltiples regos en que se bifurcaba o río, nos que abundaban as oucas e que posuían escasa fondura. Con elas andaban tamén por enriba das Insuas, durante as grandes enchentes do inverno, cando ficaban anegadas en toda a súa superficie, transformándose daquela a súa paisaxe dun xeito espectacular na que as árbores semellaban xurdir directamente do leito do río.

Este peculiar espazo natural de bosque de ribeira conservou o seu aspecto sen a penas transformacións, por diversos factores, entre eles ter o acceso restrinxido boa parte do ano. Os seus recursos, fundamentalmente utilizados para alimentación da facenda e madeira, foron aproveitados de xeito racional, sen ter padecido o hábitat alteracións significativas. Estaban repartidas en parcelas entre os veciños que tiñan acceso a elas ao traveso dos portos. Unha vez no seu interior desprazábanse por unha corredeira, trazada xusto polo centro, que as percorre en sentido lonxitudinal, e á que, dun ou doutro xeito, aboqueiraban todas.


Outras vías relevantes eran o camiño que ía dende o porto de San Roque ao de Barés comunicando Cela con Saavedra, e o carreiro de andar a pé que pasando pola ponte do Pedragoso conducía ata as feiras de Rábade, lugar onde os veciños da comarca efectuaban boa parte das súas transaccións comerciais.

Tal é o escenario no que navegaban estes barqueiros, alcanzando nel recunchos aos que ninguén máis era

quen de chegar, unicamente con axuda da rema e dunha pequena cupeta utilizada para baleirar a auga que entraba na barca. Desta forma mesmo teñen chegado armando nas varas á altura da carballeira da Santa Isabel, en Outeiro de Rei, desprazamento para o que se precisaba un esforzo e unha capacidade importantes.


- No río, afirma Xosé María de Xabier, hai que andar con moito tino. A barca convén que vaia sempre esguellada coa biqueira de fronte á forza da auga, procurando que non se atravesese, para isto o barqueiro debe ir terciado por detrás da traveseira ou enriba dela, se ten a capacidade técnica suficiente para manter o equilibrio. A rema de par da barca pola parte de riba, impedindo que poida quedar entelada debaixo, por mor da forza da corrente, cousa que provocaría de certo o seu afundimento. O barquear resulta perigoso cando o río está a beirar, no intre que a crecida o ten a punto de botar fóra; daquela a auga leva moita forza e hai que ser especialmente precavido, sentencia este barqueiro da Trabanca coa seguridade de quen está a falar de normas dun código ancestral, elaborado a partir da experiencia, que ten permitido a supervivencia neste medio tan especial.

Un medio que os de Cela coñeceron ben, aproveitando os seus recursos ao tempo que o respectaban e coidaban, conscientes do valor e da importancia que tiña. Un xeito de vida que no tempo presente vai esvaecendo mais que rexorde na memoria destas xentes, cunha frescura inusitada, cando alguén pescuda nas súas vivencias.





## O ULLA, RÍO DE “PATIFAS” E “BALEIROS”



**Emilio Xosé Ínsua**  
Etnográfico Mascato

Pesca de salmón no Ulla, c. 1920

**S**e o río Miño é para os galegos e galegas o Pai, o río Ulla debería ser considerado algo así como o Padriño, tal é a importancia simbólica, paisaxística, cultural e económica que encerra. A este respecto *Borobó*, nun artigo de 1955, concluía: "El Ulla es el río más plenamente gallego, pues tres de las cuatro provincias besan su cauce".

Curiosamente, o Ulla non sempre recibe este preciso nome nas terras que rega. Polas parroquias que están ao pé do Pico Sagro, denomínanlo "Río Grande". En Trevozos e Ferreiros, xa perto da desembocadura, os mariñeiros chámanlle "o río de Padrón", como testemuña a seguinte copla: "Farruquiño vai na vela / polo río de Padrón; / Farruquiño vai na vela, / María vai ao temón". E, ademais, como explica Anxo Angueira no seu libro *Terra de Iria. Viaxe ó país de Rosalía de Castro* (2002), ao que nos referiremos profusamente, "aínda hoxe os de Laíño e os de Cordeiro, os de Campaña e os da Chisca ou Formarís en Rois, os de tódalas aldeas estas, náufragas dos neboeiros da mañá, lle chamamos mar ó noso Ulla".

Cos seus máis de 130 quilómetros de curso e os seus numerosos afluentes (Labandelo, Estanque, Gundín, Pambre, Arnego, Río Seco, Riobó, Furelos, Deza, Besoña, Iso, Liñares, San Xiao, Bendaña, Brandelos, Tella, San Lote, Sar, Sarela, Valga...), que o converten nun río relativamente moi caudaloso, o Ulla atravesa o país desde as Fontes de Ulloa, onde nace, nas terras luguesas de Monterroso e Antas, até a ría de Arousa,

onde morre, delimitando as artificiais provincias de Pontevedra e A Coruña e xerando co seu discorrer tres grandes comarcas de personalidade ben definida, que beben del incluso a propia denominación toponímica: **A Ulloa** (Monterroso, Antas...), **A Ulla** ("la señorial comarca, donde el magnolio y la gardenia perfuman y acarician los pazos", en palabras de Borobó) e **O Ullán**, ou Terra de Iria, que se estende desde a Pontevea, pasando polos coutos salmoneiros de Sinde e Couso, até a desembocadura en Catoira, cabo das Torres do Oeste cantadas por Rosalía de Castro ("tan soyas e mudas").

A personalidade de cada unha das comarcas citadas acompáñase á feitura e carácter diverso do río, como moi ben literaturizaron numerosos escritores que viviron ou pasearon nas súas marxes, como Marcial Valladares, que recompilou a finais do s. XIX as "Cántigas da Ulla"; Benito Losada, que adicou poemas ao río no seu *Soazes d'un vello* (1886); Rosalía de Castro, que poetizou en *Cantares Gallegos* (1864) sobre as bandas de Laíño e Lestrove baixo da choiva miudiña; Prudencio Canitrot, que retratou no seu *Rías de Ensueño* (1910) o pasar silencioso do Ulla; Otero Pedraio, que fantaseou en *Pelerinaxes I* (1929) sobre as distintas terras que baña o noso río como se fosen mozos e mozas das festas; Xosé M<sup>a</sup> Castroviejo, namorado en *Memorias dunha terra* (1973) do cantar redondo das súas augas, que se oen desde lonxe e acompañan a un "docemente, coma a mellor música"; Cunqueiro, que o coñeceu tanto nas súas terras de nacemento como nas da





desembocadura e gozou das súas lampreas; Raimundo García *Borobó*, que se criou nas súas augas<sup>1</sup>; etc. Máis recentemente, evocan e cantan o río autores como Neira Vilas<sup>2</sup> e Anxo Angueira, quen en *Terra de Iria* convoca:

"Desde as antas do corazón de Galicia ata as Torres de Oeste onde se arrecende o salseiro do mar da Arousa, desde a Ulloa dos castelos e das donas pintadas no ousado Vilar ata as escovellas sen fondo das nosas brañas, por fervenzas, pazos e mosteiros abaixo, velaquí o Ulla, o más grande mar dos nosos cativos regatos".

Loxicamente, o Ulla foi obxecto ao longo da historia de numerosos xeitos de aproveitamento por parte dos habitantes das súas marxes. Poñamos por diante a provisión de auga potábel, o pracer de se bañar nas súas augas experimentado por millentas xeracións de nenos e nenas (por máis que nel se agochen pozos perigosos que non deixaron nunca de cobrar tributo<sup>3</sup>) ou as prácticas actualísimas do piragüismo deportivo e do turismo xacobeo en barco. Sigamos co aproveitamento eléctrico no encoro de Portodemouros, coa rega dos ubérrimos campos da veiga padronesa, pementeiros de Herbón incluídas, e falemos tamén do noutro potente transporte de mercadorías ao longo do seu tramo final.

O intenso fluxo comercial polo noso río entre os séculos I a IV d.deC. foi posto de manifesto no estudo "El



Convento do Carmen, Padrón. Foto: Pedr Ferrer, c. 1910

depósito subacuático del río Ulla. El material romano", de J. L. Naveiro e J. L. Caaamaño, publicado en 1992 na revista *Finis Terrae*. Murguía no seu *Galicia* (1888) falaba de "las aguas del Ulla, cuyas ondas cruzan las lanchas que se alejan ó entran en el puerto, destacándose las velas de las naves en el verde de los sembrados y de los árboles que crecen en aquellas orillas fructíferas". Pola súa vez, Otero Pedraio, en *Las palmas del convento* (1941), describía así o trafego tardo-medieval que no Ulla se verificaba:

"Las velas iban, como el río, al mar. El río a cada instante troca su linfa clara y dulce por el tumulto y el amargo de las ondas. Las velas cándidas y dichosas, imagen de paz a lo largo del río, afrontan en el mar terribles procelas desgarradoras. Marchan hacia el mundo. Las llama las rutas de Portugal, el lejano mediterráneo azul batido

1.- *Borobó*, nun artigo seu recollido en *O Cesures de Don Víctor*, 2003, pp. 28-29, escribe: "El río pasa y se queda, va y viene, baja y sube. El río nunca está quieto. El río sufre sed cuando lleva más agua, en los días de crecida: en la esperada temi-lafi que viene con las lluvias del invierno, o la tempestuosa, brutal, inesperada, que traen las tormentas del Estío. ¡Cómo crece la crecida, qué bien llena la chica! Qué trae, qué deja?... Lampreas, vagones de arena a las heredades encharcadas y, en el lar, un vacío. Otro en el hórreo [...] En los veranos terribles, seco como viejas lagartonas, ve a las leiras, con baldes vacíos en sus manos, suplicándole unas gotas de agua. El río les hace una mueca y les indica que le sigan hasta la mar; ha de entregar allí su cupo de agua, y en el mar la salan para conservarla mejor... Las leiras no pueden ni llorar de secas que están... Pero murmuran indignadas contra el río que solo disgustos les dá: les arrasa con inundaciones y cuando están sedientas, nin un vaso de agua. Dicen de formar una comisión e ir gestionar a Madrid. El río es un viejo dios a quien hay que tener propicio. Nada da, porque nada se le ofrece; todo tiene que tomarlo y siempre elige mal. Hay que halagarlo: canalizándolo, dragándolo, abriendo surcos de riego para que se distraiga paseando fuera de su cauce, construyendo un salto para que haga el riego eléctrico".

2.- No poema "Río Ulla", incluído no seu libro *Dende Gres* (2004), escribe: "Batuxei no areiro, / persequín anguías, / vin desova e chumbeiras, / governei o remo. / Río da miña infancia, / auga e nenez que non retornan. / Río meu para sempre". E no texto "O río", pertencente ao volume *Lar* (1974), evoca: "Era o batuxar no areiro, o ri e vir dos escalos, a barquiña de remo abaneándose. Eran as mulleres lavando e cantando, os berros que medran baixo da ponte romana, a insua coberta de árbores e paxaros. A frenla das arrás no vrao. As enchentas, cangadas de arrepío, auga avolta e palleiros. A historia da rapaza que afogóu... Era o cabalo dondo, escumante e rebuldeiro de cada día da nenez. Unha mestura de agarimo e de fatal abraiamiento. Un vello amigo, tan vello que dende o lóstrego da vida humán somente se podería contar por milenios inabarcabres. A presenza teimosa do seu gallope sigue a marcar o meu límite. Sigue definindo a este anaco de terra. Sigue a un tempo fuxindo e quedando pra lle dar carta de eternidade ó seu destino".

3.- *Borobó* evocou nalgún dos seus "anacos" como seu pai, o médico don Víctor García, tesoureiro da equipa "Ulla F.C.", salvou de afogar no río ao neno Ricardo Magón, razón pola que lle foi concedida, grazas ás xestións que realizou en tal sentido Eugenio Escuredo, a "Medalla de protección a la Infancia". Pola súa vez Angueira, no seu *Terra de Iria*, fala con Gregorio Vieites da igrexa de San Xián de Requeixo e cóntanos: "Nun recuncho do cemiterio Gregorio achégase á caseta de autopsias. Coméntanos que por alí pasaban os afogados. Gregorio lembra moitos, mariñeiros, xente nova, especialmente unha meniña, María do Carme. E lembra os días de baño e nado no río, entre cobras de auga, días de felicidade á beira dun perigo que agora nos estarece: os remuíños, os pozos, as sombras do río".

por los remos orgullosos de Venecia, el camino de los Santos Lugares. Muchas no volverán. Ninguna será al regreso bella y grácil".

Os mariñeiros cesureños que Angueira deixa falar no seu *Terra de Iria* cóntannos que antigamente

"Había balandros e galeóns, os galeóns de Cesures traquendo e levando para a fábrica de Sierra, para a da Nestlé, con carbón, con tella, con barro, comestibles, ó sal, á madeira. Con galeóns fixéronse barcos areeiros, adaptáronse: fóra trapo, veña motor e veña chupona. Había moito tráfico, moito, neste noso río. Subía a maré e velaí viña unha procesión de faluchos, relingas, cuadras, latinas, picos, trapos de trescentos quilos, trinquetas, foques, cangarexos revolteando todos, barloventeando, bolinan do polo río arriba, afogando a obra viva entre as insuas. Cesures era de mariñeiros e calafates. Aquí facíanse as dornas e os galeóns. Ós galeóns xa lle chamaban por toda a ría "barcos de Cesures". Eran de dúas proas e un mastro só, máis pequenos cós balandros, de pouco máis de dez metros de eslora, vinte toneladas. E tamén se vogaba neles cando non había vento. Iso si, cargaban e descargaban en calquera lado".


E o propio Angueira, novelando na súa *Pensa nao*, Premio Xerais en 1999, como foron na comarca ullán os días previos á guerra incivil do 36, describe a estampa das bucatas levando para Imo tella dos cabaqueiros de Catoira e mais as dos galeóns cesureños remontando o río cargados de madeira, ás veces tendo que ser remolcados pola tripulación á sirga (tirando con cordas desde a ribeira ou desde a braña), por non haber suficiente calado ou por soplar o vento do leste:

"Achéganse máis trapos. Veñen de arca arrimadas á nosa beira, sen corpo, cruzando por derriba de xunqueiras e canedas, as velas maior e falucho dun balandro xigante da madeira, da madeira dos fragueiros de Cesures, da Ponte de Iria, que non poden co leste. Arrían co trapo. Baixano os mariñeiros e turran como poden pola veta atada alta no mastro, saltando nos esteiros, camiño de sirga adiante".

Alén do transporte de mercadorías, contrabando incluído (non en van Cesures tiña alfándega con carabineiros...), non podemos esquecer que antigamente o río Ulla precisaba de barqueiros e barcas para ser cruzado en moitos puntos do seu curso. Algunhas da zona da Ulla están presentes nas coplas recollidas ou recreadas no século XIX por Valladares: "De Vilancosta a Santiago / non vaias pola Riveira; / non vaias por Sarandón; / vai pola barca de Neira"; "Bonita é a barca de Neira, / barca de Valladares; / aposto a que máis bonita / n'a viron estes lugares"; "Pasei o San Xuan da Cova / nunha barca pequeniña. / O estreito, dá medo; /

a auga corre mansiña"; "Na barca de Sarandón / entrando coa miña prenda, / nun remo remaba eu, / no outro remaba ela". Tamén Manuel García Barros se refire no capítulo LV de *As aventuras de Alberte Quiñoi* (1979), á barca de San Miguel de Sarandón:

"Coas primeiras luces do día chegaron ó río, un río ancho, tan ancho que non o cruzarían dous adivales, e de augas quedas, tan quedas que siquer sabían se corrían. Aquilo xa era ver auga! Pol-as orelas, festoadas de xuncos, mirtos, sanxoáns, gladiolos... nas que descansa o martín-pescador dos seus voos a fror de auga, érguense en apertado follaxe freixos e salgueiros, algarrobos, vidueiros, ameneiros e negrillos polos que soben en gracioso cinguimento as madreilvas olorosas, prácida morada de verdeiróns, chincheiros e paporrubios reais. Á outra banda, enfrente, unha esplanada de campo verdecido, i-ó termo a caseta do barqueiro [...] A barca estaba da outra banda descargando unha barcada. Namentras voltaba, Maruxa i-o Alberte adentráronse pol-as pedras mirando o río, pasmándose co-il A aboa doulles unhas



Río Ulla





frangullas de pan para que as botasen á auga. Botáronas e deseguida apareceron nubes de troitas pequeniñas que acodían a comelas. Lourenzo díxolles que non eran troitas, que eran escalos. Chegou a barca, unha barca grande na que pasaban tamén as bestas e hastra carros coas vacas postas, cargados ou valeiros. O barqueiro saltou fóra e, tirándolle por unha cadea, fíxoa chegar ben á orela [...]."

E Xosé M<sup>a</sup> Castroviejo, no seu *Memorias dunha terra* (1973), evocará a figura do tolo Daniel, que vivía nunha cova "no monte que cae a escuadro no río Ulla, mesmo enriba do grande pozo que chaman da Dorna, onde a barca cruza o río" e que un bo día tivo a ocorrencia de empuxar unha pedra enorme monte abaixo,

"e alá foi o pedrolo afastando todo o que atopaba por diante, ata caer na mesma poza do río, onde levantou un tremendo chafarís de auga, que se chega a coller aló a barca cos que ían nela para a feira da Estrada, morrían todos; menos mal que a barca estaba na outra orela, a onde, nembargantes, chegaron alteradas as ondas do pai Ulla, coma se tivera habido unha marea. O tolo no intre lanzaba berros e risadas semisalvaxes".

O Ulla é, ademais, río de tradición alfareira, pois nas súas beiras traballaron a Fábrica de Ladrillos de Campaña e a "Cerámica Artística Gallega" (1925), de Eugenio Escuredo; as "Caleras del Ulla" e a "Cerámica Celta" (1926) de Ramón Diéguez Carlés e mais a Fábrica de Cerámica de Eloi Domínguez, en Catoira, actual "Cedonosa". As areiras, en troques, depredaron gravemente o río nos anos 60, 70 e parte dos 80, como lle relata o baleiro Moncho Barreiro ao autor de *Terra de Iria*:



Baleiros. Foto: Anxo Abalo

"Aquí o que estragou o río foi tamén o tema da area. Alá polos sesenta empezaron a sacar, a sacar. Onde antes se pasaba a pé na baixa mar agora haiche seis ou sete metros. Desfiguraron o río, comeron insuas e praias [...] Se os deixan cómvos a vosa braña de Laíño. E o que deixaron foi fango. Dicían que cunhas cantas cheas xa estaba, que xa volvía o río ó seu. Pero é mentira. Deberon de deixar por volta do oitenta e cinco. O ano pasado viñeron ben boas riadas. Nada. ¡Sabe Deus os miles, os millóns de anos que fan falta para que volva o natural do río. Porque claro, aquí os peixes entran a desovar. Entra o salmón, entra a robaliza, a lamprea, a troita, a anguía, a solla. E o peix ten que ter areas para desovar, cría na area. E outra cousa tamén: o tema dos encoros. Os encoros non deixan baixa-la area, soltan a auga, ou soltábana, sen control ningún e así... Estás a traballar e aí che ven de repente medio metro de auga [...]."

Capítulo á parte merece a industria, asentada na ribeira cesureña desde mediados do século XX, con factorías de empresas como a "Nestlé", "Finsa", etc. *Borobó*, levado polos mellores desexos de progreso económico para a súa vila, sen dúbida, mais coidando inxenuamente que o custe ecolóxico desa industrialización do río sería mínimo, avogou en varios artigos durante a primeira metade dos anos 50 do século pasado pola instalación no río Ulla dunha Papeleira/Celulosa, a que hoxe emporca a ría de Pontevedra da man de "Ence-Elnosa", porque eran escasos, ao seu ver, "los perjuicios que a la economía de Galicia causarían la desaparición de la pesca del Ulla". Nin que dicir ten o moito que o entrañábel xornalista cesureño se trabucaba, vista a experiencia posterior e visto o tremendo dano que, en forma de vertidos, infrinxen ao río as diversas factorías existentes... O propio *Borobó* tería que emendar opinións pasadas e protestar, durante o pregón da III Festa da Lamprea, en Pontecesures, porque

"Xa non é o Ulla aquel río da miña xuventude, en cuia s limpas augas nadaban mozos e rapaces, tirándose de cachafondo, no pozo da cova, cheo de misterio, ou dende a rampa de don Víctor. Agora creo que baixan as augas, sucias e cheirentas, arranxando o lixo industrial. Xa non é doado atopar as crías das lampreas [...]."

E neste apretado repaso aos principais aproveitamentos do río, debemos mencionar as actividades marisqueira e pesqueira, dunha importancia enorme no pasado histórico e aínda hoxe resistentes aos profundos cambios sociolóxicos e ás intervencionistas lexislacións e regulamentacións autonómicas, estatais e eurocomunitarias.



Baleiros. Foto: Anxo Abalo

*Borobó* cualificou algunha vez o berberecho como "el bombón de las rías" e falou na existencia dunha auténtica economía dese bivalvo "a lo largo del Ulla", explicando que "ahí, en la desembocadura, se pesca el berberecho, y en las dornas es llevado hasta los muelles de Extramundi - en el Ullán - donde se escogen y lavan". Anxo Angueira, pola súa vez, interrogando aos baleiros de Cesures sobre a actividade marisqueira para o seu *Terra de Iria*, recibía esta resposta:

"- Algunha vez, algúns. Andaban ó berbericho, eran os berbericheiros. Traguían as dornas acuguladas e, ¡coidado! contra a maré tiñan que baixar dous e ir turrando pola beira, nas brañas, cun escote atado alto no mastro".

Na novela *Pensa nao*, o noso feliz interrogador retrataba no personaxe de Silvestre estes baleiros que non renunciaban a mariscar e logo vender berberecho polas aldeas que balizan o Ulla no seu tramo final:

"Soa rouco o corno de Silvestre polo Redondo contra vento, a buguina máis famosa desta ribeira, anunciando panel de berberecho [...] María e Amaro ollan sentados a vela da buceta inconfundíbel furando na cana e no xunco da beira. Silvestre é mariñeiro da aldea de Reboiras de Dodro Vello. Deixou a dorna de escarba que el mesmo fabricou por esta buceta maior que mete polo esteiro de Tallós para fondeala no pozo dos de Seixo, perto da súa

aldea, e que foi mercar de segunda man a Carril [...] Soa o corno de Silvestre, moi por diante dos baleiros. Achégase ao noso esteiro onde se algúns xuntano a agardar con caldeiros e canastos. Trague do das Sinas, si, berberecho corazón, grande coma puño. Arrinca rápida cinguindo a sotavento a buceta das proas tupidiñas cara o esteiro de Tallós, por ver de apañar de día o sementeiro das veigas de Lestrove, onde as inchadas velas brancas, de San Xoán a San Martiño, antre o millo corren soas [...] O carro das vacas de Silvestre chega ao Souto [...] Achégase a xente e o mariñeiro da buceta enche por panos caldeiros ou nos mandís negros das mulleres. ¡Berberecho corazón, das Sinas! A pa fúndese no monte de bivalvos escurísimos e grandes á sombra esmiuzada da lata".

A actividade pesqueira no Ulla está documentada desde ben antigo. O Padre Sarmiento, recontando en 1754 o número de embarcacións e de mariñeiros na zona, daba as seguintes cifras, segundo recolle A. Angueira: en Padrón e Cesures, 79 mariñeiros e 12 embarcacións; en San Xián de Requeixo, 185 mariñeiros e 43 embarcacións. Murguía, no seu *Galicia* (1888), aseguraba que da Terra de Iria recibían os bispos composteláns "los más preciados mantenimientos y en los cuales abundaban las grandes pesqueras formadas todo á lo largo del Ulla". Algunhas desas pesqueiras seguen en pé, como as de Lapido, que Angueira describe así en *Terra de Iria*:





"Estamos no Lapido e a paisaxe púxose brava nun súpeto. O río, encanado entre dous pinos montes, virou outro. Baixa pola gorxa impetuoso, potente, desfácendose en laxes e ousados petoutos, cimbreando salgueiros, derramando cadoiros, escumas indecisas, por riba dos petóns e poios das pesqueiras. Acolá as están [...] Hai un paseo nemoroso entre o Ulla e os muros do convento [de Herbón]. O noso río vén do vibrante estrépito da gorxa fonda do Lapido e agora, a partir de aquí, xusto do lugar ó que chegan as marés, será sempre un plácido ir baixando cara a morte. E entón dámos nunha ponte estreita. Postos no medio dela podemos ver as pesqueiras á esquerda e unha presa para unha vella caseta á dereita. As pesqueiras son canles ás que o pescador aplica unha rede de especial malla que se lle axusta ó ancho. Actualmente, a pesca da lamprea por este sistema tradicional está estritamente regulamentada. Págase a correspondente licenza extractiva e cómpre someterse a uns horarios - nocturno, de oito a oito - que deixan fóra a fin de semana. O período de captura varía. Nas pesqueiras máis baixas - estas de Ares, Vellas e Beas - ocupa de xaneiro a marzo, incluídos. Nas máis altas, ata Sinde, retrásase un pouco e van de febreiro a abril. Sobre todas elas tiña o cairo o cabido de Iria".

A pesca practícase todo ao longo do curso do río, mais adquire fasquías ben distintas segundo se trate do tramo medio, na Ulla, ou do tramo final, no Ullán. Autores como o Marqués de Figueroa (Xoán Armada Losada) ou Xosé M<sup>a</sup> Castroviejo, membros de familias con avoengo fidalgo nas terras da Ulla, deixáronnos interesantes mencións literarias á actividade piscatoria no noso río no tramo medio. Así, o primeiro escribiu en *Del solar Galaico* (1917):

"[...] era para mí superior satisfacción la de vagar por los campos [...]. Muy para rememoradas también las excursiones de pesca, las redadas en el Ulla, generalmente

frente a los campos de Arnois, donde, a lo largo del río, corren alamedas de alisos y álamos [...]; durante la noche habían caído truchas salmonadas en los trallos grandes y en las nasas, anguilas, cosecha aquélla y ésta siempre escasa, y en cambio siempre abundosa la de unos pececillos llamados escalos, de captura sobremanera entretenida, que presenciábamos estimulando, desde la orilla, a los hombres cuando batían el río llevando la red hasta cercar una rinconada, donde otra red, la envolvente, lanzada sobre los haces de los peces, los recogía y levantaba en profusión".

Entanto o segundo, en *Memorias dunha terra* (1973), relatava: "De vez en vez, chegabamos ao río grande, que así lle chamaban ao Ulla, para 'lanzar' ás troitas e ao salmón, no seu tempo, que entón subían moitos". Paralelamente, Angueira ten feito especial fincapé na vocación mariñeira das xentes que habitan o derradeiro Ulla:

"[...] Ollamos desde aquí toda unha vida, o Ulla. E agora o estrepitoso paso, a canle profunda de pedra de Lapido, onde brincan reos, troita e salmón. Despois Herbón esmaltado por unha fita esmeralda que torce e vira ata cega-los ollos cinguidores da ponte de Cesures. Toda unha vida, cara o mar, ollamos a súa liña ilusoriamente dereita [...] Falo do Ulla polo que sobe a maré ata o límite das pesqueiras de lamprea do Convento Franciscano ou polo Sar arriba, moito máis alá do miliario que adorna a lenda xacobeá, e que no devalar se nos perde polos derradeiros remuíños de Catoira, cara os lombos salgados máis ricos do mundo [...]. Falo do Ulla que navegaron os cousos celtas, romanos, suevos, Prisciliano, viquingos e mouros e as arcas dos mercadeiros de Anveres de Flandria; do Ulla que deu o porto de Iria e Compostela, quen nos deu e nos levou de todo. Por iso Padrón e Cesures son vilas de mareantes e mariñeiros, por iso a Ponte, Infesta, Requeixo e Porto, sobre todo



Porto, son aldeas, velaí as tendes, de xente que aínda hoxe anda no mar, bateiros, baleiros, sirgadores que turraban contra leste ou maré pola veta atada alta no pao, saltando nos esteiros dos regatos, pola orela adiante".

Contra calquera tentación mistificadora, *Borobó* ten retratado en artigos como o intitulado "Sucedió el mes pasado" a dura vida dos pescadores cesureños do noso río, ao límite sempre da pura supervivencia:

"La pesca en el río Ulla no es precisamente un deporte. La vida es dura, atormentada, en estos lares y todavía no se ha tenido que buscar un sucedáneo para el trabajo; [...] No se mira al río como a un lugar de diversión, de solaz, de enredo. El Ulla es un posible manantial de riqueza, prometedora fuente de bienestar. Cuando todos los caminos se cierran, cuando se agosta el maíz, la helada destruye la patata, o la peste al cerdo, se mira con esperanza al río: hacia la desembocadura, más allá de Catoira, buscando el berberecho, o ahora, en este tiempo, a su curso medio, más acá de Carcacia, soñando con lampreas, fantaseando con salmones.

El salmón, tras las ondinias, es lo más precisos que en el río se da. Es bello, es rico, sabroso y escaso [...] Marinero que pesca un salmón, marinero dichoso. Una perspectiva de hambre, de humedad, de tisis, se transforma por arte de encantamiento en una alegre visión de caña de hierbas: una docena de cohetes encendidos con el puro festero, en el patín, a la hora en que se sirve la rosca. Y aún queda colilla para lanzar después desde la dorna al cielo tronitona del Ullán, en el día del Carmen, las tres docenas de bombas con que el pescador paga su diezmo a la providencia.

E nun estilo igualmente lírico, o xornalista advertiu tamén no artigo "Por el río abajo va" sobre a trágica perigosidade que en ocasións encerraba o traballo nas súas augas:

"El río tiene sed, sí, de sangre. Saca la cabeza fuera del agua, y lanza su garra líquida sobre la dorna para arrebatar al mancebo. Se lo lleva consigo, contándole al oído leyendas de sirenas, historias de ondinias, para que se vaya tranquilo sin ofrecer resistencia. Y el doncel por la mañana aparece abrazado a un nenúfar sobre un lecho de algas, porque creyó estrechar a una náyade, cuando lo poseía la Muerte. El río salta de pesqueira en pesqueira, ocultando a las truchas entre los pliegues de su capa".

O Ulla foi sempre especialmente rico en fauna piscícola, aínda que a contaminación que soporta, con varios focos importantes no seu tramo final (vertidos agrícolas, vertidos industriais cesureños, augas residuais...), fai que actualmente sexa un río moi ameazado na súa sustentabilidade e moi estragado nese sentido. Abundaron sempre nel os escalos e as zamborcas, como refliten as cantigas populares recollidas

por Valladares a finais do século XIX na súa parroquia estradense: "Veciños de Vilancosta / baixade ó voso regueiro, / que polo río xa sobe / de escalos máis dun milleiro"; "Veciños de Vilancosta, / correde ó canal de Sisto, / que xa suben os escalos / e quen máis pesca é o máis listo"; "Taresa pideume troitas, / ela morría e morría, / así deille unha samborca / porque troitas n'as había". Outra especie historicamente abundante nas augas do Ulla foi o salmón, convertido por Cunqueiro en auditorio atento das prédicas xacobeas na súa "Epístola de Santiago Apóstol a los salmones del Ulla" (Fábulas y leyendas de la mar, Ed. Tusquets, Barcelona, 1982). Antigamente pescábase con rede, mais desde o franquismo impúxose o estilo "deportivo", con cana, non sen o protesto de *Borobó*

"[...] arte encantada fue la de la red, tan blanda, tan suave, donde el salmón era recogido como en un colo enamorado. Tanta ternura acunada, brezada, está prohibida por las convenciones internacionales. Sólo se permite la pesca con anzuelo; sangrienta, desgarrada, como un rejoneo fluvial.

Triunfa el deporte, no queda maíz en los hórreos, ni pinos ya para cortar, pero vienen de la ciudad pescado-



Baleiros. Foto: Anxo Abalo





res de fin de semana, empuñando esas cañas tornadas en lanzas; las remata el anzuelo poderoso y traidor.

Y a esta idolatría moderna del deporte ha de sacrificar Manteiga los dos salmões que pescó, limpiamente. Los lanza al río, pues no quiere delinquir. Tira la red de nuevo y el Ulla paternal se los devuelve. Mas el marineru no cae ni siquiera en la segunda tentación. Nuevamente los va a lanzar al río, cuando oye, entre lágrimas que dejan ciegos a los ojos y sordos a los oídos, decir a su hijo, Manteiguiña:

- Déixame, papai, darlles un bico".

Tamén deu sempre o río anguías, preparadas con esmero para ingrediente fundamental das empanadas en moitos fogares ulláns, como reflite a novela *Pensa nao*:

"[...] agora acugula a empanadeira con anguías. María escribe e olla para as serpentiformes descabezadas que o vello Rosende pescou do regato de Sernanselle e que aínda parece que rebolem na empanadeira. María imaxina o alfabeto sideral que as trague de distantes profundidades do Atlántico, e que as volve levar en noite roxa e ritmo cósmico ao útero inicial dos sargazos para desovar e morreren nas tebras [...]"

Outras capturas eran a solla (que se pescaba con franquada), a robaliza e o muxo, que se capturaban sobre todo nos lombos do Ulla. Cántanlle *O Picafollas* e Moncho Barreiro ao propio Angueira, en *Terra de Iria*:



Masoira. Foto: X. Lois Pena Buceta

"Andabamos moito ó muxe, peixe fino e rico daquela, e tamén á solla, todo aquí no río e fóra, con redes dun pano só. E andabamos a balar. Bum, bum, batendo os remos na augua, tódalas noites, a noite enteira, balando no muxe. Tamén andabamos ó muxo co aparello da talladas nas marés vivas, unha rede menos fecheira cá de balar e con máis chumbo. Andabamos nos lombos do Ulla e nas praias. Cercabamos a quedar en seco na baixa. Caían sollas e muxes e robalizas. E o que houbera. Nas marés baixas iamos para Dena, que non tiña tanto cantil. Alí había moito muxe, moito. O peixe mandabámolo en tren desde Vilagarcía ou en coches de empresa. Dous ou tres de nós viñan a terra co cesto de peix á cabeza e toda a noite descalzos a Vilagarcía ou Cambados. Tempiños.

Agora que o muxe daquela aínda se quería mellor cá robaliza. De muxes había catro castes. Os mellores eran o batalleiro e o franco, que ten a cuncha dourada na cabeza. Despois hai o galludo, o bochaco... pero xa son máis de fondo, máis de fango. O que pasa é que este río tiña as auguas limpísimas. Viñamos por el arriba e bebiamos del co tanque de achicar. Pero empezaron cos detergentes, os alcantarillados, a contaminación das fábricas... Todo pró río, e claro".

Mais a captura estrela do noso río é, sen lugar a dúbidas, a lamprea (*Petromyzon marinus*), "lambepedras", "serpe de mar" ou "culebra de río", que, en palabras de *Borobó*, é o bicho que ten "máis derechos adquiridos en el Ulla, puesto que existían desde tiempo inmemorial 'pesqueiras' para su excesiva captura, que es el mayor homenaje que se puede rendir a los peces". A lamprea depende absolutamente da boa calidade e abundancia da auga do río. A súa presenza ou non está en función das choivas. Se son abundantes, entra polo río arriba para desovar; se non, procura outro máis propicio. Por iso un bo ano de lamprea no Ulla é, xeralmente, sinónimo de mal ano para os/as recolectores/as de berberecho, ostra e ameixa de Carril. A moita auga doce na desembocadura do Ulla, indispensábel para o petromyzon, acaba coa vida do marisco...

Un escritor do Salnés, Luís Bouza Brei (1905-1980), irmán do autor de *Nao senlleira*, compuxo un curioso poema, anecdótico, máxico, festeiro e descritivo todo a un tempo, sobre a lamprea. Titúlase "Refenda do trasgo e da lamprea" e comeza así: "Fai disto moitos anos / cando eu era un cativo / que escoitaba nas rúas / apregoar a berros: / ¿Quen me compra unha lamprea? / Sen que adivinara / que é o que unha mulleruca / levaba na patela. [...]". Un día, a cocineira da casa ensínalle unha e preparaa para comer:

"[...] e achegándose a min / espetoume nos ollos / unha cóbrega longa / e preta coma un cóngaro / de corpo afuracado / atal como un punteiro. / ¿Ti sabes o que é isto / rapaz? , preguntoume / acaneando a bicha / cal si estivese viva. / ¡Principesa das cobras! / ¡Dona das samesugas!"



Baleiros Foto: Anxo Abalo

/ ¡Raíña das anguías! / ¡Ama das tartarugas! / ¡Inimiga  
dereita / do trasgo da lareira! / Se el me escoita, xa sabe  
/ onde ten de agacharse / e non me entrampullar / as cousas  
da cociña / pois ela pode chuchalo / como se fose un  
figo / e deixalo morrer / para endexamais, amén. / [...] /  
Nisto deixou a bicha / drento dunha tarteira / lavándoa  
ben lavada, / con auga agurgullante, / e estendéndoa na  
táboa / rañouna cun coitelo, / enxurrándoa co pano / e  
deixándoa pulida / coma trela de coiro. / Dempois, con  
moito tino / desencoutulle o fel, / que é un fol peque-  
neiro, / de antre dos sangumiños, / guindándoa no pol-  
veiro. / Dempois, nunha cazola, / verteu un pouco viño;  
/ unha cunca de aceite; / outro tanto vinagre; / a racha da  
canela / das Indias, e os cabezos / de dous allos picados,  
/ e un chisquiño de sal. / Logo curtoulle á bicha / unha  
tripa cagueira / que ten de banda a banda; / e naquela  
mestura / foi engadindo aos poucos / o sangue que esco-  
aba, / remexendo o conxunto. [...]"

Dúas son as figuras máis características orixinadas  
arredor da actividade piscatoria no tramo final do río  
Ulla. Por unha banda, as "patifas"; por outra, os "balei-  
ros". As primeiras, inmortalizadas coas súas patelas de  
peixe pola "Cerámica Celta" en diversas pezas deseña-  
das nos anos 50 polo artista pontevedrés xordomudo  
José M<sup>a</sup> Acuña, son aludidas xa polo ilustrado Lucas  
Labrada (1762-1842) na súa *Descrición Económica  
del Reino de Galicia*, cando referíndose aos oficios  
que se daban nas dúas bandas da ría da Arousa, en  
localidades como Rianxo e Carril, menciona a existen-  
cia de mulleres que se dedicaban a

"comprar a los marinos el pescado, para dirigirlo en  
caballerías a la ciudad de Santiago. En este ramo de  
industria se ejercitan más de cien mujeres de matricula-  
dos y terrestres de la Villa en esta forma: unas al destino  
de lavar, preparar y componer en cestas el pescado que  
ha de extraerse para fuera de la villa; otras, en conducir  
por sí mismas y en cestas pequeñas el pescado menudo,

como sardinas, panchoces, etcétera, a las parroquias o  
pueblos inmediatos, vendiéndolo por las aldeas, y aún  
llegando con él hasta la villa de Padrón que dista de aquí  
tres leguas".

O propio Labrada engadía que en Iria e Padrón "no fal-  
tan lampreas en el río, que se venden en Santiago, La  
Coruña y otros parajes del reino, ya en fresco, ya en  
empanadas que merecen mucha estimación" e que as  
mulleres de Carril "se ejercitan en el acopio y venta de  
mariscos, que pescan sus maridos, hermanos, hijos y  
familia, y suelen ir a vender alguna parte de ellos a la  
villa del Padrón y ciudad de Santiago especialmente en  
tiempos de cuaresma".

A ben cortada pluma xornalística de *Borobó* explica-  
nos que "cuando suena en la aldea la caracola de las  
patifas, diríase que suena la misma cornucopia; el eco  
repite una muiñeira de abundancia de valo en valo" e a  
que, no artigo "Las patifas celtas", nos ofrece, ade-  
mais, unha cumprida descrición do labor e circunstan-  
cia destas mulleres:

"[...] en la desembocadura, se pesca el berberecho, y en  
las dornas es llevado hasta los muelles de Extramundi  
- en el Ullán - donde se escogen y lavan. Colaboran en  
esta faena los pescadores con sus mujeres y una vez ter-  
minada los varones se van a echar una taza o una siesta,  
dejando a las hembras dedicadas a la tarea mercantil.  
Ellas son las patifas, mujeres decididas e incansables que  
recorren los campos de La Ulla - y de la Mahía y de La  
Estrada - llegando algunas hasta alcanzar la lejana Ulloa.



Peza de Cerámica Celta con diseño de José M.<sup>a</sup> Acuña





Ellas o sus maridos son de Porto, la aldea marinera donde los constructores navales de Génova y Pisa hicieron la Escuadra de Gelmírez".aba, / remexendo o conxunto. [...]"

Ocupándose no artigo "De castro en castro" das orixes deste duro oficio reservado ás mulleres ullás, *Borobó* menciona as súas diversas modalidades e reconece a presenza de numerosos elementos que o vinculan aos tempos medievais, mais aposta finalmente por retrotraelas ata a propia etapa castrexa ou celta:

"En el comercio de las patifas se distinguen tres modalidades diversas según el medio de locomoción que utilizan para transportar las panelas colmadas de mercancía. El más rudimentario consiste en llevarlas en la cabeza, para lo cual se entrenan desde chiquillas carretando pesados tablones. El tipo medio es a base de la colaboración del asno, que permite una mayor autonomía y llevar triple carga. El más cómodo utiliza un carricoche tirado por un caballo, emparejado a veces con un burro de su misma estatura; este último medio ya casi no se puede incluir dentro del tráfico patifo, es un medio progresivo que oculta propósitos monopolizadores y que por utilizar un vehículo ya no es propiamente patifo, es decir a patas (es la etimología popular más ocurrente). Ha de tenerse en cuenta que las patifas que llevan jumentos nunca montan y por lo tanto, por andariegas, son tan patifas como las de la primera clase; además se pasa de una a otra con la mayor facilidad.



Foto: Ruth Matilda Anderson, c.a. 1935

Todo el radio de difusión de este comercio está compartimentado en pequeñas zonas, en cada una de las cuales cada patifa tiene su clientela. En ningún caso puede invadir una el terreno de las demás; los puestos se heredan de madres a hijas, de suegras a nueras, de tía a sobrinas. No hay mejor dote para una muchacha de estos contornos que recibir una de estas exclusivas para la venta. Supone una fuente de ingresos para toda la vida. La venta puede realizarse por compra-venta, o bien por permuta; ultimamente goza esta última manera de un refloreCIMIENTO. Las panelas que cuando no llevan berberechos, llevan pescados de Rianxo o de Marín, vuelven cargadas de grano: maíz, centeno, algún trigo... Con ese tráfico se compensa el desnivel existente entre la economía agraria del interior y la pescadora de las rías. Pero en este verano los hórreos estaban vacíos, los campesinos pobres no tenían nada que dar a cambio, y sin embargo las patifas les llevaban como siempre el pescado. Venían con las manos, con las panelas vacías, pero contentas; el sacrificio momentáneo, la solidaridad con las desventuras de su clientela, no tardaría en recibir su correspondencia. Cuando revienta a los hórreos la soberbia cosecha de maíz que se espera, los pollinos de las patifas y ellas mismas retornarán, agobiadas por la dorada carga de las espigas.

Las características de este comercio son perfectamente medievales: el trueque, lo andariego, la herencia del oficio, el reparto de zonas. Tiene por lo tanto nobleza, la que le da la pátina de los siglos; sin embargo, remontarlo hasta el Medioevo quizá sea quedarse en la mitad del camino, y las patifas (aunque caigan rayos y centellas) jamás se quedan en él. Llegan siempre porque vienen de muy lejos, son las hembras castreñas, decididas e incansables, que ya iban de castro en castro con sus panelas a la venta, antes de que se amarrase, en el pedrón, al costado de sus dornas, aquella otra con el cuerpo del Hijo del Trueno".

Xosé M<sup>a</sup> Castroviejo evocaría nas súas *Memorias dunha terra* (1973) a figura desas "patifas" que, remontando a pé o curso do Ulla, chegaban até as inmediacións do Pico Sagro para trocar o seu peixe e marisco por produtos agrarios:

"As sardiñeiras viñeran dende Carril, pasando por Padrón, Carcacía e Pontevea, botáranse por toda a terra da Ulla, coa patela na cabeza. Descalzas, airosas, bimbantes, de breve cintura e corpo delgado, pregoaban polas portas a súa mercadoría salgada: "¡Quen merca sardiñas!"... Andaban leguas de distancia, dende o mar ao val da Ulla, de maneira increíble. Voando coma se fosen paxaros. Eran en efecto aves mariñas, que nos traían dende o asubío salgado das ondas atlánticas un recendo de frescura a mar aberto, ata os millos crepitantes de agosto e os pradais onde croaban as ras nos regos húmidos e ferruxinosos. Cando batían no portalón de Paizás co seu agudo pregón salgado, íamos miralas coma se fose unha festa. Contaban axilmente as sardiñas, unha, dúas, tres, catro ducias, e tiraban da saia a bolsiña onde gardaban os cartos para as voltas. Eran mouras e



graciosas, tiñan un falar cantarín, e saían de seguido correndo porque tiñan que petar en moitas portas - Tri baldes, Vaamonde, Guillamonde, Lamas, Malfurado...- antes de emprender o seu regreso. Non viñan todos os días e portaban as sardiñas con punto de sal e ben cubertas para que a calor do verán non as esmagase, eran sumamente queridas".

Tamén están retratadas estas mulleres na novela de Anxo Angueira *Pensa nao*, através de personaxes que portan nomes evocadores das protagonistas de senllos lances da peza *Os vellos non deben de namorarse*, do xenial rianxeiro, Castelao:

"[...] veñen Lela e Micaela, que subino ás canizas do carro cadansúa patela de xiba, pancho e maragota. As pescas de Rianxo métese coa patela á cabeza polo camiño da aldea de baixo [...] Lela e Micaela meteno toda a xiba, maragota e panchos nos pucheiros e tixolas de Sernanselle e agora furano pola corredoira de Sar abaixo, atallando cara Rianxo coa patela á cabeza carga da de ovos, mel, manteigas e porco salgado".

Xunto á figura das "patifas" hai que colocar, ao falarmos da xente que viviu e aínda vive do río Ulla, a dos "baleiros", os seus pescadores por antonomasia. Anxo Angueira, reivindicador atento desta tradición pesqueira do noso río, ten retratado os baleiros, en parágrafos cargados de emoción e forza evocadora, tanto en *Pensa nao*:

"E, ao fondo, o río, o Ulla metido nunha faramallada de néboa nada mesta. Adiviña as velas pulcras das dornas dos baleiros de Porto baixando, fuxindo cara o mar da Arousa [...] oe ao lonxe un alalá dos mariñeiros de Porto, de Cesures, da Ponte, de Infesta ou de Requeixo [...] olla o río pálido e lourido, fundido na braña pola baixamar, que el imaxina no socheo, de espléndido brillo azul, alagando as insuas e sulcado polas dornas purísimas dos baleiros eternos de Porto, por lanchas e mecos incansábeis".

como en *Terra de Iria*:

"Os mariñeiros, en máis dunha ducia de embarcacións, teñen que levantar antes das doce do mediodía e andan todos no apuro. O voitorón, duns cinco ou seis metros de longo, ó xeito da corrente, vai chumbado con cantos cadrados e as mans están na turra. As motoras estas pequenas levan normalmente dous homes, un ó temón encargado do goberno (hai que ter moito coidado coa corrente) e outro levantando o aparello".

Hoxe os baleiros son tan só 35, en 15 embarcacións, mais no pasado, como nos informa o Padre Sarmiento, eran varios centos a traballar en dornas, mecos, game-

las, buquetas... Reciben o seu nome pola antiga operación de "balar", isto é, golpear cos remos a auga para asustar ou atordoar o peixe, a fin de que enmallase na rede (tramallo ou trallo) que se largaba desde a embarcación, en medio círculo e cos chicotes pechados. Hoxe, prohibido polas autoridades o emprego do trallo no Ulla, úsase a arte do butrón, boitirón ou biturón, rede de forma cónica formada por dúas pezas. Xosé Barreiro, alias *O Picafolas*, explícalle a Angueira para o volume *Terra de Iria* cales eran as embarcacións e aparellos que empregaban antigamente:

"Eu toda a miña vida fun mariñeiro. Mariñeiro de dorna, de meco, de gamela..., de río e de mar. Pois si. Traballamos con dornas e mecos, máis pequenos e lanzados, de escarba. Chámanlle tamén, dispensando, conas alá na Arousa e mais no Grove. As dornas eran de tope, feita de racú, máis redondas. E nas dornas era onde se durmía, sete días, quince ou un mes. E durmiamos catro ou cinco, enriba das táboas. A comida era cada vintecatro horas unha caldeirada. A vela era vela de cadro. Levaba o mastro e a driza para tensar para riba unha verga. O caso é que se andaba a vela e a remo. No oficio noso non había motor. Nin botas [...]

Pero aquí o que había era salmón e lamprea. Isto da nasa vutrón con que anda meu fillo é de onte. Está todo moi regulamentado e é unha arte moi selectiva. Paréceme ben. Nós andabamos á lamprea co tramallo, como os do Miño. Nós chamámoslle trallo. E por aí andariamos uns trinta mequiños á lamprea, moitos con trallos e algún tamén con fisga, con francada. Tiñamos as nosas postas, os corredores. Aí arriba tiñamos as Viñas, onde a ponte de ferro. Aquí por baixo o Carballo, xunto ó Varadeiro, aí por onde largan agora o vutrón. Despois había o Espiño, por baixo da Foz, da desembocadura do río de Padrón. Despois había o de Dodro, que era toda a recta das Brañas. E despois había, no Redondo, xunto á fábrica do Deza, había a de Antre as Insuas. Máis abaixo a Punta do Castelo, xa en Catoira. E así ata Garandoiro. Garandoiro é o marco do mar. Traballabamos por turnos, sempre de noite, de abaixo pra riba, tres ou catro mecos en cada posta, en cada corredor. Había moita lamprea, como había zamborca a montóns, de dous quilos, que se facía en escabeche. E algún salmón tamén enmallaba. Salmóns grandes, de doce ou quince quilos [...]"

Non queremos poñer ramo a estas liñas sen expresar o noso desexo de que o río, mimado por quen teña que facelo, recupere no inmediato futuro algo da proverbial pureza e riqueza piscícola das súas augas, para que poida pervivir moitos anos máis a actividade pesqueira nas súas augas e para que garanta con dignidade o sustento dos sufridos "baleiros".






# O NOVENARIO, A ANGUÍA COMUNITARIA DO LAGO DE CARUCEDO (O BIERZO)



## Onofre Sabaté

Cando había anguías neste lago berciano, cando subían polo Miño, polo Sil e cando polo Balado chegaban ata o lago, noutros tempos xa pretéritos, os habitantes do lugar chamado Lago aproveitábanse dunha curiosa circunstancia para amañar un pouco a súa economía e máis a despesa. Esta circunstancia non era outra que seren os únicos que podían pescar dito peixe, pois tiñan e aínda hoxe o teñen, un papel de Alfonso XII que os autorizaba de forma exclusiva a pillaren anguías.

Sabemos que os lectores de *Ardentía* saben que a *Anguilla anguilla* é unha anguía, e que esta ten o corpo alongado, aletas pectorais pequenas, que se reproduce



Mapa do Lago de Carucedo

no Mar dos Sargazos, que comezan sendo meixóns, etc... etc... Pero xa non estamos seguros de que saiban que a súa pesca estaba xeneralizada por case todos os ríos do norte da Península Ibérica. E moito menos teñen porqué saber que a súa pesca estaba rodeada, polo menos no Bierzo, dun espírito comunal que caracterizou sempre o rural berciano. Comunitarismo que rompe con moitos tópicos preexistentes sobre o mundo rural.

No pobo de Lago, no concello de Carucedo, e ata os anos 60, cando se multiplicou a polución e os parasitos como o *Anguillicola crassus* e as centrais hidroeléctricas e os cambios naturais na oscilación do Atlántico Norte, pois cando todo isto ocorreu, non só acabou coa presenza das anguías por estas terras, tamén liquidou un dos máis curiosos repartimentos da pesca, o que por aquí denominamos o *Novenario*.

Organizábase do seguinte modo: Chamábase Novenario pois era en grupos de nove como se agrupaban os pescadores das anguías. Tres eran os novenarios máximos que podía haber no arroio do Balado. O espazo e o número de veciños tampouco permitían máis pescadores. Pero detrás destes tres novenarios podía armar quen quixer e onde puiden. E os tres novenarios situábanse no Balado uns detrás dos outros.


Cando, no inverno, desaparecía a lúa chea, aumentaba a escuridade, chovía, baixaba o frío e o lago rebentaba coa súa auga barrosa, entón as anguías decidían encamiñarse cara ao mar dos Sargazos. E entón os lagueses collían as súas redes, as *masoiras* (tamén denominadas noutras partes como *vasouras*, *boitiróns*, *bituróns* ou *bitiróns*). É a mesma rede que a utilizada para a pesca da lamprea tanto na Galicia atlántica, como no interior, e mesmo en Portugal.

Dos tres Novenarios había un que se situaba o primeiro. Pasados dous anos o situado en segundo lugar pasaba a primeiro, e o terceiro a segundo, desprazándose o primeiro á cola dos novenarios, ao terceiro lugar.



O primeiro Novenario era o privilexiado, o que máis anguías collía. Pero a sabedoría e a convivencia secular obrigaban ao primeiro novenario a non acaparar toda a pesca, polo que tiñan prohibido pechar totalmente as saídas das anguías; ao armar, só se podía poñer a *masoira*, e non *carrascos* (gallas de xardón ou aciñeiras pequenas). Deste modo o peche total das saídas da pesca era imposible, polo que todos os Novenarios pescaban sempre algo, mesmo os que armaban fóra dos novenarios.

Os dous anos acordados do primeiro Novenario só corrían se caían na rede como mínimo dúas anguías. Se caían unha ou ningunha entón ese ano non corría.



A *masoira*, rede utilizada no lago para a pesca da anguía

¿E quen podía formar parte destes Novenarios? Pois todos os veciños do pobo de Lago. Porque aquí, nos costumes comunais, nunca houbo privilexios duradeiros para ninguén.

E así seguimos



Pescador e neno nunha típica barca do lago de Carucedo






Staffan Mörling. Foto: Francisco Fdez. Rei



## Staffan Mörling, o sueco de Beluso que dignificou os barcos dos pobres



Francisco Fernández Rei

Illa de Ons, 1965. Foto: Staffan Mörling

*Os galegos foron moi sensibles a pesar dos efectos da sociedade de consumo, mesmo puxeron de moda as embarcacións tradicionais (...). Galicia está na vangarda da recuperación e iso, impulsado pola Administración, fíxose case canda a Bretaña francesa ou Noruega. Pero non se fixo imitando, senón que se fixo ó mesmo tempo e coa xente nova que estaba especialmente interesada en botar cada día máis dornas.*

(S. Mörling en *La Voz de Galicia*, 22.1.06)

En 1934 Xaquín Lorenzo publicou o artigo "As dornas do Porto do Son", traballo pioneiro na investigación sobre o mar dos galegos, pois nada se fixera sobre a etnografía do litoral de Galicia. O autor describía cada unha das partes desa emblemática (e poética) embarcación e da súa vela, os aparellos e o tipo de pesca, á vez que daba breves notas sobre como rezaba, vestía e comía a tripulación da dorna, que chegaba a estar dous días no mar. Daquela estíbese nun momento crítico, a punto de desapareceren unha chea de costumes e embarcacións típicas que, dicía *Xocas*, "aixiña non serán mais que unha lembranza na mente dos vellos mariñeiros", á vez que consideraba que a dorna, o xeito

e a traña ían rematando a súa vida, porque os motores de explosión desprazaban eses barcos tradicionais.

Aplicando o mesmo método "palabras e cousas" de *Xocas*, pouco despois o alemán W. Schröder publicaba "Die Fischerboote von Finisterre" (1937), un estudo dos barcos de pesca de Fisterra coa descrición etnográfica da lancha, das súas variantes menores e da chalana de fondo plano, xunto co estudo etimolóxico da terminoloxía desas embarcacións.



Lanchas en Muros, 1947. Foto: Malvárez

Trinta anos despois destes dous traballos pioneiros, Ricardo Mora publicaba o libro *Hombres y dornas* (1965), ilustrado con fotos nas que se salienta a individualidade dese barco e se estudaba a xornada de traballo dun pescador de dorna. E en 1964 chegaba a Galicia o sueco Staffan Mörling, que viña de estudar os barcos das illas Feroe e quería facer o mesmo coas dornas, que tamén se constrúen a "tingladillo", sistema polo que cada táboa se suxeita por fóra do bordo da de abaixo, cunha estrutura semellante á do bote anguleiro do tramo final do Miño, que na beira galega do río chama *caiuco* e na beira portuguesa *carocho*.

Entre 1964 e 1967, cando moitos barcos tradicionais estaban case para "desghuase", Mörling percorreu todo o litoral galego para fotografar, facer planos, recoller a rica terminoloxía e o xeito de vida do *bote* de Ribadeo e da *ghamela* da Guarda, dos *barlotes* de Bares e dos *trinca-dos* de Ferrol, das *lanchas* de Caldebarcos e de Fisterra, das *dornas* de Ons e de Ribeira, dos *carochos* do Miño e das *chalanas*, *falu-chos* e tantos outros barcos de madeira que poden verse na monografía *As embarcacións tradicionais de Galicia* (1989). Esta obra é a innegable "Biblia" do movemento de recuperación do patrimonio marítimo e fluvial galego (e do norte de Portugal), un patrimonio que Mörling tanto contribuíu a erguer co seu xeneroso e activo apoio cando a comezos da década de 1990 esas embarcacións estaban totalmente infravaloradas e só uns poucos soñaban con recuperalas e socializar o seu uso.

A finais do 2005 publicouse *Lanchas e dornas. A estabilidade cultural e a morfoloxía das embarcacións na costa occidental de Galicia*, versión galega dunha obra

de Mörling que dous anos antes aparecera en inglés. Entre outros aspectos o autor analiza o valor identitario da dorna no mar da Arousa e na illa de Ons e o da lancha da Costa da Morte e doutras partes atlánticas. A obra acompáñase de esquemas e fotos deses barcos, xunto con fotos da vida en Ons nos anos 60 que constitúen un documento etnográfico único e dun valor inestimable.


O xoves 19 de xaneiro do 2006, despois dunha sesión extraordinaria na que a Corporación Municipal de Bueu nomeou Fillo Predilecto a Mörling, no Centro Social do Mar desa vila celebrouse unha sesión académica promovida pola

Asociación de Amigos das Embarcacións Tradicionais "Os Galos" de Bueu e a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, coa colaboración do Concello de Bueu. Á homenaxe sumáranse institucións oficiais vencelladas cos campos da investigación e da docencia ás que Mörling se dedicou ó longo de toda a súa vida profesional: a Escola Naval Militar de Marín, o Consello da Cultura Galega e a FGCMF (Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial).

Era a merecida homenaxe a aquel estudante de arte e das tradicións europeas que en 1964 sentiu "un efecto elec-

trizante" cando viu por primeira vez as dornas na praia de Beluso, coa súa obra viva carenada cun líquido claríño e algo amarelo, o que lle dá unha coloración cremosa que contrastaba coa pintura negra da obra morta. Un contraste que aumentaba o efecto estético das liñas do casco, tal como diría Mörling en *Lanchas e dornas*.

O acto académico, dunhas dúas horas e media de duración, non cansou nin aborreceu os asistentes que aba-



Portada de *Lanchas e Dornas*



Foto cedida por [www.culturamaritima.org](http://www.culturamaritima.org)

rrotaban o Centro Social. Alí estaban representantes de moitas asociacións da FGCMF e tamén os que presidiran a Federación (Dionísio Pereira, Xavier Trepát e Xaquín Cuíñas) e o seu actual Presidente (Fernando Piñeiro) con membros da Xunta Directiva. Alí estaba Pablo Carrera do Museo do Mar e veciños de Beluso (e de Ons) e Bueu e moita outra xente.

A sesión presidiuna a Conselleira de Pesca, que con sinxelas pinceladas gabou o labor de Mörling, que definiu como "mariñeiro dos saberes" que tanto se esforzou na recuperación dos nosos barcos tradicionais. Logo a Conselleira introduciu as salutacións da alcaldesa de Bueu, do Presidente do Consello da Cultura Galega e do cónsul de Suecia en Galicia, ás que seguiu a intervención do Presidente da FGCMF, que leu as adhesións de institucións e persoas que se sumaban á homenaxe. E a seguir viñeron os discursos, todos moi amenos, e nos que se percibía cariño, respecto e o lúdimo orgullo de tratar a ese sueco que se empezou a sentir de aquí o día despois de casar en Beluso cunha costureira, filla dun mariñeiro de Ons. Era o ano 1967, e nesa parroquia de Bueu quedou a vivir.

O primeiro discurso foi de Dionísio Pereira, en representación da FGCMF da que fora o seu primeiro presidente, que salientou que, cando Mörling participara no histórico Encontro de Embarcacións Tradicionais de Ribeira de 1993, comprendeu que non estaba "diante dun erudito máis, senón dunha persoa comprometida cos hábitos e cos sentimentos do seu país de adopción". Dionísio lembrou que nunha mesa redonda dese Encontro Mörling falara do exemplo de Noruega, onde



Illa de Ons, 1965. Foto: Staffan Mörling





desde había anos a xente practicaba a vela tradicional mercé á construción de numerosas réplicas de barcos, á vez que apuntaba que non era contradictorio "que os museos aseguraran a preservación das diversas tipoloxías de embarcacións illándoas no tempo e no espacio para que non se deteriorasen, e que, de maneira simultánea, a poboación puidese disfrutar delas de xeito masivo, atribuíndolles novos usos de acordo coas necesidades propias das sociedades modernas".

A seguir viñeron os discursos de José M<sup>a</sup> de Juan-García, catedrático de Enxeñaría Naval da Universidade da Coruña, e do arquitecto César Portela. Juan García gabou o rigor científico, o compromiso e a obxectividade das publicacións de Mörling, mentres que Portela, que foi quen o trouxo a Galicia cando os dous estudaban en Madrid, lembrou "o insólito que era nos anos 60 que un estranxeiro viñese a Galicia cando os galegos estabamos emigrando". O derradeiro discurso foi de Francisco Javier Franco Suances, comandante-director da Escola Naval de Marín, que de xeito divertido foi contando anécdotas de "Míster Morning" cando lles ensinaba inglés nesa Escola.

Logo Mörling contestou cada un dos discursos. Falou das embarcacións dos pobres ás que se entregou durante tantos anos, e lembrou a Dionísio, a Antón Pais e a Isidro Mariño... E falou de Ons, e do ben que o trataron sempre en Galicia, e particularmente en Bueu. Despois proxectouse un documental de gran valor antropolóxico sobre a illa de Ons e a pesca do polbo en dorna, que o seu irmán Mikael filmara en 1972 para a TV norueguesa, pero que nunca se emitira. A narración é do propio Staffan. E no remate da sesión académica, a Banda de Gaitas (á escocesa) Manxadoira tocou unha muiñeira, que a muller de Mörling aproveitou para bailar. E coa interpretación do Himno Galego fechouse a longa e amena sesión académica.

Xa ben de noite, continuou a homenaxe cunha cea que organizaran a Consellería de Pesca, o Concello de Bueu, a Asociación "Os Galos" e a FGCMF. Os comensais estabamos en mesas con nomes das illas Feroe, de onde era o bacallau da empanada que nos serviron. Non sei se era de Ons o polbo á prancha. Outro prato eran "popietas de linguado", en realidade unha gamba rodeada dun lirio (o bacallau da nosa costa), cunha crema que disfrazaba o sabor do suposto lingua-

do. Non faltou a queimada, con esconxuros en latín e español do propio Mörling.

Na cea os amigos da Asociación "Os Galos" agasallaron cun fermoso ramo de flores a súa dona, Xosefa Otero, mentres que os membros da FGCMG agasallamos a Mörling cunha placa-cadro de Galicia, que lle entregou Uxío Allo, e coa primeira Dorna de Ouro da Federación, que Fernando Piñeiro puxo na lapela da súa chaqueta. Queríamos agradecerlle, en nome das 37 asociacións da FGCMF, o seu inmenso esforzo por axudarnos a valorar os barcos dos pobres e a sabida cultura que os rodea, aínda sabendo que endexamais lle poderemos pagar a este sueco de Beluso a súa viaxe iniciática no estudo das nosas embarcacións tradicionais.



Illa de Ons, 1964. Foto: Staffan Mörling





# LETRAS NA ALMADRABA

“AXÚDATE”

“A ILLA MILAGREIRA

de Manuel LUGRÍS Freire

MANUEL LUGRÍS FREIRE

*MANUEL LUGRÍS FREIRE (Sada, 1863-A Coruña, 1940).- Emigrou á Habana sendo mozo e alí impulsou o primeiro xornal da diáspora galega integramente escrito na nosa lingua, A gaita gallega (1885-1889).*

*Retornou en 1896 e instalouse na Coruña como funcionario municipal. Despregou entón unha intensa actividade cultural, xornalística, literaria e política. Foi asiduo da "Cova Céltica", membro da "Liga Gallega", socio da "Solidaridad Gallega", activista das "Irmandades da Fala", militante da O.R.G.A. e, posteriormente, afiliado ao Partido Galeguista. Fixo parte de "Academia Galega" (entidade que chegou a presidir, entre abril de 1934 e agosto de 1935) e do "Seminario de Estudos Galegos". Publicou a primeira Gramática galega escrita na propia lingua (1922) e elaborou un dos primeiros estudos sobre a poesía de Pondal.*

*Como poeta, LUGRÍS é autor de cinco volumes, que seguen basicamente o ronsel deixado por Rosalía, Pondal e, moi especialmente, Curros: **Soidades** (1894); **Noitebras** (1901); **Versos de loita** (1919); **Ardencias** (1927); e, finalmente, **As Mariñas de Sada** (1928).*

*Como autor dramático comezou a súa traxectoria na Habana, estrenando en 1885 **A costureira da aldea**. Máis tarde, xa na Galiza, redixiu as pezas **A ponte** (1903), **Minia** (1904), **Mareiras** (1904) e **Esclavitud** (1906), para fornecerllas en primeira instancia á efémera "Escola Rexional de Declamación" coruñesa que el mesmo chegou a presidir. As dúas primeiras son dramas anti-caciquís, a terceira un melodrama de ambiente mariñeiro e mensaxe anticlerical e a cuarta un drama de sedución. Máis tarde, á calor das Irmandades, escribiría dúas pezas máis, as comedias **O pazo** (1917), sátira do desleigamento, e **Estadeña** (1919), contra as supersticións.*

*Asinou moitos dos seus relatos con pseudónimos como K.Ñoto, L.U.G.rís, Roque d'as Mariñas, Asfeumedre... Recolleunos no volume **Contos de Asieumedre** (8 textos na 1ª edición, de 1908; 28, na 2ª, de 1909; 30, na 3ª, de 1920). A maioría ambiéntanse na súa comarca natal. Realismo, feitura propositadamente adaptada ao molde popular e forte presenza de contidos sociais e reivindicativos de corte rexionalista (anticaciquismo, defensa do idioma galego, escarnio dos desleigados, críticas contra o estamento eclesiástico, etc.) son as características definidoras. LUGRÍS é tamén autor da novela curta **O penedo do crime**, baseada nunha lenda popular da comarca das Mariñas e publicada por entregas en 1884 no xornal galaico-habaneiro El Eco de Galicia.*

*Deste autor, homenaxeado no Día das Letras do presente ano 2006, reproducimos a seguir dous textos narrativos de protagonismo e ambiente mariñeiro. O primeiro, "Axúdate", foi publicado orixinariamente en A Nosa Terra (1ª xeira, nº 48, A Coruña, 19 de xuño de 1908). O segundo, intitulado "A illa milagreira", tomámolo tamén do amentado xornal (1ª xeira, nº 8, A Coruña, 26 de setembro de 1907).*



Gravado de Cortés

## Axúdate

Chovía. Despois de atravesare a península que forman as rías de Ares e máis a do Ferrol, cheguei por fin á branca e ridente vila de Mugardos. Non tiven máis remedio que agarimarme nunha taberna, no final da rúa que dá fronte ao malecón.

Catro mariñeiros, debruzados sobre dunha limpa mesa de pino, falaban dos negocios e traballos da súa profesión. Tres deles eran mozos barudos, fortes, traxeados a estilo de medio labrador e medio mariñeiro. O outro era un vello, coa sotabarba branca coma a espuma de Ganderóí, de faceiras vermellas, de anchos e recios hombros. Vestía enxebremente de mariñeiro; e aínda levaba o gorro portugués, moi semellante á barretina dos catalás, que tanto se estilou outrora entre os habitantes das vilas mariñeiras de Galicia.

- Ben está - decía o vello-; ben está que fagades a festa a San Pedro, sempre e cando non vos esquezades do traballo, que é a primeita virtude dun home de ben.

- ¿Pero logo, nosoutros non traballamos, señor Bastián?- preguntou un mariñeiro mozo.

- Sí; traballades; mais agora dades no malo costume de inventar moitas festas de igrexa, que duran máis dun día, costando polo mesmo moi caras.

- No seu tempo aínda eran máis devotos, meu vello.

- No meu tempo había tamén folgazás que todo o agardaban do ceo, e homes prácticos que cumprían co aquel refrán que di: "Axúdate, que Dios te axudará".

O vello Bastián botou un grollo de viño, limpou o bico coa manga da chaqueta e, acomodándose no banco coma quen se dispón para unha longa conversa, dixo:

- Rapaces, atendede este feito que me pasou a min cando era patrón do falucho "A Virxen de Chamorro", que foi a embarcación máis lixeira e de máis sorte de cantas saíron da praia de Maniños. Eramos catorce

homes. Saimos unha mañán moi cedo, o día da Asunción, ó mar. Chegamos hasta a altura de cabo Prior, onde atopamos co falucho de Pepe do Rilo, que era un beato a quen Dios teña na súa presenza.

O mar estaba rizado: as marexadas tiñan un movemento desigual no cume, que me facía desconfiar do tempo. Cando nos preparábamos a pescar (estábamos a quince millas de Prioriño) o ceo comezou a poñerse roibo, acendido pola banda de Nordeste. Despois, paseniñamente, foi esmorecendo aquela color hasta tornárese en cincenta e tristeira.

- "Compañeiros"- dixen eu estonces- estáse preparando un fero Nordeste.

As marexadas comenzaron a se ergueren, lixeiras, súpitas. De ves en cando os carneiros asomaban por enriba das ondas. O vento infraba a vela de tal xeito que coidéi que se tronzaría o pau.

- "¡Cara á terra!- berréi-; e dunha orzada puxen a popa ao temporal.

¡Aínda me arripío, rapaces, aínda se me calla o sangue nas veas pensando naqueles duros momentos! As gai-votas viraban as aas para un lado, despois para o outro... Baixaban hastra tocaren a tona do mar, e logo subían ás nubes, coma unha cortiza moi afondada que se ceiba e busca o alto das escuras augas.


Tomamos un rizo á vela; pouco despois tivemos que tomalos todos. Xa non quedaba máis que unha vara de pano. Unha forte racha asubiou rifando a vela; non quedaba máis remedio que abaixala. A pau seco seguimos a nosa retirada.

A cen brazas, por babor, navegaba a lancha de Pepe do Rilo.



Manuel Lugrís Freire





O seu primeiro libro editado

O vento zumbaba con tal furia, que, arrincando a auga do mar, semellaba un espeso neboeiro. As ardentías, cada ves máis outas e bruantes, comenzaban a branquear ao longo. O sol xa non se vía, como se chegara para nós a triste noite das tebras. Erguín a cabeza... ¡meu Deus!... o ceo estaba craro por enriba do meu curuto. As gaiivotas, berrando, asustadas, fuxían en busca dos penedos da costa brava. ¡A mareira, a negra mareira rexurdía con toda a súa maldita traición!

Se unha daquelas ardentías, se unha daquelas bruantes marexadas chegaba a romper sobre a popa do falucho... ¡éramos perdidos! ¡A morte amostraba xa a súa negra boca dende o fondo do mar salado!

Pepe do Rilo, cuio falucho aínda viña preto de nós, arrodillóuse pedindo cremencia e proteición ao ceo. O mesmo fixeron os seus compañeiros. Pero o pior foi que os meus homes, seguindo o exemplo dos viciños, arrodilláronse tamén cramando e chorando coma mulleres...

- ¡Virxen Santísima de Chanteiro! ¡Virxe do Carme, válenos, sálvanos!... ¡Adiós, meus filliños! ¡Adiós, nosas mulleres!... ¡Adiós, mi madre!...

- ¡Cobardes! ¡Larchás! ¡Galiñas! – berréi collendo a macana de toxo-. Agora non se reza... ¡agora traballade, loitade, obedecede! A facer o que eu mande, senón ábrolle a cabeza ao primeiro.

Cada un púxose no seu lugar, dispostos a traballare. Naquel momento lembréime de que meu pai díxerame unha vez que a rompente das ondas amainábase cun fío de aceite, que así o fixera Noso Señor Xesucristo no mar da Tiberiada.

Pedín a alcuza; fun ceibando pola popa con moito modo un fío de aceite. Era certo o remedio: as marexadas non rompían sobre de nós...

Anda...anda..., xa puidemos meter dous remos no mar...

Os mariñeiros de Pepe do Rilo seguían rezando, e quedaban xa moi lonxe. Un berro de anguria enchéu o aire... ¡Acababa de tragalos o mar para sempre! ¡Imposible o tornare para lles valere!

- ¡Avante sempre; remade forte! ¡Avante! Hala... hala...

E eu seguía botando un fío delgadiño de aceite no mar. Acabóuse o da alcuza, e fun ceibando despóis o do candil.

Xa víamos a Coitelada.

- ¡Avante... ánimo...!

E pola popa iba caendo, delgadiño... delgadiño... o fío de aceite.

Chegamos ao abrigo do Segaña, e logo despóis a Mugardos. No malecón agardábanos as nosas familias.

- Rapaces, - dixen eu ao poñer o pe en terra firme; - rapaces, traballástedes ben. O traballo é unha grande virtude, é a vida mesma. Agora podedes rezar canto queirades e facer os agasallos que vos dea a gana a todas as Virxes e Santos do Chanteiro e tres légoas á redonda.

E o recio Bastián botou un grollo de viño, con certa cirimonia, como quen comulga nunha relixión de héroes e homes de proveito...





Debuxo identificador da sección dos contos asinados por Lugrís como *Asieumedre*, no xornal *A Nosa Terra*

## A ILLA MILAGREIRA

A dorna, que n-aquela mañan de primaveira, tiña que levarme â illa d'Arosa [sic], foise pouco á pouco enchendo de mulleres, mozas e vellas, que traían os foles (sacos) cheos de trigo mundo.

Levou o rison, izouse a cuadrada vela e puxémonos camiño d'Arosa.

- ¡Sálvora â vista! – berrou o vello patrón cando íbamos pol-a mitá do camiño.

E total-as mulleres mozas, solteiras ou casadas, puxeron a man enriba da barriga e moularon unha oración.

- ¿Que terá que ver – pensei para en contra mín- a illa de Sálvora co as barrigas d'estas mociñas? E cavilando n-esto desembarquei no areal do sul, fronte da vila de San Xulián, e dirixinme â fábrica de Goday.

Alí fixen amistá c'un vello mariñeiro.

- ¡Vosté! -, díxenlle- xa levará moito tempo aquí.

- ¿Moito tempo? ¡recontra!... dendes que nacín. Cando a guerra de África xa servía eu ao rei na Berenguela...

- E dígame, meu vello... e dispense. Cando pasan as dornas fronte de Sálvora ¿por que as mulleres mozas poñen a man sobre da barriga?

- Xa non é o primeiro que m'ó pregunta, recontra. Se ten vagar e me quer ouir contareille unha historia.

- Conte canto queira que ll'ó agradecerei...

O vello sentouse n-unha pedra, das que sirven para as palancas de prensal-a sardiña, e comenzou á falar, ao mesmo tempo que picaba tabaco para un pitillo.

- Pois verá, señor, pois verá. A illa de Sálvora, aló polo ano de 1810, se mal non me lembro, era propiedade do Conde Malvar. Non quitaba d'ela un ichavo, porque alí non vivían mais que as gaiotas. O maordomo do Conde, un tal don Vicente, mercou a illa, e mandou á ela á quince familias de labregos, para as que fixo dinantes unhas cachoupiñas. Pasados dous meses presentáronse todol-os viciños da illa no Caramiñal, diante da casa de don Vicente, e un d'eles falou en nome dos demais:

- Don Vicente, que me non coma unha sentella se podemos vivir en Sálvora.



Fundadores da Real Academia Galega, 1906





Caricatura de Manuel Lugo realizada por Cebreiro

- ¿E logo? ¿non é bon o terreo?  
- O terreo non é malo, señor, non señor, qu'está folgado e medra ben o froito... ¡pero haille tantos conexos! ¡furaron de tal xeito o chan! Vaya! Decímoslle que alí non se pode vivire, e ímonos.  
- De ningunha maneira. Eu vos mandarei unha casta de gatos que acabarán c'os conexos.  
Aos catro meses volveron os labregos de Sálvora, e dixéronlle á don Visente:  
- Don Visente, non pode ser. Malos burases me non coman no fondo do mar salado se podemos vivir. Os conexos xa foron mortos pol-os gatos, que nos mandou vosté, pero agora son tantol-os gatos que hai, que non pode haber cristiano que non perda o xuício co a barafunda qu'eles arman. Ademais, como estamos no Xaneiro, pol-a noite andan os gatos á xaneira, con perdón,....e..... don Visente, aquilo élle o inferno.  
- Boh! boh! Eso remédiase con solimán, ou con pan de vidro. Eu vos mandarei con que matal-os gatos.  
Volveron os labregos para a illa. Pasaron tres anos sin novidade, e cando xa don Visente coidaba que a colonia de Sálvora estaría satisfeita, sintonou un barullo na rua coma se a vila estivera en revolución. Abreu a ventana: fora estaban os colonos rodeados de criaturas.  
- ¡Don Visente! ¡don Visente! – berrou un dos labregos-, non tornamos á illa inda que adoezamos co a fame. Agora xa non se trata de conexos, nin de gatos, nin de cousa semellante. Non hay solimán que poida


remedial-a nosa disgracia. ¿Non repara, don Visente? ¡Estamos inzados de fillos! N-aquela terra nacen do mesmo xeito que os sapos cando cai orballo da tronada. ¡Mala sentella coma a illa!.... ¡Eia! Que non tornamos, inda que nos esfolen vivos.

E non volveron mais á illa.

- ¡Demontre!- dixen eu d'estonces, - a cousa era seria.  
- Pero aínda non arremata aquí o conto, señor Asieumedre. Despois d'esto, o goberno puxo un faro en Sálvora. Inaugurouno un vizcaíño, de setent'e cinco invernos ben cumpridos, que levaba mais de vinte anos de casado c'unha muller que pesaba como catro amas ben mantidas, con perdón. Aos dez meses d'estaren na illa, pareu a muller...

- ¿Neno ou nena?

- As dúas cousas, señor, macho e femia coma dous soles. Dendes d'aquela as xentes din qu'en Sálvora hai un demo maliño e criador... ¿Vosté rise? Eu teño nove fillos, e a culpa está en que dendes da miña casa vese a illa. Xa pechei a ventana que da ao mar, pero a miña dona debe mirar algunhas veces para esa terra milagreira....





A navegación de cabotaxe entre os portos das diversas rías galegas encheu unha páxina transcendental do noso pasado máis inmediato, antes de que entrásemos na era ferroviaria e automobilística. Numerosos buques, a vela ou a motor, fixeron rotas mariñas ao pé da costa levando e traendo todo aquilo que a sociedade demandaba, necesitaba e consumía, o que sen dúbida imprimiu carácter ás cidades e bisbarras portuarias que acollían ese tráfico, ás tripulacións que andaban nesa xeira, aos estibadores que cargaban e descargaban as mercadorías, aos comercios que se surtían delas, etc.

Boa proba da dimensión económica, sociolóxica e humana que este fenómeno tivo, xerando riquezas, traballo, identidade e inúmeras anécdotas, témola no volume *Derrota e singradura do Joaquín Vieta*, da autoría do mestre e activista cultural noiés Xosé Agreló Hermo (n. 1937), con fotografías do arquivo da asociación "Mar de Noia".

Trátase, en definitiva, da historia (contada cunha amabilidade, un amor e un rigor dignos de aplauso, embora a brevidade do volume) dun balandro de dous paus, 15 metros de eslora, 4'63 de manga, 1'67 de puntal e 29'36 toneladas netas, que foi mandado construír en

## UN VELEIRO INCANSÁBEL

*Derrota e singraduras do Joaquín Vieta*

de Xosé Agreló Hermo

Ed. Toxosoutos, Noia, 2005

EXIL

1916 no estaleiro do Freixo (Outes) por un fomentador catalán afincado en Muros, Joaquín Vieta Ros. Este púxolle o seu propio nome ao barco e destinouno finalmente, logo de esporádicas viaxes a portos de Asturias con carga de madeira, carbón e recortes de follalata, á cabotaxe entre Noia, Vilagarcía de Arousa e Vigo (a chamada "carreira de Vigo"), para o transporte de carga xeral, tella, barro, conservas, envases, madeira, etc.

O buque, que contou con motor de 24 HP desde 1932, foi reformado a fondo en 1952: pasou a ter un só pau, ponte de mando e algúns camarotes, foque, eslora de 17'25 metros, manga de 5, puntal de 1'80 e 13 toneladas netas. En 1959 instalouse nel un novo motor de 30 HP e efectuou a derradeira travesía en setembro de 1962. Despois de permanecer dúas décadas varado fronte á Pedra Sartaña, foi felizmente resgatado en 1982, reconvertido por José Albores en auxiliar de bateas, cun motor de 200 C.V. e segue hoxe en día cumprindo a súa función, xa case centenario.

Agreló Hermo abre o libro cun primeiro capítulo que sintetiza a tradición dos veleiros noiés, dá conta das orixes medievais do porto da vila, enumera algúns navegantes noiés pretéritos e retrata a intensa actividade mercante que se desenvolvía entre as puntas do Testal e Abruñeiras en todo o séc. XIX e parte do XX. Nun segundo apartado explica a traxectoria do veleiro, desde a súa construción ata a actualidade, ofrecendo abundante información sobre cargas transportadas, patróns e maquinistas que andaron nel, avatares de navegación sufridos, cambios de propiedade, etc. Finalmente, dous apéndices infórmanos sobre os roles de tripulantes e sobre a familia armadora dos Barcia, á que o barco estivo vencellado longos anos (1928-1982). A poesía do noiés Avilés de Taramancos abre e pecha maxistralmente este volume tan breve (79 páxs.) como substancioso.





## A RIQUEZA DA LINGUA POPULAR E MARIÑEIRA

*Unha maré de palabra*  
(*Contribución ao léxico do Morrazo*)

Varios Autores

Xunta de Galicia-Museo Massó, 2005

EXIL

**A**índa que o estado da lexicografía galega é, nesta altura, suficientemente satisfactorio, con numerosos, variados e bos dicionarios, non deixa de causar agradábel sorpresa que de cando en cando xurdan polo país adiante traballos da índole do que nos ocupa, que anchean pola base, isto é, visando

a lingua popular, o noso coñecemento do idioma e que contribúen así de maneira eficaz á súa percepción como instrumento de comunicación rico, variado e creativo.

*Unha maré de palabras* (*Contribución ao léxico do Morrazo*) é froito dun labor demorado (máis de tres anos) que presentou dúas fases. Na primeira, procedeuse a recoller e sistematizar, mercé á axuda de máis de corenta informantes (entre os que figurou o poeta Bernardino Graña), o léxico e a fraseoloxía popular de dúas localidades da comarca do Morrazo, Cangas e Moaña. Na segunda, logo de recompilar, depurar e sistematizar os resultados da recolleita, procedeuse ao



Mariñeiros, 1927. Foto: Pacheco



contraste do material reunido cos repertorios lexicográficos e fraseolóxicos existentes, coa finalidade de peneirar aquelas pezas que non estaban recollidas neses repertorios e ofrecelas nun volume.

Os seis redactores deste traballo (Salvador Castro Otero, Lucía Durán Paredes, Xosé Manuel González Barreiro, Henrique Harguindey Banet, Xosé Martínez García e Ramón Rocamonde Gómez), axudados na parte gráfica por Marcos Paz, dan conta así, no volume de referencia, de preto de seiscentas locucións e palabras nunca antes rexistradas nos nosos repertorios. E precisamente queremos destacar, en liña co que sinalan no limiar os propios redactores, como a intensa vinculación das xentes do Morrazo ao mar dá lugar a unha fraseoloxía e a un vocabulario onde a presenza mariñeira é moi ricaz.

Topamos así, neste volume, denominacións específicas de ventos (*garruada*: vento forte do Noroeste; *reveleste*: vento do Leste que sopra de terra ao mar no crepúsculo), nomes para determinadas artes de pesca (*catueira*: arte para a pesca do polbo; *coteno*: malla mesta; *foleta*: bolsa de lona con carnaza; *lañeira*: vara para pescar congros; *man do demo*: tipo de francada) e vocábulos peculiares do Morrazo que designan animais e plantas mariñas (*anguía do laño*: congro; *chispolbo*: estrela do mar; *lola*: castañeta grande; *brugal*: coral mariño; *chicharela*=*mexete*=*pisarela*: fungo mariño que bota líquido ao presionalo; *lardeiro*=*merdeiro*: ave mariña, de nome científico *Storcorarius skua*; *mexadeiro*: anémona; *mexarela*: bivalvo, de nome científico *Lutraria elíptica*; *quico*: caramuxo cocido; *quilín*: ostra pequena). Mesmo algunhas partes da anatomía dalgúns peixes teñen denominación específica na fala mariñeira dos portos da banda norte da ría de Vigo, como *serra do lombo* ou *serra da banda* (escama lonxitudinal do lombo do xurelo) ou *meldrecha* (zona ventral do bonito).

Tamén se recollen no volume en cuestión orixinais palabras para designar faenas a bordo (*azorraque*: acción de apertar dous cabos; *postilamento*: acción de amarrar o barco a unha baliza) ou referir xeitos e efectos de navegar (*agarrear*: estar a barlovento; *escachada*: ronsel que deixa o barco; *sorroar*: balouzarse o barco de xeito moi pronunciado por mor das ondas), certas situacións de pesca (*asentir*: tocaren os peixes o anzol sen o picaren) ou maneiras e usos de andar ao mar (*baixada*: pago por adiantado que se lle dá a unha tripulación nunha arribada).



O Con, Moaña, 1915


Recóllense, ademais, nomes coloquiais de embarcacións ou de elementos das mesmas (*nicha*: dorna, embarcación; *postil*: baliza; *singadoiro*: oco en que se coloca o remo para vogar) e vocábulos sobre as faguías e movementos do mar (*fasina*: ardentía; *goldrío*=*goldría*: remuíño que forma o mar entre as rochas, arrastrando materia coa espuma; *golfeiro*: sitio do mar en que abundan as algas; *sisada*: tres ondas grandes seguidas; *vacia*: maré baixa).

Hai, igualmente, numerosos termos mariñeiros para a cualificación dos individuos, case sempre con matices despectivos: *jodechinchos*: forasteiro, veraneante; *marmanso*: pusilánime; *pailabote*: home simple; *remo torto*: persoa torpe, ineficiente...

E, finalmente, hai tamén espazo nesta recolleita para refráns e locucións que non poden ocultar a súa xinea mariñeira: *a cagar na patela*=*a tocar á lonxa* (dise para botar a alguén do teu lado), *andar ao chandique* (andar ao que caía), *andar á corsada* (andar a roubar), *a remos* (camiñar), *a todo filispín* (a toda velocidade, polo inglés "full speed"), *acabouse a barca de ouro* (pasou a oportunidade, rematou a boa racha), *non se fai barco* (non vai ter éxito algo), *coller o barco pola proa* (facer algo no límite de tempo, andar apurado), *ir o barco ás pedras* (fracasar); *cheirar ao caramuxo* (feder); *ser coma a carioca* (repetirse moito), *xa a fixeches*, *fogoneiro* (estragar), *ir avante* (ter éxito), *navegar a leste* (coñecer ben un tema, ter experiencia), *tomarlle a rapeta* (burlarse), *voga*, *rapaz* (espabila, apura, móvete), *vogar a dous remos* (intentar aproveitar dúas posibilidades á vez), *ponte na vela* (pon atención), etc.

Recolleitas deste xorne en todos e cada un dos nosos portos ou bisbarras costeiras, feitas co amor e co rigor con que esta que comentamos foi feita, poderían arriquecer extraordinariamente, sen lugar a dúbidas, o noso tesouro lexicográfico e o noso coñecemento do galego vivo.





## MANDA O PEIXE

*Follas do bacallau*

de Xabier Paz

Crónica/Ed. Xerais, 2005

LINO PRIETO

hai un lugar para a reflexión sobre os moi diversos aspectos que rodean ao autor: a navegación, as historias vitais de cada un dos tripulantes, a vida a bordo, os temporais, a pesca... Tamén nesta escrita diaria se denota o estado de ánimo do protagonista, máis que nada na cantidade do escrito, sobre todo nas últimas semanas, nas que sabe que o destino de terra está próximo, pero non sabe con certeza os días que separan o papel en branco da chegada ó fogar.

### *O proceso*

O barco faena inicialmente en augas do Atlántico Norte. Asistimos neste punto, con todo luxo de detalles, ao proceso que segue a pesca do bacallau dende que se larga o aparello ata que chega ás mans dos salgadores na adega (p.59). O peixe escóllese en cuberta, descabézase, láñase con coitelos de folla pequena (que teñen que estar afiándose continuamente), tíranselle as maghas e introdúcese nas máquinas desespiñadoras, desde onde saen por unha quenlla cara ó seu salgado destino. Despois de recibir a dose indicada de sal, cada folla de bacallau pasa ó seu lugar na bodega, perfectamente estibada en socalcos que avanza de proa cara a popa. Resulta este un labor dos máis sofisticados, xa que as bodegas dos dous barcos compoñentes da parella deben ser o máis simétricas posible para facilitar o paralelismo da manobra de arrastre.

O autor e os seus compañeiros de tripulación traballan nestes mares ata que reciben a visita das autoridades norueguesas, que lles notifican que alcanzaron o nivel de carga de peixe salgado nas bodegas correspondente ó seu cupo de pesca. Arriban a Tromsø antes de partir para Terranova.

En Terranova continúan os días de pesca e algún que outro temporal, que se dixire liscando do foco da baixa presión e aguantando á capa longas horas, mentres retumba a banda sonora dos golpes de mar contra o


**X**abier Paz, que acaba de presentar recentemente o seu poemario *No canto do Mar* (Ed. Espiral Maior, 2005), ofrécenos neste libro que imos comentar unha bitácora persoal, a experiencia vital a bordo dunha parella de arrasteiros a través dos seus ollos: os dun biólogo que desempeña o seu labor de investigación pero tamén convive co resto da tripulación, compartindo o día a día.

A viaxe parte do porto do Berbés cara ao Oeste pola boca norte da Ría de Vigo; despois de varios días de ruta, o primeiro caladoiro (*praia* no falar dos mariñeiros) é a Illa Björnöya, perto de Noruega, tamén coñecida como Illa dos Osos, ao sur do arquipélago de Svalbard. Neses intres comeza a faena real co berro de "Arte al agua".

O libro está presentado a modo de diario e conta as vivencias do seu autor día por día. Cunha estrutura practicamente idéntica en tódolos capítulos, *Follas do bacallau* nárnanos como foi a manobra, as pescas, as incidencias no caso de habelas, algunhas historias contadas pola voz dos mariñeiros e os mandos nas sobremesas dos días tranquilos, xa que nos días de arrastre, en xeral, en toda a marea, "manda o peixe".

Case tódolos días hai unhas verbas directas de lembranza para a familia, en terra, que son escritas dun xeito que ben poderían ser ditas á cara. Tódolos días





ferro do barco. Nesas interminables horas nótase no ambiente a falta de produtividade, contrastada co esperado "embarrar no peixe", ó que lle sigue unha xornada maratoniana para procesar todo o que vén no cope: unha vez máis "manda o peixe".

#### *Literatura a bordo*

En varios momentos do libro topamos claras referencias aos libros consumidos nas horas de camarotes, durante as travesías e as horas de aguantar á capa. Deste xeito están presentes Otero Pedrayo con *Arredor de si*, lectura que alterna con Proust, os sonetos de Quevedo, Dante coa *Divina Comedia*, á que define como unha obra de "carácter explicitamente político e didáctico". Máis adiante topamos unha profunda reflexión encabezada polo título "De peixes e anfibios", que versa sobre a lectura comparada entre Álvaro Cunqueiro e Italo Calvino. Os xornais pasados de data son benvidos coa chegada dos paquetes para a tripulación. A pesar da súa efémera vixencia, serven como nexo imaxinario coa actualidade do País, nunhas latitudes nas que a información é un ben privilexiado.

#### *Glosario*

No final do libro (p. 323) preséntasenos un "Vocabulario de urxencia para altura", é dicir, unha listaxe dun cento de voces, sen máis pretensión que a de servir de axuda para que aqueles lectores que non estean familiarizados coa terminoloxía de a bordo poidan ter claros uns cantos conceptos, tendo en conta o contexto no que se utilizan. Nesa listaxe aparecen, ademais, algúns vocábulos que non son de uso exclusivo nas embarcacións, definicións peculiares de determinados conceptos, expresións comodín na linguaxe mariñeira e ata verbas que nunca se deben pronunciar a bordo, como

cura, paraugas... Trátase, en resume, dun dicionario informal que mestura o serio co irónico para falar claro e rematar axiña.

#### *Outras pescas*

Nas sobremesas, ben sexa nas horas de xantar, ben nas caldeiradas distendidas feitas a base do despece do bacallau, que vai para o chengüi dos tripulantes,ponse sobre a mesa a experiencia de traballo dos tripulantes, que falan sobre a pesca doutras especies. Deste xeito coñecemos, por exemplo, a técnica que utilizan os barcos coreanos para pescar á lura nas Malvinas: barcos aparelhados con potentes fachos e tecnoloxía para traballar con poteiras e aladores-largadores automatizados, que fondon e pescan ininterrompidamente mentres dure a mancha coa que aparece o cefalópodo na sonda. Tamén se explica con detalle o rápido proceso de traballo nos conxeladores que se dedican á pesca da platuxa, que xa é envasada para o mercado no mesmo parque de traballo do barco.

#### *Cabo*

Parabéns para Xabier Paz pola presente obra prosística, que aporta algo máis a esa épica dos homes de mar de Galicia, nestes e noutros mares, da que tanto se ten falado e da que carecía a Literatura Galega. Nos últimos tempos, con traballos como *Terranova*, *Memorias dun mariñeiro*, de Mario Franco, ou os da autoría de Esperanza Piñeiro e Andrés Gomez, entre outros, parece que este ámbito da escrita vai para arriba con pulo considerable.





# PINTORES DO MAR: Ernesto Goday

X. A. Pillado Silvoso

*A creatividade artística non se basea só nunhas cualidades innatas da persoa, senón que tamén precisa dun ambiente, dun entorno no que florece e se potencia. O entorno no que floreceu e que condicionou a pintura de Ernesto Goday foi o mar, as súas cores e formas, as súas xentes, os seus traballos, as súas casas...*

*Ernesto Goday Caamaño (O Grove, 1914 - Madrid, 2001), bisneto do Goday que instalou, no século XIX, a primeira industria de salgazón en Punta Moreiras, e que se criou no mariñeiro barrio de Lordelo, levaba o salitre nas súas veas, pero tamén o xenio artístico dalgúns dos seus devanceiros cataláns. De neno xa amosaba as súas inxedanzas artísticas debuxando películas nunhas tiras de papel, despois pasábaas por unha pantalla aberta nunha caixa e cobráballe aos nenos que asistían a estas sesións un botón.*

*Co seu parente don Paco Otero Goday aprendeu os secretos das técnicas da talla na madeira e da pintura, que despois foi perfeccionando de forma autodidacta. No ano 1948 comeza coas súas estadias en Madrid, onde acode ás clases do Círculo de Belas Artes e da Academia de San Fernando, e viaxa e pinta por Catalunya, Andalucía, Valencia e Estremadura.*

*Pero o mar sempre tira, e a un do Grove máis. Aquí pinta mulleres mariscando, atando redes, mariñeiros traballando, barcos, o peirao, paisaxes marítimas, currunchos dos barrios mariñeiros de Peralto, Lordelo, Rons, A Cruz... Mar e máis mar que, gravado na súa retina e nos seus cadernos de apuntes, sérvelle para seguir plasmando, en plena estepa castelá, as súas vivencias grovenses. Pero non é só o mar do Grove o que aparece nos seus cadros. Cambados, Combarro, Vigo, Cangas, Muros, Noia, Camariñas reciben a súa visita, que queda rexistrada en innumerábeis bocetos, debuxos e cadros.*

*O retrato tamén foi unha das súas facetas máis destacadas. A parte daqueles feitos de encarga por distintas persoas, Ernesto Goday gustaba de facer, por iniciativa propia, retratos de mariñeiros, para os que usaba como modelos a distintos veciños. Manoliño, Josafá, Cocherito, Lura... son personaxes populares do Grove que quedaron inmortalizados nos seus cadros.*



Autorretrato de E. Goday

*Tamén fixo algunhas incursións no mundo da talla, pero case reducidas ao ámbito familiar, no que aínda se conserva unha figura feminina que ía ser o mascarón de proa encargado por un industrial conserveiro para un finalmente non nato iate.*

*A primeira exposición individual que fai no ano 1947 non pode ter mellor marco, a cidade portuguesa de Porto, tan vencellada ás descubertas, ás conquistas ultramarinas, ao comercio e á pesca, e na que, por certo, tamén hai unha freguesía que se chama Lordelo. A esta seguen outras moitas en distintos lugares de Galicia e do resto do Estado e, como non, as súas citas anuais no hotel de A Toxa e na súa casa-estudo de O Grove. É invitado e seleccionado a participar en importantes exposicións colectivas, como as Bienais de Zaragoza, as de Pintores Figurativos en Barcelona e Madrid, o Certame de Artes Plásticas de Pontevedra, as Exposicións Nacionais de Belas Artes, ou os Salóns de Outono, en Madrid, onde acada a terceira, segunda e primeira medallas nos anos 1958, 1960 e 1961, respectivamente.*

*A extensa e prolífica obra de Ernesto Goday atópase hoxe en día espallada por numerosas coleccións particulares de distintos países e en varios museos e institucións. Nos seus cadros seguen vivos o mar do Grove, as súas xentes, os seus traballos e as súas paisaxes, tanto naturais coma urbanas.*













*Mascarón de proa realizado por Ernesto Goday*



## Colectivos que forman a FGCMF

CRAC Coruxo  
Estrada de Camposacos nº 226  
Barrio Tarrío. Coruxo. 36330. Vigo.  
Correo-e: craccoruxo@hotmail.com

Real e Ilustre Cofradía da Dorna de Ribeira  
Rúa 9 de Agosto, 42, 2º.  
15960 Ribeira. A Coruña.

Amigos da Dorna Meca  
Avda. Hermanos Otero Goday, nº 13.  
36980. O Grove. Pontevedra.  
Correo-e: amigosdornameca@wanadoo.es

A. de Embarcacións Tradicionais "O Galos"  
Avda. de Montero Ríos 187  
36930. Bueu. Pontevedra.  
Correo-e: ogalo@globalum.com

Asociación "As Joritas".  
Confraría de Pescadores San Antonio  
Rúa Nova. 36630. Cambados. Pontevedra.

Clube do Mar de Ferrol  
Caleixón do Curro nº1  
15401. Ferrol.  
Correo-e: parrocheira@telefonica.net

Grupo Etnográfico Mascato  
Centro Sociocultural "A Merced"  
Avda. da Coruña s/n. 36630. Cambados. Pontevedra.

Asoc. de Gameleiros Asodiña  
R/ Marqués de Valladares, nº 23, 5º. Oficina 10.  
36201. Vigo.

Asoc. de Marineros Artesanales y Deportivos  
"San Miguel" de Bouzas  
Paseo Marítimo Paz Andrade nº1  
36208. Bouzas. Vigo.  
Correo-e: amad-bouzas@mixmail.com

Asociación SODINÁUTICA  
R/ Marqués de Valladares, nº 23, 5º. Oficina 10.  
36.201. Vigo.  
Correo-e: sodinautica@jet.es

Asociación de Veciños "Bourente"  
R/ Fernández de la Mora, nº 24 A  
36995. Poio. Pontevedra.

Clube Mariño "A Reiboa"  
Catro Camiños. Avda. da Seca, nº 17  
36994. Poio. Pontevedra.  
correo-e: cmreiboa@telefonica.net

R.C.N. de Sanguenjo.  
Porto de Sanxenxo  
26960. Sanxenxo. Pontevedra.  
Correo-e: rcns@telefonica.net

Asociación "A Rabandeira" de Vilanova.  
Apto. Correos 58  
36620. Vilanova de Arousa. Pontevedra.

Amigos da Dorna de Portonovo.  
R/ Ramón Valenczuela, nº 6  
36970. Portonovo. Pontevedra.  
Correo-e: jatinha@navegalia.com

Clube Mariño Salmes  
R/ Pontevedra nº 5, 2º B.  
36630. Cambados. Pontevedra.  
Correo-e: cmsalmes@mixmail.com

Asociación "Barcas do Minho"  
Vilar, 6. Vilela  
27596. Taboada. Lugo.  
Correo-e: correo@barcas.org

Asociación "Canle" de Lira.  
Lira, Carnota. A Coruña.

Asoc. "A Figueirinha". Lanchas do Sil.  
R/ Marcelino Suárez nº 35, 4º esq.  
32300. O Barco de Valdeorras. Ourense.

Asoc. "Mar da Pedra"  
Praza do Progreso nº 2, 2º.  
36940. Cangas. Pontevedra.

Club Marítimo de Redes  
Rúa Nova s/n  
Redes. Ares. A Coruña.  
Correo-e: cmr@camouco.net

Asoc. "Rompetimóns" de Carril.  
Casa da Cultura. Carril.  
36610. Vilagarcía de Arousa. Pontevedra.  
Correo-e: kmilo@mac.com

Asoc. "Barcos do Norte" de Viana do Castelo.  
Rua Bouça Longa, nº 637  
4900-204. Meadela. Portugal.  
correo-e: barcoantigo@hotmail.com

Amigos das Embarcacións Tradicionais da Coruña.  
R/ San Juan, nº 9, baixo.  
15001. A Coruña.

Asociación "Mar de Noia"  
R/ Ramón Alvarez de la Braña, portal 1, 4º A.  
15.200. Noia. A Coruña.

Asociación "Mar de Muros"  
Solleiros. Esteiro.  
Muros, A Coruña.

Asociación "Sueste"  
Ramón Cabanillas, nº 200?36950. Moaña. Pontevedra.  
correo-e: sueste@wanadoo.es

Escola Obradoiro "Mar de Vigo" II  
Estrada do Bao 151. Coruxo.  
36331. Vigo.  
correo-e: mardevigo@telefonica.net

Asociación "Esteirana".  
Artón 10. Esteiro  
15240. A Coruña.  
correo-e: esteiranaremo@esteiranaremo.com

Asociación Cultural Dorna  
Rúa Con do Moucho s/n  
36626 Illa de Arousa (Pontevedra)  
Correo-e: acddorna@wanadoo.es

Asoc. Cult. "Lajareu por barlovento".  
Rúa General Franco, 105-6º A  
15960 Santa Uxía de Ribeira (A Coruña)  
Correo-e: lajareu@gmail.com

Asociación Cultural e de Tradicións Mariñeiras "Gamela" de Cabo de Cruz  
Peirao 219?15939 Cabo de Cruz - Boiro (A Coruña)  
Correo-e: gamela@cabodecruz.org

Asociación Cultural "Gameleiros". Breadouro  
Bar Breadouro. Estrada de Canido nº32?36331. Vigo.  
Correo-e: gameleiros@breadouro.com

Asociación Marítima e Cultural Vilaxoan  
Rúa do muelle 10  
36611 Vilaxoan - (Vilagarcía de Arousa)

Fundación Expomar  
Avda. A. Pardiñas, 137-Entrechán  
27880 Burela (Lugo)  
Correo-e: expomar@expomar.com

Asociación Cultural e Deportiva de Promoción de  
Actividades Xuvenís "A Fasquía"  
Illa de Arousa

Instituto de Estudos Miñoranos  
Apdo. correos 30  
36380 Gondomar (Pontevedra)





# OBITUARIO



*Paco "Bicho" nos encontros de A Illa. Foto: Iñaki Abella*

Paco "Bicho", membro da asociación "Os Galos" de Bueu, pioneiro na recuperación de embarcacións tradicionais e tripulante de todas as singraduras da Federación, marchou a navegar polos mares do Alén. Con nós, para lembralo xuntos, fican

o mar, Marta e a "Martola"

Tamén nos deixou Moncho Lastra, o reputado artista que deseñou a fermosa "serea da dorna" para os encontros de O Grove e navegou co seu "Taanhäuser" en tantas xuntanzas de embarcacións tradicionais.

Finalmente temos que lamentar o recente pasamento de Xaquín Rubio Trigo, Vicepresidente 1º da Asociación Marítima e Cultural de Vilaxoán.

Grazas, amigos, por todo o legado que deixáchedes para a cultura marítima.



*Serea deseñada por Moncho Lastra*





Hidria II. *O Barco da memoria*

